



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 25 de marzo de 2022

ÍNDICE DE ASUNTOS TRATADOS

ASUNTOS

Información e actas

- [1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 2/2022, do 25 de febreiro..... 6](#)
- [2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 19 de febreiro de 2022 ata o 18 de marzo de 2022. 6](#)
- [3. Dación de conta da comunicación dos Grupos políticos coa adscrición dos/as deputados/as ás Comisións Informativas e das modificacións efectuadas. 6](#)

Comisión de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

- [4. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Universidad Internacional Menéndez Pelayo para cofinanciar os Cursos na sede da Coruña no ano 2021 e aprobación do correspondente convenio. 10](#)

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

- [5. Aprobación definitiva do Plan de Sendas Peonis 2021, segunda fase, segunda relación integrado polo proxecto DP 1601 PONTE DO PORTO A CAMELLE.- MELLORA DA SEGURIDADE VIAL PQ 4+200 AO 4+425 CAMARIÑAS 17](#)
- [6. Aprobación definitiva do PLAN DE SENDAS PEONIS 2021, TERCEIRA FASE integrado polo proxecto DP 4803 mellora seguridade viaria senda PQ 7+100 a 10+332 - Pontedeume18](#)
- [7. Aprobación técnica do Plan de Vías Provinciais \(VIPI\) 2022, segunda fase integrado polo proxecto DP 2104 CARRAL A MEIRAMA. MELLORA SEGURIDADE VIAL PQ 2+750 AO 2+900. PONTE SOBRE REGO DO CASTRO CARRAL19](#)

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

- [8. Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o concello de Noia polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de "Pavimentación e mellora da seguridade vial na rúa Coruña" 20](#)
- [9. Aprobación dun Convenio de cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o concello do Pino polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras da Senda Peonil de Lameiro A Vilaboa \(Arca\). ... 30](#)
- [10. Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial](#)

da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de reparación e posta en marcha da EDAR de Corcoesto. Ampliación da rede de abastecemento en Anos..... 39

11. Aprobación dun Convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o concello de Aranga polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de pavimentación de vial na estrada de Gallado ao mirador do Vieiro. 49

12. Aprobación dun Convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o concello de Cee polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras da "Senda Peonil na Ameixenda" 59

13. Aprobación dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Mesía para cofinanciar as obras do novo depósito en Santa María de Cumbras. Rede de abastecemento de Mesía. 68

14. Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carnota polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Mellora da Iluminación na Zona Rural FASE 1..... 77

15. Dación de conta do envío dos convenios formalizados no ano 2021 ao Tribunal de Contas..... 87

16. Dación de conta do envío dos contratos adxudicados no ano 2021 ao Tribunal de Contas 87

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

17. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Renovación da rede de abastecemento e creación da rede saneamento en Foxo-parroquia de Loureda", do Concello de Arteixo, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0412.0... 87

18. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Ampliación da rede de abastecemento en Afós-Eiravedra", do Concello de Vedra, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0766.0 89

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

19. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores a que se refire o Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, modificado polo Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, correspondente ao mes de febreiro de 2022 e da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraintcendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación

<u>Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 28 de febreiro de 2022.</u>	<u>91</u>
<u>20. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 2/2022 de aprobación polo Pleno.</u>	<u>92</u>
<u>21. Dación de conta do Plan Orzamentario a medio prazo 2023-2025.</u>	<u>98</u>
<u>22. Dación de conta do Informe Anual de Auditoría do Rexistro contable de facturas da Deputación da Coruña exercicio 2021.</u>	<u>98</u>
<u>23. Dación de conta da Memoria de Recadación e Xestión Tributaria da Deputación da Coruña do 2021 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.</u>	<u>98</u>
<u>24. Aprobación da aceptación da delegación de competencias na Deputación da Coruña para prestarlle servizos de control financeiro ao Concello de Arzúa.</u>	<u>99</u>
<u>25. Aprobación da modificación da política de seguridade da información da Deputación Provincial da Coruña revisada en marzo de 2022.</u>	<u>99</u>
<u>26. Aprobación inicial da modificación da Relación de postos de traballo, cadro de persoal e organigrama 2022</u>	<u>114</u>
 ACTUACIÓN DE CONTROL:	
MOCIÓNS	
<u>1.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en apoio ao sector pesqueiro</u>	<u>211</u>
<u>2.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica para mudar o nome do Teatro Colón por Teatro María Casares</u>	<u>220</u>
<u>3.Moción do Grupo Provincial Popular de A Coruña, para solicitar a mellora do ferrocarril Ferrol-A Coruña</u>	<u>234</u>
<u>4.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular de A Coruña, para paliar o impacto económico da invasión de Ucraína</u>	<u>244</u>
<u>5.Moción do Grupo Alternativa dos Veciños de solicitude de subvención nominativa para o Concello de Carral</u>	<u>261</u>
<u>ROGOS E PREGUNTAS.....</u>	<u>262</u>

Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 25 de marzo de 2022.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 25 de marzo de 2022, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, Presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Don Valentín Alfonsín Somoza	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Ignacio Codesido Barreiro	PP
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Antonio Deibe Sanmartín	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Don Gumersindo Pedro Galego Feal	PP
Dona Rosa M ^a Gallego Neira	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Don José Javier Pego Sampedro	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don José Luis Pérez Añón	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don José Francisco Santos Regueiro	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP

Excusados/as:

Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Dona Teresa Villaverde Pais	PP

Actúa como secretaria: dona Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:04 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 2/2022, do 25 de febreiro.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 2/2022, do 25 de febreiro.

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 19 de febreiro de 2022 ata o 18 de marzo de 2022.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia desde o 19 de febreiro de 2022 ata o 18 de marzo de 2022.

3.- Dación de conta da comunicación dos Grupos políticos coa adscrición dos/as deputados/as ás Comisións Informativas e das modificacións efectuadas.

A Corporación toma coñecemento da comunicación dos grupos políticos coa adscrición concreta a cada Comisión Informativa dos membros da Corporación en representación de cada grupo, así como das modificacións efectuadas, todo isto en cumprimento do establecido no artigo 96 do Regulamento orgánico desta Deputación provincial.

Con data do 21 de marzo de 2022 a composición das Comisións informativas é a seguinte:

COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO ⁱ	PP	PSdeG-PSOE	BNG	MAREA ATLÁNTICA	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística 17:00 h luns Semana anterior ao Pleno	Presidente: Xosé Xurxo Couto Rodríguez Secretaria: Mercedes Fernández-Albalat	José Carlos Calvelo Martínez Manuel Taboada Vigo José Luis Pérez Añón Valentín Alfonsín Somoza Gumersindo Pedro Galego Feal	M ^a Milagros Castro Sánchez Ana Lamas Villar Bernardo Fernández Piñeiro José Manuel Pequeño Castro	Xosé Xurxo Couto Rodríguez	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane
Deporte e Mocidade 17:30 h luns Semana anterior ao Pleno	Presidenta: Cristina Capelán Cancelo Secretaria: Manuela Muñiz Souto	Roberto Rodríguez Martínez José Francisco Santos Regueiro Antonio Deibe Sanmartín José Javier Pego Sampedro Ignacio Codesido Barreiro	Cristina Capelán Cancelo Sandra González Castro Antonio Leira Piñeiro José Ramón Rioboo Castro	M ^a del Carmen Muíño Filgueira	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane
Benestar Social e Educación 17:00 h martes Semana anterior ao Pleno	Presidenta: Ana Lamas Villar Secretaria: Carolina Buhigas Jack	Roberto Rodríguez Martínez Ignacio Codesido Barreiro José Javier Pego Sampedro María Teresa Villaverde País Gumersindo Pedro Galego Feal	Sandra González Castro Ana Lamas Villar José Manuel Pequeño Castro José Ramón Rioboo Castro	M ^a del Carmen Muíño Filgueira	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane

COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO	PP	PSdeG-PSOE	BNG	MAREA ATLÁNTICA	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
Promoción Económica e Asistencia a Municipios 17:30 h martes Semana anterior ao Pleno	Presidente: José Blas García Piñeiro Secretario: Rafael Díaz-Aguado Jalón	José Carlos Calvelo Martínez Manuel Taboada Vigo José Luis Pérez Añón Antonio Deibe Sanmartín Valentín Alfonsín Somoza	Cristina Capelán Cancelo M ^a Milagros Castro Sánchez José Blas García Piñeiro José Manuel Lage Tuñas	Xosé Luis Penas Corral	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane
Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais 17:00 h mércores Semana anterior ao Pleno	Presidente: José Manuel Pequeño Castro Secretario: Luis Jaime Rodríguez Fernández	Manuel Taboada Vigo José Francisco Santos Regueiro Ignacio Codesido Barreiro José Javier Pego Sampedro María Teresa Villaverde País	M ^a Milagros Castro Sánchez Ana Lamas Villar José Manuel Pequeño Castro José Ramón Rioboo Castro	Xosé Xurxo Couto Rodríguez	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane
Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento 17:30 h mércores Semana anterior ao Pleno	Presidente: Xosé Luis Penas Corral Secretario: Luis Jaime Rodríguez Fernández	José Carlos Calvelo Martínez Antonio Deibe Sanmartín Valentín Alfonsín Somoza José Luis Pérez Añón Gumersindo Pedro Galego Feal	Cristina Capelán Cancelo Sandra González Castro José Manuel Lage Tuñas Antonio Leira Piñeiro	Xosé Luis Penas Corral	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane
Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural 17:00 h xoves Semana anterior ao Pleno	Presidente: Xosé Regueira Varela Secretaria: Susana Rouco Penabad	José Carlos Calvelo Martínez Manuel Taboada Vigo Valentín Alfonsín Somoza Antonio Deibe Sanmartín María Teresa Villaverde País	Cristina Capelán Cancelo M ^a Milagros Castro Sánchez José Blas García Piñeiro José Manuel Pequeño Castro	Xosé Regueira Varela	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane

COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO ⁱ	PP	PSdeG-PSOE	BNG	MAREA ATLÁNTICA	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior 17:30 h xoves Semana anterior ao Pleno	Presidente: Antonio Leira Piñeiro Secretaria: M ^a José Vázquez Sesmonde	Roberto Rodríguez Martínez José Luis Pérez Añón José Francisco Santos Regueiro Ignacio Codesido Barreiro Gumersindo Pedro Galego Feal	Bernardo Fernández Piñeiro Sandra González Castro José Manuel Lage Tuñas Antonio Leira Piñeiro	Xosé Luis Penas Corral	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane
Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible 17:00 h venres Semana anterior ao Pleno	Presidente: José Ramón Rioboo Castro Secretario: Manuel Vázquez Sesmonde	Roberto Rodríguez Martínez José Javier Pego Sampedro José Francisco Santos Regueiro María Teresa Villaverde País Germán Castrillón Permuy	Bernardo Fernández Piñeiro José Blas García Piñeiro Ana Lamas Villar José Ramón Rioboo Castro	Xosé Xurxo Couto Rodríguez	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane

ⁱ RP 2019/24934 e RP 2019/25605 , nomeamento presidentes e secretarios Comisións Informativas

4.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Universidad Internacional Menéndez Pelayo para cofinanciar os Cursos na sede da Coruña no ano 2021 e aprobación do correspondente convenio.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa, por importe de **40.000,00 €** á Universidad Internacional Menéndez Pelayo (NIF Q2818022B) para cofinanciar os *Cursos na sede da Coruña no ano 2021*, cun orzamento subvencionado de 54.300,00 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 11 de febreiro de 2022.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Condicionar a aprobación do expediente á entrada en vigor do EMC 1/2022 no que se inclúe a subvención por importe de 40.000 € como crédito extraordinario.

“Convenio de cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Universidad Internacional Menéndez Pelayo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar os Cursos na sede da Coruña no ano 2021.

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a, en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Dona María Luz Morán Calvo-Sotelo, en nome e representación da Universidad Internacional Menéndez Pelayo (entidade con NIF Q2818022B e domicilio social en rúa Isaac Peral, 23, 28040 Madrid) na súa calidade de Reitora Magnífica, que actúa

facultada polo seu nomeamento realizado por Real Decreto 1457/2018, do 14 de decembro (BOE do 15 de decembro) e facendo uso das atribucións que ten conferidas no artigo 12 do Estatuto da Universidad, aprobado por Real Decreto 331/2002, do 5 de abril (BOE do 12 de abril).

EXPOÑEN

Que, segundo o disposto no convenio de cooperación subscrito o 10 de xullo de 1982, a Deputación da Coruña vén colaborando económica e institucionalmente coas actividades docentes e culturais que a Universidad Internacional Menéndez Pelayo desenvolve cada ano na Coruña.

Que, como parte da súa política de fomento en materia de educación e, de acordo con o disposto no art. 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, o Pleno da Deputación, aprobou incluír no EMC 6/2018 unha subvención nominativa para o financiamento dos Cursos na sede da Coruña no ano 2018.

Para tal efecto e dado o interese coincidente de ambas as partes, a Deputación provincial da Coruña e a Universidad Internacional Menéndez Pelayo acordan subscribir o presente convenio de cooperación de acordo con as seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases do outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a favor da Universidad Internacional Menéndez Pelayo (NIF: Q2818022B), fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento parcial dos Cursos na sede da Coruña no ano 2021, de acordo con o seguinte programa:

Taller. Santa María. música en tiempos de Alfonso X El Sabio

Director: Carlos Magraner

A Coruña, del 30 de agosto al 3 de septiembre

Curso presencial

Retos demográficos y políticas públicas para la España despoblada

Dirección: Juan Jesús González y Francisco Ramos

A Coruña, Bergondo (Pazo de Mariñán), del 16 al 18 de septiembre

Curso presencial y Online

Ciclo de conferencias. El cine de autor

Varios conferenciantes

A Coruña, del 13-17 de octubre

Curso presencial

II Foro de economía prospectiva de Galicia

Director: Fernando González Laxe

A Coruña, 21 y 22 octubre 2021

Curso presencial

La economía de proximidad: la clave del desarrollo regional

Marcelino F. Mallo

A Coruña, 8 y 9 noviembre 2021

Curso presencial

Envejecer con sentido: perspectiva ética

Varios conferenciantes

A Coruña, 22 de noviembre

Curso presencial

II.- Orzamento da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

As actividades realizaranse de acordo con o seguinte orzamento:

Gastos directos

Honorarios profesores	21.200.-
Viaxes, aloxamento e manutención de profesores	16.000.-
Alquiler de espacios para la celebración de los cursos	700.-
Medios técnicos (gravación e/ou traducción simultánea)	1.500.-
Publicidade, difusión e seguridade	5.500.-
Reprografía e material	2.100.-
<i>Total gastos directos</i>	<i>47.000.-</i>

Gastos indirectos

Limpeza / desinfección locais / xel hidroalcohólico	1.600.-
Gastos de persoal	5.700.-
<i>Total gastos indirectos</i>	<i>7.300.-</i>

Total gastos 54.300 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Diputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como defínese na cláusula primeira, cunha achega máxima de **40.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 73,66 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non conseguise o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 73,66 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, si a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa cobranza.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación

orxamentaria 0612/3269/42111, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Universidad Internacional Menéndez Pelayo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Universidad Internacional Menéndez Pelayo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Universidad Internacional Menéndez Pelayo, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións.

2.- Si o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá solicitar polo menos tres presupostos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento deste deber da Universidad Internacional Menéndez Pelayo.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), cando se trate de actividades xa rematadas, a Deputación poderá establecer medidas alternativas, sempre que éstas permitan dar a difusión da financiación pública recibida co mesmo alcance das inicialmente acordadas.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Universidad Internacional Menéndez Pelayo unha vez que se presente de maneira telemática (a través da plataforma

subtel) a seguinte documentación:

- * Memoria de actuación, subscrita pola representante legal da Universidad Internacional Menéndez Pelayo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- * Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Os gastos referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2021.

- * Certificación da aprobación da relación de gastos e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

- * Acreditación do cumprimento dos deberes tributarios e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

- * Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- * Declaración de si a entidade está ou non exenta de IVE.

- * Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

- * Acreditación do cumprimento das obrigacións asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar finalizadas o 31 de decembro de 2021.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2022**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se recibiu xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidad Internacional Menéndez Pelayo para que o presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidad Internacional Menéndez Pelayo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidad Internacional Menéndez Pelayo na documentación achegada; e se transcurriran máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo terá dereito ao aboamento dos intereses de demora, ao tipo de interese legal, que se perciban desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

VIII.- Acreditación do cumprimento dos deberes tributarios e coa Seguridade Social.

1.- A Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento dos deberes tributarios coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento dos deberes tributarios coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Universidad Internacional Menéndez Pelayo destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cartón de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderase realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais poidan impor, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobranzas e pagos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas os demais deberes formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2.- Simultaneamente, de acordo con o previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do

Consello de Contas de Galicia, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obrigação de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos intereses de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, este incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeneral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidad Internacional Menéndez Pelayo serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista neste precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, a concesión da subvención á Universidad Internacional Menéndez Pelayo será publicada no Boletín oficial da provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2022** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas desde o 1 de xaneiro de 2021.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2022 autorice o correspondiente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Universidad Internacional Menéndez Pelayo, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeneral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da esta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---.

E en proba de conformidade asinan por cuaduplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

5.- Aprobación definitiva do Plan de Sendas Peonis 2021, segunda fase, segunda relación integrado polo proxecto DP 1601 PONTE DO PORTO A CAMELLE.- MELLORA DA SEGURIDADE VIAL PQ 4+200 AO 4+425 CAMARIÑAS

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a SEGUNDA RELACION DO PLAN DE SENDAS PEONIS 2021 SEGUNDA FASE cun orzamento total de 175.122,54.- euros, con cargo á aplicación 0410/4535/60900, integrada polo proxecto que se detalla:

<i>CODIGO</i>	<i>DENOMINACIÓN</i>	<i>CONCELLO</i>	<i>PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4535/60900</i>
2021.1170.0003.0	DP 1601 PONTE DO PORTO A CAMELLE.- MELLORA DA SEGURIDADE VIAL PQ 4+200 AO 4+425	CAMARIÑAS	175.122,54

2.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

6.- Aprobación definitiva do PLAN DE SENDAS PEONIS 2021, TERCEIRA FASE integrado polo proxecto DP 4803 mellora seguridade viaria senda PQ 7+100 a 10+332 - Pontedeume

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar definitivamente o PLAN DE SENDAS PEONIS 2021 TERCEIRA FASE cun orzamento total de 1.148.009,07.- euros, con cargo á aplicación

0410/4535/60900, integrada polo proxecto que se detalla:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4535/60900
2021.1170.0004.0	DP 4803 MELLORA SEG.VIARIA SENDA PQ 7+100 A 10+332	PONTEDEUME	1.148.009,07

2.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

7.- Aprobación técnica do Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2022, segunda fase integrado polo proxecto DP 2104 CARRAL A MEIRAMA. MELLORA SEGURIDADE VIAL PQ 2+750 AO 2+900. PONTE SOBRE REGO DO CASTRO CARRAL

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar técnicamente o PLAN DE INVESTIMENTO EN **VIAS** PROVINCIAIS 2022 **SEGUNDA** FASE cun orzamento total de 440.094,12.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 integrado polo proxecto que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROPIACION
2022.1110.0003.0	DP 2104 CARRAL A MEIRAMA. MELLORA SEGURIDADE VIAL PQ 2+750 AO 2+900. PONTE SOBRE REGO DO CASTRO	CARRAL	440.094,12 €	35.841,00 €

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución da seguinte obra:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROPIACION
2022.1110.0003.0	DP 2104 CARRAL A MEIRAMA. MELLORA SEGURIDADE VIAL PQ 2+750 AO 2+900. PONTE SOBRE REGO DO CASTRO	CARRAL	440.094,12 €	35.841,00 €

3.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

8.- Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o concello de Noia polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de "Pavimentación e mellora da seguridade vial na rúa Coruña"

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Levantar o reparo formulado pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Noia**, para o cofinanciamento das obras de **"Pavimentación e mellora da seguridade vial na rúa Coruña"** e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder a súa aprobación e formalización, polas razóns que figuran no expediente e en particular, de conformidade co escrito do deputado e presidente da Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excmá. Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Noia** para cofinanciar as obras de **"Pavimentación e mellora da seguridade vial na rúa Coruña"** cunha achega provincial de **67.621,64 euros** con cargo a la aplicación orzamentaria 0112/1532/76201, o que representa un coeficiente de financiamento do **80,00 %** respecto dun orzamento de 84.527,05 euros.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE NOIA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA RÚA CORUÑA

Na Coruña, a __ de _____ de 2022

Ante mín, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, o representante da Excmá. Deputación Provincial da Coruña,
E doutra parte o representante do **Concello de Noia**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de Noia considera de primeira necesidade a execución das obras, ao entender que :

“...A Rúa Coruña é un viario interior no casco de Noia que ten unha elevada circulación por unir as estradas AC-550 e a AC-311 sendo a circulación natural entre os mesmos.

Ademais, o viario atópase nun elevado estado de deterioro con afundimentos e irregularidades no firme que fan que a circulación sexa incómoda polo mesmo.

As liñas relativas á seguridade viaria horizontal están practicamente borradas o que pode causar confusión nos condutores no relativo á circulación e o aparcamento.

Esta circunstancia agrávase debido á actividade comercial da zona que esixe unha regulación do tráfico (seguridade de peóns e vehículos) e dos aparcamentos.

Hai dous pasos de peóns que, debido á súa localización, ofrecen certo risco ás persoas maiores por non ser ben vistas polos condutores. Neste caso recolócanse de forma que poidan ser vistos sen ningún perigo.

Noutros 3 lugares de paso axústanse os pasos de peóns a fin de mellorar a accesibilidade das persoas dependentes.

....

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese por parte do Concello realizar as obras de Pavimentación e mellora da seguridade vial na rúa Coruña, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

Dado que nas estradas AC-550 e a AC-311 espérase un aumento de tránsito no futuro, o viario a reparar melloraría a circulación interior no centro urbano aliviando ramais adxacentes.

O cubrir dita necesidade é unha obriga do concello de Noia e a súa realización é necesaria para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais.

A obra ten un notorio interese público, social e mesmo económico, xa que vai facilitar o tránsito dos veciños con aforro de tempo e cunha gran mellora de seguridade na súa utilización polos veciños

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Noia** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Noia** con CIF **P1505800A**, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das **“obras de Pavimentación e mellora da seguridade vial na rúa Coruña”**, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por Juan Carlos Carballeira Rifón. Enxeñeiro de camiños, canais e portos **en Marzo de 2021**

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	58.703,42	euros
Gastos xerais 13,00%	7.631,44	euros
Beneficio Industrial 6,00 %	3.522,21	euros
IVE (21%)	14.669,98	euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	84.527,05	euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **67.621,64** euros o que representa unha porcentaxe de **80,00 %**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consinou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00%** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto,

entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1532/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais.

Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	209.267,35 euros
Gastos xerais 13,00%	27.204,76 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	12.556,04 euros
IVE (21%)	52.295,91 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	301.324,06 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **48.211,85** euros o que representa unha porcentaxe de **16 %**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **16%** da

cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1651/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo

polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54º das de execución do Orzamento para o ano 2022, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe

ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.

- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3.A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a

existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

15.- Dación de conta do envío dos convenios formalizados no ano 2021 ao Tribunal de Contas

Dáse conta do envío dos convenios formalizados no ano 2021 ao Tribunal de Contas

16.- Dación de conta do envío dos contratos adxudicados no ano 2021 ao Tribunal de Contas

Dáse conta do envío dos contratos adxudicados no ano 2021 ao Tribunal de Contas

17.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Renovación da rede de abastecemento e creación da rede saneamento en Foxo-parroquia de Loureda", do Concello de Arteixo, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0412.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Renovación da rede de abastecemento e creación da rede saneamento en Foxo-parroquia de Loureda", do Concello de Arteixo, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0412.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación de data 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 e o seu Plan Complementario

Logo de ver as Resolucións de presidencia nº 32577 do 27/09/2019 (modificada por Resolución nº 37340 de data 23/10/2019) en relación coa Resolución nº 36014 do 17/10/2019 (modificada por Resolución nº 37339 de data 23/10/2019), polas que se aprobou definitivamente a 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, no que se inclúe o investimento do Concello de Arteixo “Renovación da rede de abastecemento e creación da rede saneamento en Foxo-parroquia de Loureda” co código 2019.2001.0412.0

Logo de ver que o Concello de Arteixo, o día 24 de setembro de 2020, adxudicoulle a obra á empresa CANARGA S.L. por un importe de 120.800,00 €.

Logo de aprobar o Concello de Arteixo un proxecto técnico modificado deste investimento, cun incremento do orzamento de contrata respecto do proxecto técnico inicial incluído no Plan, que é asumido integramente polo concello, co obxecto de incluír unha partida non recollida inicialmente no proxecto orixinal por causas imprevisibles que obrigaron a facer os axustes necesarios para posibilitar a súa execución, que conta cun informe de supervisión favorable do Servizo de Asistencia Técnica a municipios desta deputación, así como cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 28 de setembro de 2018 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 2 de outubro de 2018 e que lle son aplicables ao POS+ Adicional 1/2019

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Renovación da rede de abastecemento e creación da rede saneamento en Foxo-parroquia de Loureda”, do Concello de Arteixo, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019, co código 2019.2001.0412.0, que foi aprobado polo concello mediante Resolución de alcaldía de data 11/02/2022, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, coa conformidade da empresa adxudicataria, e que presenta un incremento no seu orzamento que é asumido integramente polo Concello de Arteixo, tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto modificado Renovación da rede de abastecemento e creación da rede saneamento en Foxo-parroquia de Loureda 2019.2001.0412.0				
Axentes financeiros	Orzamento de contrata Proxecto Inicial	Orzamento de adxudicación Proxecto Inicial	Orzamento de contrata Proxecto Modificado	Orzamento de adxudicación Proxecto Modificado
Deputación	148.298,82	120.800,00	148.298,82	120.800,00

Concello	0,00	0,00	58.327,35	47.511,80
Total	148.298,82	120.800,00	206.626,17	168.311,80

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/1606/76201 do vixente orzamento provincial. O Concello de Arteixo asume integramente o incremento do financiamento que experimenta o proxecto con motivo da súa modificación, segundo consta no documento contable de Retención de crédito (RC) remitido polo concello xustificativo de que existe crédito dispoñible para o seu financiamento no orzamento do concello 2022.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Arteixo para os efectos oportunos."

18.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Ampliación da rede de abastecemento en Afós-Eiravedra", do Concello de Vedra, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0766.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Ampliación da rede de abastecemento en Afós-Eiravedra", do Concello de Vedra, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0766.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 26 de abril de 2019, que en relación coa Resolución da Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 e o seu Plan complementario.

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación, na sesión ordinaria realizada o 20 de decembro do 2019, que aprobou a segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 1/2019 por maior achega provincial no que se inclúe, entre outros, este investimento do Concello de Vedra cos seguintes datos:

			Financiamento		
Concello	Código	Denominación	Deputación	Concello	Orzamento Total
Vedra	2019.2001.0766.0	Ampliación da rede de abastecemento en Afós-Eiravedra	44.419,67	15.300	59.719,67

Tendo en conta que a aprobación definitiva deste investimento condicionouse á obtención da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia (en adiante DXPC) e da entidade pública empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (en adiante ADIF) e que unha vez obtidas as ditas autorizacións polo Concello de Vedra, mediante a Resolución de Presidencia número 12762, do 31 de marzo de 2021, declaráronse cumpridas estas condicións e aprobouse definitivamente este investimento

Tendo en conta que a contratación deste investimento correspóndelle ao Concello de Vedra e que no día de hoxe está aínda sen adxudicar

Logo de presentar o Concello de Vedra un proxecto modificado deste investimento, sen variación do seu orzamento total, asinado dixitalmente o 24 de maio de 2021 pola arquitecta técnica municipal que xa redactara o proxecto inicial, que foi aprobado polo Concello de Vedra coa finalidade de modificar o trazado inicialmente proxectado, dado que un tramo do proxecto inicial xa fora executado para darlle servizo a algunha vivenda e tendo que realizarse esta modificación decidiuse incorporar unha nova zona que carece de abastecemento

Logo de ver o informe da arquitecta técnica municipal, no que indica que o proxecto modificado precisa de novas autorizacións da DXPC por afectar ao ben catalogado A - 11, Vía da Prata e de ADIF por afectar á liña ferroviaria Zamora-A Coruña, dado que se modifica o trazado previsto no proxecto inicial

Logo de ver a Resolución da DXPC, asinada dixitalmente o 29 de xuño de 2021, pola que se autorizan as obras contidas neste proxecto modificado cunha serie de condicións e a Resolución de ADIF, asinada dixitalmente o 10 de febreiro de 2022 polo Director Xeral de Conservación e Mantemento, pola que se outorga unha prórroga dun ano para o inicio dos traballos que xa foran autorizados polo dito organismo na Resolución número 19.499 do 8 de febreiro de 2021

Tendo en conta que, segundo indica a arquitecta técnica municipal no seu informe do 14 de febreiro de 2022, os condicionantes impostos polas ditas Resolucións son compatibles coa execución da obra segundo o proxecto modificado

Logo de constar no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 25 de maio de 2021 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación con respecto deste proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2019, aprobadas mediante acordo

plenario provincial adoptado na sesión realizada o 28 de setembro de 2018 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 188, do 2 de outubro de 2018 e que lle son aplicables aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 1/2019

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña
ACORDA:

1.- Aprobado o proxecto modificado do investimento denominado "Ampliación da rede de abastecemento en Afós-Eiravedra", do Concello de Vedra, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0766.0, sen variación do seu orzamento total de contrata, que está sen adxudicar e que se aprobou polo concello coa finalidade de modificar o trazado inicialmente proxectado, dado que un tramo do proxecto inicial xa fora executado para darlle servizo a algunha vivenda e tendo que realizarse esta modificación decidiuse incorporar unha nova zona que carece de abastecemento, sendo os seus datos os que se indican na seguinte táboa:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Vedra	2019.2001.0766.0	Ampliación da rede de abastecemento en Afós-Eiravedra	44.419,67	15.300	59.719,67

2.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0430/1615/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Vedra para os efectos oportunos."

19.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores a que se refire o Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, modificado polo Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, correspondente ao mes de febreiro de 2022 e da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraintendidos e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 28 de febreiro de 2022.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña, e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial contra Incendios e Salvamento e a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña) do mes de febreiro de 2022.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, e os seus entes dependentes (Consortio Provincial contra Incendios e Salvamento e a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña) no mes de febreiro de 2022.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos dous anteriores apartados, para xeral coñecemento."

20.- Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 2/2022 de aprobación polo Pleno.

INTERVENCÍONS

Sr. Ben Otero

Buenos días, presidente, compañeras y compañeros de Corporación.

Bueno, respecto a este punto, nosotros vamos a votar que sí, obviamente. Lo que sí queremos dejar claro respecto a la enmienda que se hizo en el modificado de crédito, los 5 millones que se van a aportar para ayudas a transportistas y sectores afectados, ganaderos y pescadores, con lo cual nosotros coincidimos plenamente y ahí siempre nos tendrá de su lado, lo que sí nos llama la atención es que, y creo que sería bueno que se ponga en valor, que esta es una ayuda de institución, evidentemente capitaneada por el presidente, que es usted, pero es una aportación que hacen el conjunto de los ayuntamientos de la provincia para ayudar a los sectores afectados. Porque, sí es verdad que en matemáticas el orden de los factores no altera el producto, pero en política muchas veces sí. Y quizás la reunión del viernes pasado fue una reunión precipitada y digo por qué: si bien usted como presidente se puede reunir con quien quiera y cuando quiera, es obvio, lo que no es tan lógico es que se anuncie una medida y unas ayudas de 10 millones de euros sin tener el crédito suficiente para hacerlo, por lo menos habilitado ese crédito, de tal forma que esta ayuda anunciada que hemos visto en la prensa de 10 millones a día de hoy son 5 millones tan solo, tan solo, es una cantidad importante, falta por saber de dónde se van a quitar los otros 5 millones de euros para cumplir con las medidas adoptadas.

Segundo, no sabemos cómo van a ser estas ayudas, vamos a votar que si en un acto de fe, sin saber cómo van a ser estas ayudas, si van a ser ayudas lineales, lo cual muchas veces es injusto porque, igual que el esfuerzo fiscal ha de ser progresivo, quizás las ayudas tendrían que ser progresivas también. A lo mejor habría que habilitar ayudas para pagar las cotizaciones sociales, o habría que ver qué tipo de ayudas, cómo se justifican, a quién se dirigen, cómo, y no sabemos nada de esto. Vamos a hacer un acto de fe porque creemos firmemente que tenemos que apoyar y ayudar a los sectores afectados, pero le pido en adelante, anunciándole que este grupo siempre va a estar del lado de aquellos que lo necesitan, no tenga ninguna

duda, como hemos demostrado a lo largo del tiempo, que en adelante, por favor, que nos escuche y que podamos aportar y de hecho aportaremos a este tema.

Nada más y muchas gracias.

Sr. Lema Suárez

Grazas, presidente.

Nós imos votar a favor. Estamos tamén de acordo con que o Goberno da Deputación tome medidas urxentes para intentar paliar a crise preocupante no sector do transporte e non temos ningunha dúbida, tanto nas formas como tamén na intencionalidade, que nos parece boa e coa que estamos de acordo, aínda que cómpre sinalar que hoxe mesmo se sinalaba que o Goberno central, o Ministerio de Transportes, chegaba a un acordo coas principais entidades que representa o sector do transporte para chegar a compensar, dalgún xeito, as perdas que están a padecer pola alza dos prezos, que se dicía e falábase que podía chegar ata 1.250 millóns nunha segunda quenda, 500 millóns na primeira. Iso é o que se anunciaba hoxe mesmo, ese acordo que desde logo tamén me parece unha boa noticia.

Nós estamos a favor de que o Goberno interveña, o que non nos gusta é que se detraian estes fondos do Plan único para concellos, porque eu creo que a ninguén se lle escapa, e ao presidente mellor que a ninguén, que é moi relevante para eles a achega provincial que basicamente é a que vai ter como finalidade investimento e obras, na maioría dos concellos. Entón, efectivamente, eses 5 millóns que se detraen dunha contía grande a cada un dos concellos non supón unha gran perda, pero para nós, insistimos, pode haber outros lugares de onde se poidan detraer estes fondos que non sexan daqueles que van destinados aos concellos, que desde o noso punto de vista é a finalidade primeira desta Deputación, a de prestar servizos técnicos e tamén financeiros aos concellos da provincia.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Regueira Varela

Antes de nada, moi bo día.

Agradecer o apoio ao expediente por parte dos grupos que manifestaron xa o seu apoio. E a min, nun momento onde o habitual é ler e enfrontarnos a malas noticias, paréceme que hoxe temos dúas boas noticias que celebrar neste Pleno: primeiro que, aínda retraendo 5 millóns de euros, o Plan único da Deputación, no histórico pasa a ser un dos plans mellor dotados da historia do plan, polo tanto, é unha boa noticia para os concellos. A min gustárame tamén facer un pouco unha reflexión ao respecto. Eu coincido plenamente co que acaba de dicir o Partido Popular, é un esforzo colectivo dos concellos, non só da Deputación, dos concellos. Todo o que se fai nesta Administración pública ten un marcado nesgo municipal. Traballamos exclusivamente case para os concellos da provincia. Polo tanto, todos os esforzos que fai esta Administración fainos a favor e contando cos concellos. Polo tanto, efectivamente, é un esforzo colectivo, pero retraendo eses 5 millóns de euros tamén demostramos unha cousa: que sabemos facer unha lectura responsable da realidade, e eu creo que nos momentos onde fai falta que as administracións públicas

reaccionen responsablemente, pois unha administración como a provincial está demostrando que tamén é capaz de, dalgunha maneira, modificar a súa planificación para atender necesidades que nestes momentos son moi importantes para diferentes sectores que tamén son moi importantísimos no PIB da provincia.

Polo tanto, reitero, o agradecemento ao voto favorable ao expediente e simplemente unha última reflexión en relación co plan. Nestes momentos, de 166 millóns de euros de obras planificadas no plan dende o ano 19, 20 e 21, en execución ou adxudicados hai en torno a 83 millóns, practicamente o 50% do total destes últimos tres anos. Polo tanto, temos unha marxe aínda de execución de obra altísima na provincia e tamén teñen moitos deberes os concellos aínda por facer no que lles correspondeu a través do Plan único nestes anos, pero que, aínda reducindo eses cinco millóns e consignando esta maior achega en 42 millóns de euros, estamos moi por riba da biblioteca de proxectos municipais que presentamos os concellos da provincia para a execución a través dos fondos do Plan único para este ano 2022. Polo tanto, aínda así, superamos moito a expectativa inicial dos concellos. Polo tanto, consideramos que neste caso, aínda que se detraen 5 millóns, estamos moi por riba das expectativas e do nivel de execución que, por desgraza, agora mesmo temos capacidade de facer en relación coas obras que están planificadas na provincia da Coruña.

Nada máis e moitas grazas pola atención.

Sr. Leira Piñeiro

Si, bo día a todos e a todas.

Eu, o mesmo que dicía o Sr. Regueira, congratúlome dese apoio con eses matices. Creo que neste momento estamos á altura das circunstancias, e unhas circunstancias que ademais van a unha velocidade moito máis alá da que poderíamos prever. Polo tanto, eses 5 millóns de euros, que é onde está centrado o debate deste expediente, parece ser, cando temos que ter en conta que é un expediente de 61 millóns de euros nos que van máis cuestións, pero en calquera caso creo que eses 5 millóns de euros que se dotan inicialmente, creo que todos estamos de acordo en que van ben dirixidos, van dirixidos e hai un compromiso por parte da Corporación para ese apuntamento que facía neste caso o Sr. Ben, para matizar como vai ser tamén ese tipo de axudas.

Polo tanto, o compromiso está aí por parte da Deputación. Creo que a altura da Deputación neste momento está máis que contrastada, e no que é a cantidade total destes 61 millóns de euros, que neste caso destinamos a este MC, tamén está contrastado no sentido de que vai a todos os servizos que neste momento requiren contías económicas; e estoume referindo neste caso á contía importante que vai de máis de 8,5 millóns de euros a obras, unha cuestión que xa nos orzamentos nos comprometemos a incrementar ao longo do ano e aí está o compromiso; como tamén estamos falando dos compromisos que temos cos concellos da provincia que tamén vai outra contía importante; e ao mesmo tempo tamén podemos estar falando dos distintos servizos que, repito unha vez máis, tamén nos orzamentos nos comprometemos a ir aumentando, como son os servizos de Cultura, Turismo e Servizos Sociais. Polo tanto, creo que debemos estar todos satisfeitos de que unha cantidade importante de máis de 61 millóns de euros vaia a este expediente.

Pero remato dicindo e mostrando o agradecemento a ese apoio por parte dos grupos.

Moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Solo un matiz, Sr. Leira. Hacemos mención a estos cinco millones de euros por un motivo. Es decir, respecto al expediente inicial en Comisión se aprobó por unanimidad. No hubiéramos ni intervenido porque entiendo, e intervenimos referido a este tema puntualmente porque hay una enmienda hoy a este punto, que yo creo que es lo que debe suscitar un debate y hacer un comentario. No hay, digamos, lo demás, poner en valor que la capacidad que esta institución tiene no cabe ninguna duda y yo... Pero quiero decir que, si se hace y nos dirigimos exclusivamente a este tema, es porque es lo que hay el cambio respecto a lo que había programado en este Pleno con la enmienda que ayer se nos hace llegar a los grupos.

Nada más.

Sr. Leira Piñeiro

Por tanto, eu o que pido é que se nun principio haberá que votar a emenda, entendo eu, haberá que votar esta emenda, polo tanto con esta variación destes 5 millóns de euros destinados a este proxecto. Entón quedaría do xeito de que serían 5 millóns de euros destinados a este plan, a esta actuación, co cal o Plan único quedaría nos 42 millóns de euros unha vez restados os 5 millóns de aprobación que se fixo na Comisión e o resto do expediente quedaría nese total de 61 millóns de euros coas distintas partidas que se aprobaron tamén na Comisión. Esa é a emenda que propoñemos para aprobar e despois aprobar o expediente deseguido.

Sr. Presidente

De todas as maneiras, Sr. Lema, para a túa tranquilidade, hoxe igualamos o POS do 2021 e a nosa intención é que, se non se torce nada neste mundo tan fluído, onde as novas son cada vez peores e pisan as anteriores, que xa eran dramáticas, a nosa intención é chegar aos 100 millóns de euros no último modificativo de crédito do ano, co cal nese sentido podes quedar tranquilo.

Votamos primeiro a emenda.

Vótase a emenda:

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Seguidamente, vótase o ditame coa emenda incorporada:

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 2/2022 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 61.236.387,50 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A. NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1)Aumentos (necesidade de financiamento) A.2) Baixas (fontes de financiamento)

CE:Crédito extraordinarios	6.415.341,31 €	Remanente de Tesourería	61.136.387,50 €
SC: Suplementos de crédito	54.821.046,19 €	Baixas por anulación	100.000,00 €
Total aumentos	61.236.387,50 €	Total financiamento	61.236.387,50 €

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1 Gastos de persoal	46.755,60	0,00
2 Gastos correntes	1.110.000,00	0,00
3 Gastos financeiros	0,00	0,00
4 Trans. Correntes	6.936.341,63	100.000,00
5 Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00
6 Investimentos reais	8.965.480,21	0,00
7 Trans. de capital	44.177.810,06	0,00
8 Activos financeiros	0,00	0,00
9 Pasivos financeiros	0,00	0,00

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas
1 Impostos directos	0,00
2 Impostos indirectos	0,00
3 Taxas e outros ingresos	0,00
4 Transferencias correntes	0,00
5 Ingresos patrimoniais	0,00
6 Alleamento investimentos reais	0,00
7 Transferencias de capital	0,00
8 Act. Finan. (Reman. Tesourería)	61.136.387,50
9 Pasivos financeiros	0,00

TOTAL:	61.236.387,50 €	100.000,00 €	TOTAL:	61.136.387,50 €
---------------	------------------------	---------------------	---------------	------------------------

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularsen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitírase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

4- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

5.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2022 exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio en febreiro de 2017, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización do remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

Ademais, a estes efectos hai que ter en conta o acordo adoptado polo Congreso dos Deputados do 22 de setembro de 2021 sobre a suspensión da aplicación das regras fiscais no exercicio 2022 como consecuencia da situación excepcional de pandemia formalmente declarada.

6.- No que atinxe á dotación económica prevista neste expediente de modificación de créditos para subvencións de concesión directa, que non xera ningún dereito cara ós potenciais beneficiarios, resaltar que a xustificación da presenza de causas excepcionais e de interese público resulta extemporánea neste intre, segundo mostra a práctica habitual desta institución nas últimas décadas; deixando tamén constancia

de que en ningún caso se dará tramite a expediente algún que incumpra as prescricións legais, recordando neste senso ás unidades xestoras, e ós órganos de ditame e resolutorios do procedemento, que en ningún caso se asignará recurso algún a través de convenio administrativo que non incorpore a debida xustificación da excepcionalidade, interese público, que non permitan a aplicación dos principios de concorrencia, igualdade e non discriminación, tal e como informa a Intervención Xeral, que reitera a necesidade de facelo na tramitación administrativa posterior do expediente, e, en todo caso, previamente á firma do convenio de achega provincial á obra ou á actividade de que se trate.

A maior abundamento, é de salientar a posibilidade de asignación de fondos provinciais con carácter excepcional, tal e como sinala o Informe de Asesoría Xurídica desta institución (nº 45/2018, sobre "Cuestións relativas ó procedemento de concesión de subvencións nominativas", de 23 de marzo), cando se xustifique no expediente administrativo a tramitar; debendo resaltar neste senso a asignación a todos e cada un dos Concellos da provincia do maior Plan de Obras e Servizos de todo o estado, que esta Corporación Provincial pasou, dunha asignación de 25 millóns de euros, a unha asignación de máis de 100.000.000 millóns de euros.

7.- Dotar 42.000.000,00 euros como maior achega provincial ao POS+ 2022, para o financiamento do POS+ Adicional 2/2022.

8.- Para as dotacións orzamentarias destinadas ao financiamento deste programa de axudas aos sectores agrícola, gandeiro, pesqueiro e do transporte, establécese o nivel de vinculación xurídica seguinte:

<i>Clasificación orgánica:</i>	<i>dous díxitos</i>
<i>Clasificación por programas:</i>	<i>un díxito</i>
<i>Clasificación económica:</i>	<i>un díxito</i>

9.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

21.- Dación de conta do Plan Orzamentario a medio prazo 2023-2025.

Dáse conta do contido do Plan Orzamentario a medio prazo 2023-2025, de aprobación pola Presidencia.

1.1.171.1	Profesor/a de danza	24	A1	A2	1	N	C		AE	35		15.490,15
1.1.171.3	Profesor/a de danza	24	A1	A2	1	N	C		AE	35		15.490,15

CÓDIGO POSTO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGR.	DOT.	TP	F. PROV.	ADM.	ESC.	TIT.	FORM. ESPECIF.	OBSERVACIÓN	C. ESPECÍFICO
1.1.171.4	Profesor/a de danza	24	A1 A2	1	N	C		AE	35			15.490,15
1.1.171.5	Profesor/a de danza	24	A1 A2	1	N	C		AE	35			15.490,15
1.1.172.1	Profesor/a música-pianista	24	A1 A2	1	N	C		AE	34			15.490,15
1.1.172.2	Profesor/a música-pianista	24	A1 A2	1	N	C		AE	34			15.490,15
1.1.172.6	Profesor/a música-pianista	24	A1 A2	1	N	C		AE	34			15.490,15
1.1.172.7	Profesor/a música-pianista	24	A1 A2	1	N	C		AE	34			15.490,15
1.1.172.8	Profesor/a música-pianista	24	A1 A2	1	N	C		AE	34			15.490,15
1.1.15.221	Administrativo admón. xrl.	19	C1	1	N	C		AX	3			13.275,89
1.1.11.33	Subaltemo	13	AP	1	N	C		AX	5			11.245,63
BIBLIOTECA												0,00
1.1.277.1	Director/a de Biblioteca	26	A1 A2	1	S	C	A3	AX/AE	13/14		Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Disponibilidade total	35.688,70
	Subdirector/a de Biblioteca	24	A1 A2	1	S	C		AX/AE	10/9		Libre disponibilidad	25.755,80
1.1.15.122	Administrativo admón. xrl.	19	C1	1	N	C		AX	3		Sábados e horario de tarde / At. continua público	15.516,46
1.1.428.1	Xefatura de negociado	22	A1 A2 B/C1	1	N	C		AX/AE	10/9/8/3		Sábados Libre disponibilidad	19.419,52
1.1.15.208	Administrativo admón. xrl.	19	C1	1	N	C		AX	3		Sábados/At. continua público	14.492,53
1.1.15.216	Administrativo admón. xrl.	19	C1	1	N	C		AX	3		Sábados/At. continua público	14.492,53
1.1.148.1	Axudante arquivo e biblioteca	21	A2	1	N	C		AE	14		Sábados/At. continua público	16.566,70
1.1.148.7	Axudante arquivo e biblioteca	21	A2	1	N	C		AE	14		Sábados/At. continua público	16.566,70
1.1.85.11	Axudante arquivo e biblioteca	21	A2	1	N	C		AE	14		Sábados e horario de tarde / At. continua público	17.590,63
1.1.85.3	Axudante arquivo e biblioteca	21	A2	1	N	C		AE	14		Sábados e horario de tarde / At. continua público	17.590,63
1.1.85.6	Axudante arquivo e biblioteca	21	A2	1	N	C		AE	14		Sábados/At. continua público	16.566,70
1.1.85.9	Axudante arquivo e biblioteca	21	A2	1	N	C		AE	14		Sábados/At. continua público	16.566,70
1.1.108.2	Especialista educación infantil	19	B	1	N	C		AE	30		Sábados e horario de tarde / At. continua público	15.306,37
1.1.11.27	Subaltemo	13	AP	1	N	C		AX	5		Xornada de mañan con sábados	11.586,94
1.1.11.30	Subaltemo	13	AP	1	V.8	C		AX	5		Turmicidade sen festivos	13.976,10
1.1.11.31	Subaltemo	13	AP	1	V.8	C		AX	5		Turmicidade sen festivos	13.976,10
1.1.11.32	Subaltemo	13	AP	1	V.8	C		AX	5		Xornada de mañan con sábados	11.586,94
1.1.440.1	Auxiliar técnico/a de biblioteca	19	C1	1	N	C		AE	3		Sábados e horario de tarde /At. continua público	15.516,46
SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS												0,00
1.1.243.1	Xefatura de servizo de planificación e xestión de recursos humanos	28	A1	1	S	CE		AX/AE	10		Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Disponibilidade total	38.865,45
1.1.315.1	Xefatura de sección de xestión de RRHH	24	A1 A2	1	S	C		AX/AE	10/9		Libre disponibilidad	25.755,80

CÓDIGO POSTO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGR.	DOT.	TP	F. PROV	ADM.	ESC.	TIT.	FORM. ESPECIF.	OBSERVACIÓNS	C. ESPECÍFICO
1.1.317.1	Xefatura de negociado de xestión	22	A1 A2 B/C1	1	N	C		AX/AE	10/9/8/3		Libre dispoñibilidade	19.078,21
1.1.223.1	Xefatura de negociado de nóminas	22	A1 A2 B/C1	1	N	C		AX/AE	10/9/8/3		Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	23.016,40
1.1.224.1	Xefatura de negociado de Seguridade Social I	22	A1 A2 B/C1	1	N	C		AX/AE	10/9/8/3		Libre dispoñibilidade	19.078,21
1.1.226.1	Xefatura de negociado de Seguridade Social II	22	A1 A2 B/C1	1	N	C		AX/AE	10/9/8/3		Libre dispoñibilidade	19.078,21
1.1.289.7	Asesor técnico	22	A2	1	S	C		AE	2		At. continua público	16.750,48
1.1.15.180	Administrativo admón. xrl.	19	C1	1	N	C		AX	3			13.275,89
1.1.15.81	Administrativo admón. xrl.	19	C1	1	N	C		AX	3			13.275,89
1.1.318.1	Xefatura de sección de planificación de RRHH	24	A1 A2	1	S	C		AX/AE	10/9		Libre dispoñibilidade	25.755,80
1.1.318.1	Xefatura de negociado de planificación I	22	A1 A2 B/C1	1	N	C		AX/AE	10/9/8/3		Libre dispoñibilidade	19.078,21
1.1.228.1	Xefatura de negociado de planificación II	22	A1 A2 B/C1	1	N	C		AX/AE	10/9/8/3		Libre dispoñibilidade	19.078,21
1.1.406.3	Técnico/a administración xeral	22	A1	1	N	C		AX	1			17.109,06
1.1.15.171	Administrativo admón. xrl.	19	C1	1	N	C		AX	3			13.275,89
1.1.15.179	Administrativo admón. xrl.	19	C1	1	N	C		AX	3			13.275,89
SERVIZO DE ORGANIZACIÓN												0,00
1.1.300.1	Xefatura de servizo de organización	28	A1	1	S	CE		AX/AE	10		Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	38.865,45
1.1.392.1	Xefatura de sección de organización da prevención de riscos laborais	24	A1 A2	1	S	C		AX/AE	10/9		Libre dispoñibilidade	25.755,80
1.1.67.1	Técnico de prevención de riscos laborais	22	A2	1	S	C		AX/AE	9	Como mínimo 2 Esp. ANEXO VIN RD 39/97	Plena dispoñibilidade	17.056,50
1.1.95.1	ATS/DUE de empresa	22	A1 A2	1	S	C		AE	31	DUE Empresa		17.065,43
1.1.95.2	ATS/DUE de empresa	22	A1 A2	1	N	C		AE	31	DUE Empresa		17.065,43
1.1.15.21	Administrativo admón. xrl.	19	C1	1	N	C		AX	3			13.275,89
1.1.284.1	Xefatura de sección de organización	24	A1 A2	1	S	C		AX/AE	10/9		Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	30.717,92
1.1.42.1	Técnico de organización	22	A1	1	S	C		AE	10		Plena dispoñibilidade	18.553,07
1.1.42.3	Técnico de organización	22	A1	1	S	C		AE	10		Plena dispoñibilidade	18.553,07
1.1.269.1	Xefatura de sección de formación	24	A1 A2	1	S	C		AX/AE	10/9		Libre dispoñibilidade	25.755,80
1.1.427.1	Xefatura de negociado de formación	22	A1 A2 B/C1	1	N	C		AX/AE	10/9/8/3		Libre dispoñibilidade	19.078,21
1.1.15.58	Administrativo admón. xrl.	19	C1	1	N	C		AX	3			13.275,89
1.1.431.1	Técnico/a especialista en xestión	20	B	1	N	C		AE	45			15.691,32
1.1.15.88	Administrativo admón. xrl.	19	C1	1	N	C		AX	3			13.275,89
SERVIZO DE INFORMÁTICA E ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA												0,00

CÓDIGO POSTO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGR.	DOT.	TP	F. PROV	ADM.	ESC.	TIT.	FORM. ESPECIF.	OBSERVACIONES	C. ESPECÍFICO
1.1.302.1	Xefatura de servizo de informática e administración electrónica	28	A1		1	S	CE	AX/AE	10		Xomada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	38.865,45
1.1.303.1	Xefatura de sección de asistencia informática	24	A1	A2	1	S	C	AX/AE	10/9		Libre dispoñibilidade	25.755,80
1.1.45.12	Técnico superior informática	22	A1		1	N	C	AE	15		Plena dispoñibilidade	18.553,07
1.1.90.13	Analista técnico	22	A2		1	N	C	AE	36			16.925,28
1.1.290.2	Analista programador	20	C1	B	1	N	C	AE	16			15.691,32
1.1.290.5	Analista programador	20	C1	B	1	N	C	AE	16			15.691,32
1.1.290.6	Analista programador	20	C1	B	1	N	C	AE	16			15.691,32
1.1.281.1	Xefatura de sección de administración electrónica	24	A1	A2	1	S	C	AX/AE	10/9		Libre dispoñibilidade	25.755,80
1.1.45.6	Técnico superior informática	22	A1		1	N	C	AE	15		Plena dispoñibilidade	18.553,07
1.1.45.11	Técnico superior informática	22	A1		1	N	C	AE	15		Plena dispoñibilidade	18.553,07
1.1.289.6	Asesor técnico	22	A2		1	S	C	AE	2		At. continua público	16.750,48
1.1.90.12	Analista técnico	22	A2		1	N	C	AE	36		At. continua público	16.925,28
1.1.290.7	Analista programador	20	C1	B	1	N	C	AE	16			15.691,32
1.1.290.14	Analista programador	20	C1	B	1	N	C	AE	16			15.691,32
1.1.437.1	Xefatura de negociado	22	A1	A2	1	N	C	AX/AE	10/9/8/3		Libre dispoñibilidade At. continua público	19.953,54
SERVIZO DE SISTEMAS E SOPORTE												0,00
1.1.301.1	Xefatura de servizo de sistemas e soporte	28	A1		1	S	CE	AX/AE	10		Xomada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	38.865,45
1.1.319.1	Xefatura de sección de sistemas e infraestruturas	24	A1	A2	1	S	C	AX/AE	10/9		Libre dispoñibilidade	25.755,80
1.1.45.7	Técnico superior informática	22	A1		1	N	C	AE	15		Plena dispoñibilidade	18.553,07
1.1.45.8	Técnico superior informática	22	A1		1	N	C	AE	15		Plena dispoñibilidade	18.553,07
1.1.90.14	Analista técnico	22	A2		1	N	C	AE	36			16.925,28
1.1.290.9	Analista programador	20	C1	B	1	N	C	AE	16			15.691,32
1.1.290.10	Analista programador	20	C1	B	1	N	C	AE	16			15.691,32
1.1.304.1	Xefatura de sección de soporte e atención a usuarios	24	A1	A2	1	S	C	AX/AE	10/9		Libre dispoñibilidade	25.755,80
1.1.45.9	Técnico superior informática	22	A1		1	N	C	AE	15		Plena dispoñibilidade	18.553,07
1.1.45.10	Técnico superior informática	22	A1		1	N	C	AE	15		Plena dispoñibilidade	18.553,07
1.1.90.10	Analista técnico	22	A2		1	N	C	AE	36			16.925,28
1.1.90.11	Analista técnico	22	A2		1	N	C	AE	36			16.925,28
1.1.290.15	Analista programador	20	C1	B	1	N	C	AE	16			15.691,32
1.1.290.16	Analista programador	20	C1	B	1	N	C	AE	16			15.691,32
1.1.290.17	Analista programador	20	C1	B	1	N	C	AE	16			15.691,32

CÓDIGO POSTO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGR.			DOT.	TP	F. PROV	ADM.	ESC.	TIT.	FORM. ESPECIF.	OBSERVACIÓNS	C. ESPECÍFICO
1.1.438.1	Xefatura de negociado	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AX/AE	10/9/8/3		Libre dispoñibilidade At. continua público	19.953,54
1.1.15.167	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AX	3		At. continua público	14.151,22
1.1.15.168	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AX	3		At. continua público	14.151,22
1.1.15.170	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AX	3		At. continua público	14.151,22
766														0,00
* Posto ocupado por persoal laboral														0,00
														0,00
ESTRUTURA E ÓRGANOS DE GOBERNO														0,00
	Técnico	28	A1			1	E	EVENT					Especial dedicación Funcións de confianza e asesoramento especial	38.865,45
	Técnico	25	A1			1	E	EVENT					Especial dedicación Funcións de confianza e asesoramento especial	34.279,31
	Técnico	25	A1			1	E	EVENT					Especial dedicación Funcións de confianza e asesoramento especial	34.279,31
	Técnico	25	A1			1	E	EVENT					Especial dedicación Funcións de confianza e asesoramento especial	34.279,31
	Técnico	25	A1			1	E	EVENT					Especial dedicación Funcións de confianza e asesoramento especial	34.279,31
	Técnico	25	A1			1	E	EVENT					Especial dedicación Funcións de confianza e asesoramento especial	34.279,31
	Técnico	25	A1			1	E	EVENT					Especial dedicación Funcións de confianza e asesoramento especial	34.279,31
	Técnico	25	A1			1	E	EVENT					Especial dedicación Funcións de confianza e asesoramento especial	34.279,31
	Técnico	25	A1			1	E	EVENT					Especial dedicación Funcións de confianza e asesoramento especial	34.279,31
	Técnico	22	A2			1	E	EVENT					Especial dedicación Funcións de confianza e asesoramento especial	23.672,76
	Técnico	22	A2			1	E	EVENT					Especial dedicación Funcións de confianza e asesoramento especial	23.672,76

CÓDIGO POSTO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGR.	DOT.	TP	F. PROV	ADM.	ESC.	TIT.	FORM. ESPECIF.	OBSERVACIÓNS	C. ESPECÍFICO
	Técnico	22	A2		1	E	EVENT				Especial dedicación Funcións de confianza e asesoramento especial	23.672,76
	Técnico	22	A2		1	E	EVENT				Especial dedicación Funcións de confianza e asesoramento especial	23.672,76
	Técnico	22	A2		1	E	EVENT				Especial dedicación Funcións de confianza e asesoramento especial	23.672,76
	Técnico	22	A2		1	E	EVENT				Especial dedicación Funcións de confianza e asesoramento especial	23.672,76
	Técnico	22	A2		1	E	EVENT				Especial dedicación Funcións de confianza e asesoramento especial	23.672,76
	Técnico	22	A2		1	E	EVENT				Especial dedicación Funcións de confianza e asesoramento especial	23.672,76
	Técnico	22	A2		1	E	EVENT				Especial dedicación Funcións de confianza e asesoramento especial	23.672,76
	Administrativo	20	C1		1	E	EVENT				Especial dedicación Funcións de confianza e asesoramento especial	19.051,90
	Administrativo	20	C1		1	E	EVENT				Especial dedicación Funcións de confianza e asesoramento especial	19.051,90
	Administrativo	20	C1		1	E	EVENT				Especial dedicación Funcións de confianza e asesoramento especial	19.051,90
	Administrativo	20	C1		1	E	EVENT				Especial dedicación Funcións de confianza e asesoramento especial	19.051,90
	Administrativo	20	C1		1	E	EVENT				Especial dedicación Funcións de confianza e asesoramento especial	19.051,90
	Auxiliar	17	C2		1	E	EVENT				Especial dedicación Funcións de confianza e asesoramento especial	17.844,37
	Auxiliar	17	C2		1	E	EVENT				Especial dedicación Funcións de confianza e asesoramento especial	17.844,37
	Auxiliar	17	C2		1	E	EVENT				Especial dedicación Funcións de confianza e asesoramento especial	17.844,37
	Auxiliar	17	C2		1	E	EVENT				Especial dedicación Funcións de confianza e asesoramento especial	17.844,37

CÓDIGO POSTO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGR.	DOT.	TP	F. PROV	ADM.	ESC.	TIT.	FORM. ESPECIF.	OBSERVACIÓNS	C. ESPECÍFICO
	Auxiliar	17	C2		1	E	EVENT				Especial dedicación Funcións de confianza e asesoramento especial	17.844,37

27

(*) Aplicarase o que determine a Lei Xeral de orzamentos do Estado para 2022

DOT: Dotación
 TP: Tipo de posto
 S: Singularizado
 N: No singularizado
 F.PROV.: Forma de provisión
 LD: Libre designación
 CE: Concurso específico
 C: Concurso
 ESC: Escala
 AG: Administración xeral
 AE: Administración especial
 TIT.: Titulación/s
 ADM: Administración
 A3: Aberto a outras administracións

Importe do complemento específico do persoal docente	
	2022
Profesores Dirección + Dirección residencia	26.368,36
Profesores Dirección	24.574,29
Profesores Subdirección	19.717,20
Profesores Xefatura residencia	19.717,20
Profesores Xefatura estudos	19.717,20
Secretaría	19.717,20
Profesores Xefatura Dto.	16.146,57
Profesores	15.490,15

	TITULACIÓNS:
1	Grao ou Licenciatura en dereito, económicas, políticas ou empresariais, Intendente mercantil ou Actuario ou equivalente
2	Grao ou Diplomatura en dereito, económicas ou empresariais, relacións laborais ou graduado social ou equivalente
3	Bacharel, técnico ou equivalente
4	Graduado/a en educación secundaria obrigatoria ou equivalente
5	Sen requisito de titulación
6	Enxeñería industrial, enxeñería de camiños canais e portos, licenciatura ou enxeñería en informática, enxeñería de telecomunicacións, licenciatura en administración e dirección de empresas, psicoloxía, psicopedagogía, periodismo, publicidade e relacións públicas, física, matemáticas, química, socioloxía ou ciencias do traballo ou equivalentes.
7	Grao ou Licenciatura en socioloxía, filoloxía inglesa, alemana, italiana ou francesa, historia, periodismo, documentación, bioloxía ou equivalentes.
8	Técnico/a superior ou equivalente
9	Grao ou Diplomatura universitaria
10	Grao ou Licenciatura universitaria
11	Grao ou Licenciatura en Dereito
12	Grao ou Licenciatura en filoloxía hispánica, especialidade: galego ou equivalente
13	Grao ou Licenciatura nunha titulación da rama de artes e humanidades ou da rama de ciencias sociais e xurídicas
14	Grao ou Diplomatura nunha titulación da rama de artes e humanidades ou da rama de ciencias sociais e xurídicas
15	Licenciatura ou enxeñería en informática, enxeñería en telecomunicacións ou equivalente
16	Técnico/a superior da familia profesional: informática e comunicacións, Técnico/a especialista en informática de xestión ou equivalente
17	Arquitecto/a ou titulación equivalente que habilite para o exercicio da profesión de arquitecto
18	Enxeñeiro/a técnico industrial ou titulación equivalente que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro/a técnico/a industrial
19	Arquitecto/a técnico/a ou titulación equivalente que habilite para o exercicio da profesión de arquitecto/a técnico/a
20	Técnico/a superior en proxectos de edificación ou en proxectos de obra civil ou en deseño en fabricación mecánica ou en deseño e edición de publicacións impresas e multimedia, ou equivalentes
21	Enxeñeiro/a de camiños canais e portos ou titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro/a de camiños, canais e portos
22	Enxeñeiro/a técnico/a de obras públicas ou graduado/a nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro/a técnico/a de obras públicas

23	Enxeñeiro/a técnico/a en topografía ou graduado/a nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro/a técnico/a en topografía
24	Enxeñeiro/a técnico/a agrícola ou graduado/a nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro/a técnico/a agrícola
25	Grao ou Licenciatura en socioloxía, psicoloxía, dereito, ciencias políticas e da administración, psicopedagogía ou pedagogía ou equivalente
26	Diplomatura en traballo social ou grao nunha titulación equivalente da rama de ciencias sociais ou xurídicas
27	Grao ou Licenciatura en psicoloxía, pedagogía ou psicopedagogía ou equivalente
28	Grao ou Licenciatura en psicoloxía ou equivalente
29	Diplomatura en educación social, pedagogía ou profesor de educación primaria ou grao oficial universitario equivalente
30	Técnico/a superior en educación infantil, Técnico/a superior en integración social ou equivalente.
31	Grao universitario en enfermería
32	Grao, Licenciatura ou equivalente a efectos de docencia e máster nunha titulación que habilite para o exercicio de profesor de secundaria ou equivalente
33	Grao, Diplomatura ou equivalente a efectos de docencia e máster nunha titulación que habilite para o exercicio de profesor de secundaria ou equivalente
34	Graduado/a en música ou equivalente
35	Graduado/a en danza ou equivalente
36	Diplomatura ou enxeñería técnica en informática ou grao oficial universitario equivalente
37	Técnico/a de grao medio na familia profesional de Imaxe e son
38	Técnico/a superior na familia profesional de artes gráficas
39	Graduado/a universitario en dereito, arquitectura, arquitectura técnica, enxeñería ou enxeñería técnica.
40	Licenciado/a ou Graduado universitario en CC. Económicas, Empresariais, Dereito, Relacións laborais, Ciencias do traballo, Ciencias políticas e da administración, Administración e dirección de empresas, Dirección e xestión pública, Psicoloxía ou Socioloxía.
41	Técnico/a superior en marketing e publicidade.
42	Grao universitario en Xornalismo, CC. Da comunicación, Marketing e comunicación dixital ou Comunicación audiovisual.

43	Técnico/a en cociña e gastronomía ou equivalente.
44	Técnico/a superior en educación infantil, Técnico/a superior en integración social ou equivalente.
45	Técnico/a superior na familia profesional de administración e xestión, Técnico/a especialista na rama administrativa ou equivalente.
46	Grao universitario en turismo, Historia da arte, Socioloxía, Xeografía e ordenación do territorio, Historia ou equivalente.
47	Grao ou Licenciatura en socioloxía, psicoloxía, dereito, ciencias políticas e da administración, psicopedagogía ou pedagogía, educación social, traballo social, Igualdade ou equivalente.
48	Grao universitario en ciencias da actividade física e do deporte ou equivalente.

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

Sr. Presidente

Pasamos a mocións, a primeira presentada polo Grupo Provincial Marea Atlántica en apoio do sector pesqueiro.

1.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en apoio ao sector pesqueiro

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación do sector pesqueiro na Provincia da Coruña ten sido obxecto de múltiples propostas neste pleno. A importancia estrutural do mesmo xustifica esa atención no pasado e precisamos traer de novo a este pleno a nosa preocupación pola pesca e o mar, nun momento especialmente delicado ao que se lle suman nas últimas semanas unha espiral alcista dos prezos dos combustibles que compromete a sostibilidade e o normal funcionamento do mesmo.

A pesca como motor económico e de emprego xunto a todas as actividades que conflúen no mar son, ademais dun sector económico clave da nosa provincia e do país enteiro, un dos seus principais valores sociais e medioambientais, polo que precisa o maior compromiso posible para para aproveitar ao máximo as súas potencialidades sen comprometer o seu uso futuro. A pesca é motor económico e fonte de emprego, estratexia de soberanía alimentaria, identidade, cultura, patrimonio e sostén de comunidades costeiras, que conta, ademais, na nosa cidade, cun dos seus principais centros de actividade como é a Lonxa, a primeira do estado en facturación de peixe fresco. Cando falamos da costa cantábrico noroeste, existen segundo datos oficiais, máis de 12.000 pescadores que viven dos recursos da costa citada, dando traballo a aproximadamente 48.000 postos indirectos. Este recurso debe ser protexido e tamén coidado con esmero para que poidan seguir aproveitándoo nas vindeiras xeracións.

Nos últimos anos estamos asistindo a un impulso da implantación da enerxía offshore que xera dúbidas, preocupacións e expectativas lexítimas do sector do mar sobre os seus efectos na actividade pesqueira. Entendemos, na liña do expresado polo sector do mar, que este impulso precisa máis diálogo, participación pública e cooperación para regular a súa implantación, aproveitando as potencialidades, pulando pola preservación da actividade primaria e evitando ao mesmo tempo impactos negativos na pesca e na biodiversidade.

Neste contexto incerto, o sector alarma sobre as consecuencias catastróficas que está tendo o incremento descontrolado dos prezos do combustible das últimas semanas derivadas da guerra en Ucraína. Este aumento provocou xa o amarre de parte da frota pola imposibilidade de asumir os custes disparados do mantemento da súa actividade, o que se vai trasladar tamén a medio prazo no encarecemento da cesta da compra ao consumidor final.

Este novo revés, sumado á incerteza e as problemáticas previas derivadas da

crise enerxética e de materias primas que xa se viña sufrindo, así como á paralización de boa parte do transporte de carreiteira dende este pasado luns 14, sitúa ao sector pesqueiro nun momento de urxencia conxuntural que precisa atención e compromiso por parte de todas as administracións.

O carácter perecedeiro dos produtos da pesca fresca e a necesidade de comercialización rápida está xerando unha situación insostible e provocando prexuízos económicos en todo o sector extractivo e comercializador. Non se debe esquecer que os provedores de alimentos son un dos sectores claves da economía e garanten o permanente abastecemento de mercados do país.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña adopta os seguintes acordos:

1. Convocar as principais entidades relacionadas co sector pesqueiro na nosa provincia para coñecer de primeira man a súa situación, tanto no que ten que ver coa afectación dos novos parques eólicos mariños previstos, como na suba do combustible.
2. Colaborar na elaboración dun plan de emerxencia de axuda ao sector pesqueiro ante a suba do combustible.
3. Instar ao Ministerio de Transición Ecolóxica, ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, á Xunta de Galicia e á Consellería do Mar a tomar as medidas precisas para garantir o mantemento da actividade pesqueira en Galicia.
4. Dar traslado deste acordo Ministerio de Transición Ecolóxica, ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, á Xunta de Galicia e á Consellería do Mar.

Sr. Lema Suárez

Ben, moitas grazas de novo, presidente.

Non está relacionado directamente co sector pesqueiro, pero si historicamente relacionado co sector pesqueiro, cando menos o que ten que ver co sector pesqueiro galego, aínda que non está incluído nesta moción, quería comezar expresando a solidariedade e o apoio do noso grupo coa loita do pobo saharauí, e tamén coa súa lexítima reivindicación ao dereito á autodeterminación, tal e como se recoñece tamén en varias resolucións da ONU.

Esta moción dalgunha maneira reformula o contido daquela que fora traída tamén a este Pleno na pasada sesión pola cal solicitamos basicamente que a Deputación se reúna con representantes do sector pesqueiro para coñecer de primeira man a súa opinión sobre os parques eólicos mariños que se están planificando na nosa contorna, que van afectar directamente a este sector, como o último coñecido, que é o do Nordés, a 30 km da costa da Coruña e con liñas de

evacuación que pasan polo concello de Arteixo, e unha zona de exclusión de pesca duns 280 quilómetros cadrados que, desde o noso punto de vista, exige unha interlocución con esta casa, que vai ter que emitir informe ao respecto, coñecer de primeira man, insisto, o punto de vista do sector sobre este caso.

Hai unhas segundas cuestións que tamén se instan, que pensamos que, á vista da propia iniciativa amosada pola Deputación sobre este punto, perde a súa eficacia, que sería elaborar un plan de emerxencia de axuda ao sector pesqueiro en canto ao que ten que ver cos efectos da suba do combustible, entendemos que os propios feitos desta administración caducan neste punto, co cal estaríamos dispostos a retiralo desta parte resolutiva da nosa moción, e creo que ademais existe concordancia co Grupo Socialista neste aspecto.

Entón, nada máis. Solicitamos que se reúnan con representantes do sector pesqueiro para coñecer o seu punto de vista sobre os parques eólicos mariños que se van instalar na proximidade da nosa costa, e que se traslade tamén esta petición a outras administracións competentes no asunto para que tamén lle dean este trámite de audiencia necesario ao noso sector pesqueiro.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Si, brevemente.

Compartindo o fondo da moción, como comentaba antes o voceiro da Marea, presentamos unha emenda que se modifica agora; propoñíamos a supresión do punto primeiro e segundo da proposta de acordo e, ao final, chegamos a un acordo co grupo propoñente da moción para emendar só retirando a segunda proposta do acordo, é dicir, a primeira manteríase. A segunda, o motivo desta emenda para eliminar esa segunda proposta é que, como acabamos de ver, acábase de aprobar un modificativo de crédito que habilita unha primeira partida de 5 millóns de euros para a posta en marcha dunha liña de axudas aos sectores afectados polo incremento do prezo dos combustibles e, polo tanto, xa estaría, xa teríamos dado cumprimento a esa proposta, de aí que se solicite a súa supresión, que foi aceptada polo grupo propoñente.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Rodríguez Martínez

Bo día a todos.

A verdade é que tiña previsto non reiterar o que pensaba que o grupo propoñente ía dicir sobre a actual situación que está a atravesar por mor da suba dos prezos de enerxía toda a cadea mar e industria de Galicia. Pero, ben, evidentemente, creo que, ao final, quedou un pouco descafeinada, non tanto pola retirada do punto segundo, senón porque penso que si que cómpre destacar cal é a situación actual e cal é a orixe que levou a esa necesidade que todos compartimos e que vimos demostrar co noso voto de actuar de forma urxente para paliar esa situación. É evidente que a escalada nos prezos da enerxía pois está a ter unha repercusión directa en toda esta cadea mar-industria e, por conseguinte, está a desabastecer, por

un lado, de materia prima as propias empresas do sector, o que compromete a súa viabilidade e supervivencia; e, por outro lado, o abastecemento, está a xerar desabastecemento de produtos do mar á propia poboación.

O recente conflito en Ucraína non fai máis, evidentemente, que acrecentar esta problemática e basta como exemplo dicir que as subas de prezos do gasoil da frota experimentou un incremento do 350% dende o inicio da pandemia, pero que dende o 1 de xaneiro, aínda que tamén é importante, se reduce a un entre comiñas, entre aspas, 86%. Polo tanto, é unha situación que non vén derivada exclusivamente polo conflito bélico, senón que vén de atrás, igual que ocorre co prezo da electricidade e do gas, do que tamén temos debatido nesta Corporación, verdade?

Resumindo, este aumento dos prezos da enerxía ten un impacto na industria conserveira, por exemplo, como tamén na conxeladora, está a provocar esta falta de abastecemento. O paro do transporte, que vamos ver se o acordo acadado na pasada madrugada pode axudar, aínda que parece que polo de momento non, a reconducilo, pois tamén supón que a situación se agrava, a industria conserveira en concreto sofre a carestía do aceite de xirasol e, ben, a consecuencia de todo o anterior, temos un sector marítimo-pesqueiro ao bordo da asfixia e o desabastecemento pois é xa unha realidade. Polo tanto, compartimos a preocupación que levou o Grupo da Marea Atlántica a presentar esta moción.

Facía vostede referencia incluso dándolle máis protagonismo nesta breve intervención que tivo á cuestión, que tamén foi obxecto xa de debate nesta Deputación, relativa ao desenvolvemento da enerxía *offshore*. Ben, pois neste sentido tamén compartimos esa preocupación, como xa o dixemos no seu día, non? E a Xunta, a través do Observatorio de Enerxía Eólica Mariña, traballa da man do sector, tanto confrarías como Consello Galego de Pesca, para identificar oportunidades e analizar o impacto que suporía a instalación de parques eólicos mariños na costa galega.

Pero, como xa dixemos tamén hai dous meses, é imprescindible tamén que por parte do Estado, digamos, se contribúa a facer desaparecer algunha preocupación neste sentido, non? É dicir, o Goberno galego está comprometido, xunto co sector, cunha verdadeira planificación de desenvolvemento ordenado compatible coa actividade marítimo-pesqueira. Por iso, hoxe temos que seguir reiterando a necesidade de que o Ministerio non abra a tramitación a avaliación ambiental proxectos de parques na nosa costa en tanto non se resolvan as alegacións presentadas aos plan de ordenación do espazo marítimo, que son os que determinarán en que zonas se pode proceder á instalación destes parques. Pero é que, ademais, dáse a circunstancia de que neses plans polo de agora pois non se está a considerar a actividade extractiva como prioritaria, ao igual que si está a ocorrer con outras como poden ser as zonas de elevado valor ecolóxico, as de elevado tráfico marítimo, a entrada dos portos de interese xeral... Incluso aquelas nas que se realizan exercicios militares ou nas que existen pecios ou restos arqueolóxicos.

Pero, ben, volvendo ao que nós consideramos que é o obxecto principal da súa moción, imos votar evidentemente a favor, pero cun matiz breve que é que, ben, por suposto entendemos imprescindible a actuación coordinada de todas as administracións con competencias na materia; porén, non nos parece xusto que non

se distinga entre o que teñen feito unhas e outras a día de hoxe.

Neste aspecto, comezo polo que fixo o Goberno central, porque me vai levar menos tempo, e xa na Conferencia de Presidentes, entre eles o presidente da Xunta de Galicia, o pasado 13 de marzo, demandou baixar os impostos que gravan carburantes, electricidade, gas e demandou do Goberno central que adoptase medidas urxentes que permitiran abordar a difícil situación do noso sector pesqueiro. Cal foi a resposta? Ben, pois que as medidas tiñan que esperar máis de dúas semanas, ata o día 29, como se o sector puidese esperar 15 días. Esta é unha resposta que vén afondar nunha sensación cada vez máis estendida na cidadanía, temos o peor Goberno no peor momento.

Na nosa contorna, Alemaña, Francia, Irlanda, Portugal, Polonia, Holanda ou Bélxica xa teñen tomado medidas inmediatas. Aínda máis, o pasado 15 de marzo, nun encontro, nunha xuntanza da Secretaría General de Pesca do Ministerio, á que non foron convocadas as comunidades autónomas, abordáronse as medidas que demandaba o sector, pero o Ministerio cualificounas de inútiles a curto prazo, pois parece ou semella que, por desgraza, non son conscientes de que a este paso o que non precisará o sector serán medidas a medio ou longo porque xa non existirá.

Pola contra, que fixo a Xunta de Galicia? Pois o 16 de marzo, tras unha xuntanza convocada pola Consellería do Mar cos representantes das entidades asociativas da frota galega, acordou solicitar do Goberno central a rebaixa de xeito xeneralizado do IVE dos hidrocarburos ata situalo no tipo reducido ou superreducido; elevar unha consulta á Unión Europea sobre a posibilidade de aplicar esta medida, que tería un efecto inmediato; conceder xa axudas para as frotas pesqueiras que non acaden o nivel mínimo de rendibilidade de xeito compatible coas percibidas pola crise xerada pola covid-19; a flexibilización temporal e limitada das restricións á importación de materias primas que emprega o sector transformador de produtos do mar; solicitar de Bruxelas tamén unha flexibilidade interanual dos totais admisibles de capturas e cotas para que a frota poida consumir o vindeiro ano as cotas que non utilice este como consecuencia do encarecemento do gasóleo e da folga de transportistas; e urxir o Goberno tamén a convocar unha conferencia sectorial de pesca.

Ao día seguinte desta xuntanza, a Xunta xa adoptou as primeiras medidas para apoiar o sector, articulando compensacións para os profesionais no pago de como mínimo dous meses das taxas nos portos de titularidade autonómica. Ao día seguinte, o 18, reuniuse con representantes da Asociación de Transportistas por Estrada, que secunda o paro en Galicia, para abordar a situación e ambos instaron tamén o Goberno a adoptar medidas inmediatas que pasan por establecer tamén non só o acordado na madrugada de onte, senón tamén corredores seguros para blindar os servizos esenciais e acadar unha saída dialogada ao conflito. Porque non podemos esquecer que falamos de produtos en moitos casos perecedoiros. E esta situación provoca que cada día se estean a estragar toneladas de peixe, polo que hai que garantir tamén esa subministración, ese transporte, esa comunicación esencial, por exemplo, nas lonxas. Falamos que de só unha semana e só procedentes de Gran Sol están acumuladas en cámara máis de 350 toneladas de peixe. Esta situación afecta tamén ao fornecemento de buques que están a pescar agora mesmo. Hai que abastecer ou garantir o abastecemento ás plantas de acuicultura, porque existe unha paralización de subministración de pensos e outros elementos que comprometen de forma moi grave a mortalidade e a viabilidade da explotación pola posible mortalidade

dos peixes. E por último tamén a saída de produto e chegada de materias primas en plantas de transformación e de envasado.

Por todo, insisto, votaremos a favor destas medidas que, segundo o texto da moción, son medidas precisas pero que xa foron detalladas como resultado do continuo diálogo entre a Xunta e o sector, sinalando, iso si, que non tería estado de máis incluír entre os organismos aos que levar ao acordo que aquí se adopte ao Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación, especialmente no relativo aos puntos 3 e 4. Tamén é certo que confiamos en que, como ambos os dous ministerios pertencen ao mesmo bando dos dous que hai claramente no Goberno, pois, ben, confiamos en que en todo caso se lle vaia igualmente a ter coñecemento do seu texto; e esperamos así mesmo, que as medidas que tamén temos adoptado por unanimidade no día de hoxe canto antes poidan axudar, tal e como se fixo no anuncio hai uns días por parte do seu presidente, a superar esta grave e difícil situación.

Máis nada e moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Sen vontade tampouco de monopolizar demasiado nin estender este debate, Sr. Rodríguez, eu dicir que comparto completamente o seu expositivo, que nós trouxemos ao Pleno pasado unha moción que contemplaba algunha das cuestións que vostede no seu discurso acaba de expoñer, como que se paralizase a adxudicación de novos parques eólicos en tanto en canto non se ordenase este sector; e tamén que se considerase a pesca, a actividade extractiva como esencial.

Dicir que esa moción non mereceu o apoio do seu grupo. Iso foi o que aconteceu no Pleno pasado. Entón, póñanse de acordo vostede tamén e o señor Ben, porque non foi exactamente nin o mesmo discurso, nin o mesmo sentido de voto que parece que traen vostedes hoxe.

En canto ao que vostede dicía de ampliar os destinatarios desta moción, encantado de facelo; nós estaríamos encantados de ter recibido unha emenda a esta moción que completase o seu sentido ou a mellorarse e de recibila, non foi o que aconteceu. Se vostede quere expoñela agora *in voce*, nós aceptariámola encantados de que se remita tamén esta moción aos ministerios que vostede decida.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Si, un pequeno matiz. Escoitando o voceiro do Partido Popular dá a impresión de que a única administración que ten que adoptar medidas –de calado, estou a falar– é o Goberno do Estado, e digo de calado, porque as anunciadas pola Xunta de Galicia dende logo son unha mera maquillaxe.

Gustaríame, se pode concretarme que fondos ou que desembolso vai supoñer para as arcas da Xunta de Galicia esas medidas anunciadas, é curioso que non saia en ningún sitio. Sobre todo tendo en conta que a Xunta de Galicia ingresa o 58% deses ingresos derivados do incremento, perdón, dos impostos sobre os carburantes do Estado os ingresa a Xunta de Galicia; un 58%, concretamente 557 millóns de

euros, se mal non recordo. É tan sinxelo como que o presidente Feijóo renuncie, xa non digo a eses 557 millóns, senón á porcentaxe de suba que vai supoñer para as arcas da Xunta este incremento dos carburantes e, polo tanto, esa maior recadación impositiva que vai ter o Goberno do Estado. Pero non o fixo.

Imos a unha Conferencia de Presidentes, que está ben recordalo, que é de presidentes, non é de xente que lle pide ao presidente do Goberno, senón que hai, tal e como está distribuído institucionalmente este país, presidente do Goberno, dun Goberno que ten unhas competencias, do Goberno central, e presidentes autonómicos, dunhas autonomías que tamén teñen unhas competencias. Imos alí a pedir que un presidente adopte determinadas medidas, pero nós poucas adoptamos. E é moi sinxela, é tan fácil como facer o cálculo de canto ingresa a maiores a Xunta de Galicia e dicir “señores, estes millóns de euros que imos ter a maiores por incremento dos custos do carburante ímolos dedicar a axudas directas ao sector”, como anunciou recentemente esta Deputación; non é tan complexo. Se se fixa vostede, estiven bastante atento sobre as propostas da Xunta de Galicia ao día seguinte desa reunión e era: a Xunta solicita, a Xunta pide, a Xunta propón, a Xunta urxe... Só dúas son adoptadas directamente pola Xunta de Galicia, as demais pídelle que as poñan en marcha outras administracións.

Ben, é algo ao que estamos acostumados. É dicir, a Xunta de Galicia só ten competencias cando interesa e, cando non interesa, téñenas os demais. Se falamos de reaccionar tarde fronte a esta situación na que estamos, creo que todos deberíamos mirarnos o embigo, todas as administracións públicas, non só o Estado. Se fala vostede coa xente, cos representantes dos sectores afectados, como fixemos algúns dos que estamos aquí sentados, a percepción que teñen dende logo non é que a única Administración que fora lenta nesta problemática fora a central, teñen a mesma opinión da Administración autonómica. Polo tanto, xa non é a opinión do voceiro do Grupo Socialista, senón dos representantes deses sectores que a semana pasada estiveron nesta Deputación e que nos trasladaron isto mesmo que acabo de dicir. Polo tanto, simplemente sería importante que, ademais de ver a palla no ollo alleo, pois intentáramos ver a viga no propio.

Nada máis, moitas grazas.

Sr. Rodríguez Martínez

Moi brevemente. Simplemente para especificarlle ao señor Lema que o discurso non é que se pareza ou non, e que é exactamente o mesmo porque aquela moción de hai dous meses tamén a defendeu este deputado e redactouna do seu puño e letra e incluso o que hoxe mesmo veño de dicir é un corta e pega do que xa dixen naquel momento. Evidentemente, o sentido de voto vén matizado tamén pola forma na que se redactan os textos dos acordos.

E, claro, cometemos case sempre, ou mellor dito, cometen case sempre o mesmo erro. Vostedes propoñen algo que en principio, evidentemente, poderíamos..., non poderíamos, estamos de acordo porque ademais é o que vén facendo o Goberno da Xunta, e só hai que ver cal é o resultado ou os avances dos tres grupos de traballo do Observatorio do Eólico Mariño, que se constituíu o pasado verán. E, polo tanto, xa non é dicilo, son os feitos, non? Pero, claro, logo vostedes teñen tamén esa certa tendencia a disparar, entre aspás, é dicir, a pedir, a instar a todas as administracións

sen distinguir entre o que están a facer ou levan feito unhas, e o que están a facer ou levan feito outras. E por iso eu intentei detallar efectivamente cal foi a actitude entre uns e outras tanto no ámbito do que é o eólico mariño, e aí, insisto, a principal preocupación que a día de hoxe ten o sector é que o Ministerio está a abrir trámites de avaliación ambiental en parques na nosa costa cando aínda están sen resolver as alegacións dos plans de (inaudible). É dicir, aí tanto vostede como eu, os nosos grupos tamén coincidimos nesa moratoria, non só aquí senón que coincidimos tamén no Concello da Coruña onde vostedes tamén levaron esa mesma moción.

Home, Sr. Fernández, eu que quere que lle diga?, claro, a Xunta ten que instar as administracións competentes. Xa nos gustaría, xa lle gustaría ao sector, que a Xunta puidera facer o que lle toca facer a outros. Pero falar de inactividade ou non, cando no ámbito das súas competencias, no ámbito das súas competencias, ao día seguinte xa se empezaron a tomar as medidas que demandou o sector no día anterior, algunhas delas cun calado económico, outras incluso sen un impacto económico directo nas arcas da Xunta, pois a ver, eu que quere que lle diga?, eu prefiro iso a que me digan o día 16 que as medidas son o día 29, hoxe estamos a día 26 e falta por coñecer cal vai a ser a primeira, non o impacto económico, a primeira.

E a nós evidentemente parécenos ben que ao final pois vostedes levaran un impacto de realidade do que está a ocorrer na rúa e ao final decidan sentarse, pois ben, pensamos que tarde, veremos se mal, co sector do transporte, que ten unha incidencia directa no que estamos a falar hoxe tamén. Evidentemente nalgúns dos impactos que inciden en que esta sexa unha situación grave. Pero a día de hoxe sabemos o que se acordou onte, que tampouco dentro dese plan de emerxencia que se anunciou con tanta publicidade, para o día 29, pois veremos efectivamente. Supoño que con alguén máis se terán que reunir de aquí a entón, xa se lles vai acabando o tempo. Pero, ben, aí eu penso que efectivamente non hai nada mellor que sentarse co sector e escoitar o sector para saber onde se senten á súa vez máis escoitados e, sobre todo, á parte de escoitados, que iso á fin e ao cabo só faltaría, aínda que ás veces é máis complicado, atendidos.

Máis nada e moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en apoio ao sector pesqueiro

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación do sector pesqueiro na Provincia da Coruña ten sido obxecto de múltiples propostas neste pleno. A importancia estrutural do mesmo xustifica esa atención no pasado e precisamos traer de novo a este pleno a nosa preocupación pola pesca e o mar, nun momento especialmente delicado ao que se lle suman nas últimas semanas unha espiral alcista dos prezos dos combustibles que compromete a sostibilidade e o normal funcionamento do mesmo.

A pesca como motor económico e de emprego xunto a todas as actividades que conflúen no mar son, ademais dun sector económico clave da nosa provincia e do país enteiro, un dos seus principais valores sociais e medioambientais, polo que precisa o maior compromiso posible para para aproveitar ao máximo as súas potencialidades sen comprometer o seu uso futuro. A pesca é motor económico e fonte de emprego, estratexia de soberanía alimentaria, identidade, cultura, patrimonio e sostén de comunidades costeiras, que conta, ademais, na nosa cidade, cun dos seus principais centros de actividade como é a Lonxa, a primeira do estado en facturación de peixe fresco. Cando falamos da costa cantábrico noroeste, existen segundo datos oficiais, máis de 12.000 pescadores que viven dos recursos da costa citada, dando traballo a aproximadamente 48.000 postos indirectos. Este recurso debe ser protexido e tamén coidado con esmero para que poidan seguir aproveitándoo nas vindeiras xeracións.

Nos últimos anos estamos asistindo a un impulso da implantación da enerxía offshore que xera dúbidas, preocupacións e expectativas lexítimas do sector do mar sobre os seus efectos na actividade pesqueira. Entendemos, na liña do expresado polo sector do mar, que este impulso precisa máis diálogo, participación pública e cooperación para regular a súa implantación, aproveitando as potencialidades, pulando pola preservación da actividade primaria e evitando ao mesmo tempo impactos negativos na pesca e na biodiversidade.

Neste contexto incerto, o sector alarma sobre as consecuencias catastróficas que está tendo o incremento descontrolado dos prezos do combustible das últimas semanas derivadas da guerra en Ucraína. Este aumento provocou xa o amarre de parte da frota pola imposibilidade de asumir os custes disparados do mantemento da súa actividade, o que se vai trasladar tamén a medio prazo no encarecemento da cesta da compra ao consumidor final.

Este novo revés, sumado á incerteza e as problemáticas previas derivadas da crise enerxética e de materias primas que xa se viña sufrindo, así como á paralización de boa parte do transporte de carreteira dende este pasado luns 14, sitúa ao sector pesqueiro nun momento de urxencia conxuntural que precisa atención e compromiso por parte de todas as administracións.

O carácter perecedeiro dos produtos da pesca fresca e a necesidade de comercialización rápida está xerando unha situación insostible e provocando prexuízos económicos en todo o sector extractivo e comercializador. Non se debe esquecer que os provedores de alimentos son un dos sectores claves da economía e garanten o permanente abastecemento de mercados do país.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña adopta os seguintes acordos:

1. Convocar as principais entidades relacionadas co sector pesqueiro na nosa provincia para coñecer de primeira man a súa situación, tanto no que ten que ver coa afectación dos novos parques eólicos mariños previstos, como na suba do combustible.

2. Instar ao Ministerio de Transición Ecolóxica, ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, á Xunta de Galicia e á Consellería do Mar a tomar as medidas precisas para garantir o mantemento da actividade pesqueira en Galicia.

3. Dar traslado deste acordo Ministerio de Transición Ecolóxica, ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, á Xunta de Galicia e á Consellería do Mar.

Sr. Presidente

Seguinte moción, tamén presentada polo Grupo Marea Atlántica, para mudar o nome do Teatro Colón por Teatro María Casares.

2.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica para mudar o nome do Teatro Colón por Teatro María Casares

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

María Victoria Casares Pérez, coñecida como María Casares, foi unha brillante actriz internacionalmente recoñecida e unha das coruñesas máis relevantes do século XX. Este ano 2022 celébrase o centenario do seu nacemento na cidade da Coruña, o 21 de novembro de 1922. As achegas de María Casares ao arte dramático e súa condición de coruñesa e galega, identidade sempre lembrada pola actriz pese ao seu exilio temperá, xustifican neste centenario a mellor oportunidade posible para mudar o nome do Teatro Colón, propiedade desta Deputación, por Teatro María Casares, como así se levan reclamando dende vai anos por decenas de entidades da cidade.

A importancia, méritos e recoñecementos da vida e obra de María Casares son dunha relevancia inigualable, pero probablemente atópanse máis agochados do que deberían para a cidadanía da Coruña e de Galicia.

A súa vida estivo marcada polo exilio. Fill do ministro Santiago Casares Quiroga, marchou da Coruña a Madrid en 1931, con apenas nove anos, no que ela mencionou algunha vez como o seu “primeiro exilio” por verse forzada a marchar da súa cidade e do seu país. Pouco despois, no verán de 1936, e debido ao golpe de estado franquista, tivo que exiliarse definitivamente a Francia, afincándose en París. María Casares nunca esqueceu as súas orixes, e formou parte dos círculos culturais e políticos franceses antifascistas.

Foi xa no país galo onde se formou, estudando interpretación no Conservatorio de París. Paso a paso foi asentándose como actriz recoñecida en Francia, chegando a formar parte das principais compañías de teatro francés e a interpretar decenas de obras clásicas e contemporáneas de autores como Shakespeare, Víctor Hugo, Chéjov, Alberti, Camus ou Sarte. Aínda que centrada no teatro, tivo tempo tamén para interpretar numeras películas.

A súa traxectoria profesional foi recoñecida cos máis prestixiosos premios como o Premio Molière francés ou a Medalla ao Mérito de Belas Artes española. De igual xeito, recibiu a Medalla Castelao, e aceptou ser nomeada filla predilecta na Coruña e que os premios do teatro galegos levasen o seu nome.

En definitiva, a artista coruñesa e galega do século XX, muller, exiliada e invisibilizada, conseguiu os maiores éxitos alá onde estivo. A Coruña e Galicia estarán sempre en débeda con ela e con todas as mulleres exiliadas, que como toda unha xeración perdida e esmagada polo fascismo, merecen de todos os recoñecementos e lembranzas.

A reclamación de nomear o Teatro Colón co seu nome é histórica e está respaldada por decenas de entidades que representan un sentir maioritario da cultura e da cidade da Coruña. O Ateneo Republicano de Galicia xa presentou, en 2006 primeiro e en marzo de 2016 despois, unha petición neste sentido na Deputación da Coruña, aproveitando o vixésimo aniversario do falecemento da actriz. Nesa petición instábase a esta institución a mudar o nome do teatro Colón por Teatro María Casares, co fin de dignificar a memoria de tantas mulleres exiliadas ás que se lle furtou a vida, a través dunha figura inigualable como a actriz coruñesa, recoñecendo súa figura como xesto de agradecemento co pasado e compromiso co futuro.

Esta petición foi reiterada en diferentes momentos e por diferentes persoas e entidades. En novembro do ano pasado o escritor e ex-deputado escritor Miguel Anxo Fernán Vello insistiu publicamente na necesidade de honrar a actriz, petición que foi trasladada tamén pola Marea Atlántica á Comisión de Honras do Concello da Coruña.

A chegada do centenario do nacemento da actriz ten impulsado a petición de que o maior teatro da cidade leve por nome María Casares. Desta vez a proposta, impulsada pola Plataforma de Traballadoras e Traballadores do Sector Cultural “Unímonos ou Afundimos” está apoiada polas seguintes asociacións e entidades culturais:

- Asociación cultural Alexandre Bóveda
- Asociación Cultural O Facho
- Ateneo Republicano
- Comisión Pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña
- Asociación dos Amigos dos Museos de Galicia
- Fundación Luzes
- Fundación Uxio Novoneyra
- Compañía de Teatro Noite Bohemia
- Manicómicos
- Asociación Cultural AIS
- Sección Galicia da Sociedade Española de Estudos Clásicos
- Maquinaria Pesada
- Asociación Proxecto Máscaras
- O Novo Normal A Coruña
- Colectivo Nomepiseslofreghao
- As Comadres Cigarreiras
- Comparsa os Maracos

Por todo isto, entendendo que os argumentos son máis que sobrados para xustificar a necesidade de lembrar a súa figura e realizar unha homenaxe que perviva no tempo, entendemos que a Deputación da Coruña debe asumir a petición histórica de tantas persoas e entidades. Conseguiríase así, que a escasos metros do Teatro

Rosalía de Castro, existira un Teatro María Casares, facendo que os dous teatros de maior centralidade da Coruña, leven o nome de dúas mulleres, un fito pouco habitual nas cidades contemporáneas, ateigadas de lembranzas a homes relevantes pero acotío esquecidas das mulleres da súa historia.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1.- Iniciar os trámites para mudar o nome do Teatro Colón por Teatro María Casares.

Sr. Lema Suárez

Agradecerlles a todos os grupos o seu apoio na moción anterior.

Eu creo que María Casares non debía precisar introdución nin presentación entre nós, pero, por se acaso, farémolo. E empezarei por indicar a súa condición filial ou familiar, foi filla de Santiago Casares Quiroga, o primeiro ministro da República. Por tanto, tamén ela sen dúbida persoa de liñaxe, e non só liñaxe senón tamén de actitude e de actividade republicana. Sempre se reclamou a si mesma dese xeito e tamén, por suposto, como exiliada, que foi a vida que lle tocou vivir a ela. Outros non tiveron a mesma sorte, na súa propia familia padeceron a represión despois do golpe do 18 de xullo.

Pero sobre todo María Casares foi unha soberbia actriz. Creo que é difícil, ás veces paréceme, dar a entender a magnitude da súa talla como actriz. Era unha actriz galega, nacida en 1922, 100 anos do seu nacemento, que marcha de xeito forzoso para Francia no 36 ao exilio, é dicir, con 14 anos. Alí asiste a clases de dicción e clases de interpretación, convértese na primeira actriz do teatro francés de posguerra, é impresionante, é difícil case, case, de ponderar o tremendo esforzo e o tremendo talento desta muller para, nunha escena tan chauvinista e tan francesa como é o teatro parisiense, as táboas parisienses na posguerra, que unha actriz cunha leve dicción galega, polo tanto, con soberbio adestramento da súa dicción, fose capaz de converterse na primeira actriz da escena francesa de posguerra.

Interpretou os clásicos franceses, a Racine; os ingleses, a Shakespeare tamén, por suposto os gregos, as traxedias de Eurípides, de Sófocles e ademais. Foi, insisto, a primeira dama nesas escenas, nesas táboas francesas de posguerra, e foi tamén a actriz fetiche do que podemos considerar como teatro existencialista deses autores que tamén toman protagonismo aí, Sartre, por suposto, e non esquezamos a Albert Camus, que acabaría por ser tamén o seu compañeiro en unión libre, como saberán moitos de vostedes.

E tamén foi actriz de cine. Protagonizou parte das películas do primeiro ciclo dese cine experimental francés tamén desta época de posguerra, con Robert Bresson por exemplo e outros. En definitiva, una actriz dunha enorme talla internacional.

Estamos no centenario do seu nacemento, aquí a Deputación da Coruña é titular deste Teatro Colón. Eu non poño en disputa desde logo os méritos que teña o navegante xenovés ou pontevedrés para ser honrado con este teatro da Coruña, pero

desde logo, no que se refire a méritos como dramaturgo ou como persoa de escena, eu creo que está moi lonxe dos méritos que poida aportar esta primeira actriz coruñesa, esta primeira actriz galega.

Existen ademais moreas de teatros con ese nome Colón polo mundo, en Iberoamérica, tamén no resto do Estado. Non existe ningún teatro María Casares na súa vila natal, na súa cidade natal, tampouco no seu país natal. Estamos no centenario do seu nacemento e pensamos que é unha merecidísima ocasión para que esta actriz –insisto– creo que talvez pola natureza da súa arte, unha arte efémera como son a dramaturxia, o teatro, da que ás veces é complicado gardar memoria para unha actriz dunha talla impresionante, inmensa, reciba a honra que merece na súa cidade e na súa provincia natal.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Couto Rodríguez

Ben, bo día a todos e a todas.

Tráese aquí a valoración e o cambio do nome do Teatro Colón polo de María Casares, ademais da recensión que acaba de facer o Sr. Lema de quen era Colón e de quen era María Casares, eu creo que o temos que poñer en valor. Evidentemente, cando no ano 48 se abre o teatro coruñés Colón, estaba en pleno auxe e era un referente o teatro bonaerense tamén chamado Colón. E é que en Sudamérica pois había unha ola de bautismos con este nome porque, evidentemente, o teatro de referencia era o teatro Cristóbal Colón de Bogotá. Se o coruñés colle do teatro bonaerense, que era a referencia no ano 48, o teatro bonaerense colle o nome de Colón por este teatro de Bogotá, que era a referencia. Pero evidentemente tamén colle o nome de Colón nunha especie de tributo que facía, ou polo menos iso apuntan os historiadores, de tributo a Eva Perón, que lle botaba un cable neste anos ao ditador.

E quen foi María Casares? María Casares era unha muller de teatro, como todos sabemos nacida na Coruña, que levaba A Coruña e a súa comarca no corazón, a pesar de que ela tivo que marchar ao exilio. Lembramos que ela dicía que tiña na súa casa un bote con area da praia de Bastiagueiro, mais tamén que recordaba anécdotas sempre da súa infancia en Montrove e tamén na rúa Panadeiras da Coruña.

Unha muller evidentemente prolífica na súa carreira artística, aquí na moción figuran varios premios: Nacional de Teatro en Francia, da Lexión de Honra francesa tamén, recibiu a Medalla Castelao no ano 1990, e ademais é filla predilecta do Concello da Coruña do ano 1984; ademais dos premios Molière, a Medalla ao Mérito en Belas Artes dado polo Goberno español, etc. Por tanto, é unha muller sen dúbida de teatro, é unha muller que tratou coa intelectualidade europea e española, que sempre comentaba que ela era galega e coruñesa.

Lembramos que o máis prestixioso premio de teatro aquí galego leva o seu nome e que ela mesma deu o visto bo a que estes premios levaran o seu nome porque o tamén grande Lino Braxe foi o que estableceu contacto con ela para que estes premios fosen chamados María Casares. E tamén naquela época houbera unha

propuesta de mudanza para este teatro.

Por último, son moitas tamén as entidades galegas e coruñesas de prestixio do mundo da cultura e do teatro as que asinan por este cambio e que argumentan que este cambio sería de xustiza, entidades do sector do audiovisual, do teatro, do mundo da cultura, en xeral, xente que sabe disto, que sabe recoñecer unha actriz e unha muller que levaba o nome da Coruña por toda Europa e por todo o mundo. Nada máis.

Sra. Gallego Neira

Si, buenos días a todos.

Bueno, no cabe duda de que María Casares fue la gran dama del teatro francés, coruñesa de nacimiento y que este año se conmemora su centenario y, por supuesto, desde el Partido Popular apoyamos, como no puede ser de otra forma, todas las iniciativas destinadas a celebrarlo. Tanto el Ayuntamiento de A Coruña como la Xunta tienen una extensa programación para celebrar el centenario y que nosotros aplaudimos.

La propuesta de cambiar el nombre a un teatro con el arraigo que tiene el Teatro Colón, pues podría incluso valorarse en caso de que no existiesen otros recintos a este efecto, teatrales, auditorios... Además existen y en la ciudad, o sea que no hace falta cambiarle el nombre al Teatro Colón.

Como dice la propia página web, el Teatro Colón desde su apertura en 1948 queda asociado de forma irremediable en la memoria de A Coruña a los grandes hitos del celuloide como *Lo que el viento se llevó* u otros grandes estrenos de Hollywood que marcaron una época.

Cambiar el nombre al Teatro Colón sería como cambiar el nombre al Jofre de Ferrol, o cambiar al Teatro Rosalía, nadie lo entendería sinceramente en esta ciudad. Dotar de su nombre, del nombre de María Casares a un espacio teatral que no lo tiene y que además es de titularidad municipal nos parece totalmente adecuado.

El Fórum Metropolitano cuenta con una sala de cine que lleva el nombre de Fernando Rey, otro grande del cine coruñés e internacional y, en ese mismo centro, existe el teatro auditorio que no tiene nombre de ninguna figura destacada ni del cine, ni del teatro ni de la danza; o sea, no tiene nombre. Y lo mismo sucede con el teatro auditorio del Centro Ágora, que tiene un importante aforo y también es municipal, podría denominarse también Teatro María Casares.

Nosotros en el Pleno de Coruña, que se llevó ya esta moción –creo que allí la llevó la concejala no adscrita que se fue de la Marea y que ahora está en Podemos, bueno ya estaba en Podemos, pero que se separó de la Marea–, presentamos una enmienda en este sentido. Entendemos que a un teatro con el arraigo del Teatro Colón no se le debe cambiar el nombre, porque tenemos espacios teatrales suficientes en la ciudad para que se haga, se le ponga el nombre de María Casares. Entonces, cualquier iniciativa en este sentido nosotros la apoyaríamos, pero el cambio de nombre a un teatro como el Colón, que está en el ADN de los coruñeses, y esa manía de cambiar nombres pues, sinceramente, no nos parece y vamos a votar en

contra.

Sr. Lage Tuñas

Grazas, señor presidente.

Sr. Lema, esta moción xa foi debatida no Pleno municipal da Coruña, como vostede ben sabe, como se acaba de recordar aquí, a iniciativa da concelleira de Podemos, formulando un revisionismo, un revisionismo ao que vexo que vostede tamén se suma. Evidentemente, creo que os eloxios ou o recordatorio histórico sobre unha figura que transcende absolutamente o plano local e o plano, diría, do propio Estado, quero dicir, estamos a falar dunha figura de carácter internacional, eu creo que niso podemos coincidir absolutamente todos.

E, desde logo, o feito de poñer en valor e de recoñecer a figura de María Casares é algo no cal o propio Goberno municipal da Coruña, como vostede ben sabe, formando parte da Corporación, estao facendo precisamente no ano de María Casares, cunha serie de iniciativas bastante potentes para difundir este legado, que ademais creo que debe ser un legado colectivo. Entre outras cousas, porque tamén ten que ver coa memoria e coa nosa historia; coa memoria e coa nosa historia se temos en conta a súa vida e o que supuxo, tendo en conta episodios desde logo que non deberían volver repetirse na historia, se é que aprendemos algo dela, como os relacionados coas vivencias ao redor do ano 36, golpe de estado, represión, franquismo. E desde logo, cando se fala de memoria histórica, pódese facer cun concepto amplo ou coa idea de revisionismo. Non se trata de facer revisionismo, do que se trata é de ver como podemos darlle o maior alcance posible á figura de María Casares.

O Teatro Colón, como xa se ten dito aquí, forma parte do ADN dos coruñeses e das coruñesas, é un edificio senlleiro, singular, que ademais pertence á Deputación Provincial da Coruña, e que non creo que deba resolverse a través de ningunha moción poñerlle nome a ningún edificio. En calquera caso, na cidade dispomos de espazos emblemáticos no ámbito da cultura e o propio Goberno municipal da Coruña daralle seguramente resposta, de forma penso que bastante satisfactoria, ás demandas que teñen feito diferentes colectivos, pero sobre todo por unha cuestión de convencemento. Non se trata de desvestir un santo para vestir outro, trátase nin máis nin menos que de ser respectuosos coa historia, co nome, porque o Teatro Colón tamén ten un nome, Sr. Lema, sen acritude ningunha, un nome que a uns lles pode gustar máis e a outros lles pode gustar menos, pero desde unha visión non sectaria, desde unha visión ampla da sociedade, sobre todo desde unha visión que sexa o reflexo dun sentimento da inmensa maioría dos coruñeses e das coruñesas, non se trata de anular o Teatro Colón para poñerlle o nome de María Casares. María Casares merece o nome dun teatro, dun centro cultural, dun espazo onde se celebren eventos, dun espazo público en definitiva onde poidamos recoñecer a súa figura e a súa traxectoria, que é un orgullo para todas as coruñesas e coruñeses, pero desde logo non hai por que facelo cambiándolle o nome ao que é o Teatro Colón. Por iso a nosa posición é contraria e é de rexeitamento a esta iniciativa. Non porque non coincidamos, que si temos unha coincidencia ampla ao destacar a figura de María Casares, senón porque entendemos que a forma de darlle valor á súa figura non é negando a realidade do Teatro Colón, senón dándolle outro espazo.

Seguramente hai formas e respectámolo, como non pode ser doutro xeito, hai formas de entender a sociedade; a nosa forma é unha forma inclusiva, é unha forma de non negar o que pensa a maioría, nin de non negar a historia, pero si ser capaces tamén de darlle valor a traxectorias como a que vostede trae hoxe aquí. Pola parte do recoñecemento, xa non cultural, senón dunha figura moito máis relevante que no ámbito cultural, toda a coincidencia; na forma, e no que se pretende facer non podemos coincidir pero, en calquera caso, deben saber que a nosa posición é unha posición favorable, e que non só neste ano de María Casares, onde hai iniciativas moi potentes, ano 2022, senón que en anos sucesivos, na cidade se lle dará valor á figura de María Casares facendo un elemento permanente de reivindicación do seu legado.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. García Seoane

Non tiña pensado intervir, porque dera o visto bo a esta moción na reunión que tivemos de portavoces. Cando se fala de nomes, eu son unha persoa que son contraria a andar cambiando os nomes de prazas e de rúas, etcétera, excepto que sexa por razóns moi claras de xente asasina, que masacrrou as poboacións no país e que ao final se puxo nomes de rúas, de hospitais, de cousas. Aínda hoxe se fai tamén por algúns políticos, entón, ponse nome de fulanito de tal, alcalde, non sei que, aínda están, como di o outro, vivos e non teñen xustificación ningunha, pero puxérono. Por tanto, eu non son partidario do cambio de nomes.

Eu teño no concello de Oleiros o tema da memoria histórica, todo o mundo sabe que eu non son un home de dereitas, son un home de esquerdas, e négome nalgúns casos a cambiar nomes, como fixen no meu concello cun edificio que é unha escola. As dúas únicas escolas que houbo fíxoas este señor que era alcalde na República, militar, perdón, na ditadura de Primo de Rivera, tamén estivo despois do golpe de estado 6 meses de alcalde e, como non lle ía ben ao Goberno, sacárono e punto. Era un xeneral, a casa que está ao lado do concello, o que é o salón de plenos hoxe, era unha casa que era dese señor, que eu rescatei, non leva o nome del indubidablemente. Hai dentro da casa un busto desa persoa porque foi unha destacada persoa que naqueles anos, sendo alcalde militar na ditadura de Primo de Rivera, levou adiante a construción de escolas no noso municipio, que non había ningunha. E multaba os pais dos nenos, dos fillos dos labradores, que non había outra industria, ou pescadores, multábaos por non levar os nenos á escola, con 25 pesetas. Hai montóns de actas, pero nunca chegou a cobrarlles a multa; abríalles expedientes para que levasen os fillos, para que se educasen na escola que el montara. Por tanto, ten todo o mérito do mundo para seguir mantendo nas portas dese edificio, que se pasa pola estrada de Montrove, cerca da casa de María Casares, a 100 metros da casa de María Casares, e pódese ver alí "Directorio Militar tal tal tal".

Por tanto, eu non teño ningún problema neses temas de manter eses nomes e ademais négome a cambialos. Este tema que falamos hoxe, ben, Colón hai tantas versións sobre Colón que é tremendo. O que está claro é que Colón descubriu América segundo din algúns, pero despois tamén as que fixemos alí, manda truco! De feito agora por toda Latinoamérica estásenos intentando virar a situación. Por tanto, a historia moitas veces vale a pena non removela moito porque entón tal.

Que sucede? No caso que estamos a falar de María Casares, por certo tiña

unha casa na Coruña e outra en Oleiros, como todos os intelixentes que queren vivir ben, naquel entón xa viñan para Oleiros a vivir ben; e montaban pazos, e tiñan un pazo alí en Montrove na entrada, fronte ao edificio Videlba, onde viñan pasar longas tempadas e onde facían tertulias, o pai facía tertulias con artistas, con políticos, con escritores. E, por tanto, hai unha historia desta persoa no noso municipio, unha historia importante. Ela nas súas cartas fala de Bastiagueiro, é dicir, que viviu Oleiros, viviu Oleiros intensamente. Cando me dixeron de poñerlle o nome dela, pareceume ben no sentido de que por riba despois foi unha gran artista a nivel internacional e, desde logo, merece ser recoñecida. Pode ser o Teatro Colón? Se non hai outra situación mellor, indubidablemente si; o que non se lle pode dar é un suburbio, unha praza, unha rúa, un suburbio calquera a unha persoa con tanta historia para a cidade da Coruña e para Oleiros tamén, incluído na comarca. Por tanto, pero xa só na cidade da Coruña, o que importa é a cidade da Coruña e cremos que, se non fose este nome, eu vou votar á moción que si, pero se isto non fose, a moción xa vexo que non se vai aprobar, eu pediríalles a algúns que falan tamén da historia que non dubiden en poñerlle un nome urxente, porque na Coruña hai edificios emblemáticos para poñerlles nomes. O Palacio de la Ópera, por exemplo, o Palacio de la Ópera, claro que hai sitios, e deixémonos de ao mellor deixamos tranquilo, eu vou votar, pero deixamos tranquilo o Teatro Colón porque, se non fose a Deputación, o Teatro Colón ía no carallo, cos distintos gobernos que tivo, que o recuperaron. Desapareceron cines, desapareceron teatros, desapareceu todo na cidade da Coruña excepto dous temas que están na man da Deputación: Teatro Rosalía de Castro e Teatro Colón, o demais desapareceu todo, grazas á Deputación, grazas á Deputación.

Por tanto, eu vou votar si a esta moción e, se non se aproba, eu diríalles a aqueles que están na cidade que hai moitos sitios, pero entre eles un emblemático podía ser o Palacio da Ópera.

Nada máis.

Sr. Lema Suárez

Novamente estamos falando de, aparentemente, de políticas de memoria. Eu a verdade esta proposta non se fai contra ninguén, faise a favor de alguén. Entón a min realmente sorpréndeme o estilo na réplica da representante do Partido Popular e do representante do Partido Socialista. O Partido Popular expresou unha serie de argumentos, mellores ou peores, estimables en todo caso, cos que eu non concordo. Eu tamén penso, como acaba de expoñer o Sr. García Seoane, que a persoa de referencia merece tamén un lugar de referencia, non os que vostede citaba, con todos os respectos, Sra. Gallego.

Sopréndeme que o Sr. Lage, representante do Partido Socialista, necesite caricaturizar ou empregar termos como sectarismo ou revisionismo para cualificar esta moción que vén referendada, apoiada por unhas 20 asociacións do tecido social e cultural da Coruña ás que vostede acaba de alcumar de revisionistas e de sectarias. Eu, a verdade, non tería nunca esa capacidade para cualificar así esta relación de entidades que, se quere, están nos anexos da nosa moción, pode vostede lelas, que son as que a promoven. Entón, se vostede quere dicirlles a todas estas asociacións que lle vou citar agora, se me permite, que son revisionistas e sectarias, ánimoo a facelo: Asociación Cultural Alexandre Bóveda, Asociación Cultural O Facho, Ateneo Republicano, Comisión para a Recuperación da Memoria Histórica da Coruña,

Asociación dos Amigos de Museos de Galicia, Fundación Luzes, Fundación Uxío Novoneyra, Compañía de Teatro Noite Bohemia, Manicómicos, Asociación Cultural AIS, Sección Galicia da Sociedade Española de Estudos Clásicos, Maquinaria Pesada, Asociación Proxecto Máscaras, o Novo Normal na Coruña, colectivos No me Pises lo Fregao, as Comadres Cigarreiras, comparsa Os Maracos. Todos estes son revisionistas e sectarios. Ou sexa, un pouquiño de respecto, imos baixar un pouquiño o gas, a tensión, imos dar argumentos, non imos meternos, creo, en pozas, que non era a miña intención meterme. Esta é unha proposta promovida por dez asociacións da Coruña que merecen todo o respecto e, polo tanto, eu o que pido é que se retiren aquí cualificativos, que non foron en ningún momento expresados por esta persoa na súa defensa. E, polo tanto, esta relación de entidades da Coruña non son sectarias nin tampouco revisionistas, e pido que se retiren eses cualificativos da acta.

Nada máis e moitas grazas.

Sra. Gallego Neira

Muy brevemente, vamos a ver, ¿el Ágora no es un centro de referencia?, ¿no tiene un auditorio importante?, ¿auditorio teatro?, pregunto, eh. ¿Fernando Rey no era un actor coruñés con destacada trayectoria internacional? pregunto; pues tiene una sala de cine en el Fórum Metropolitano. A lo mejor es que a la Marea Atlántica o a alguno no le gusta porque están en un barrio y no están en el centro, no lo sé, pero vamos, yo creo que tiene entidad suficiente, desde luego; vamos, yo creo que no se trata de cambiar nombres. Bueno, el señor García Seoane dice unas cosas que, claro, pues que le haga un teatro también en Oleiros, que tampoco estaría mal, pero, bueno.

Nada más.

Sr. Couto Rodríguez

Dous apuntamentos rápidos. A verdade é que cando se poñen nomes enriba da mesa, Fernando Rey, evidentemente, pero Fernando Rey é coñecido e é recoñecido basicamente pola súa traxectoria cinematográfica, aínda que evidentemente era tamén un home do teatro. Pero é que María Casares é unha muller de teatro, fundamentalmente, recoñecida internacionalmente máis alá de calquera fronteira neste mundo do teatro e do mundo no que vivimos.

E, por suposto, eu creo que o cambio de nomes habitualmente faise. O Teatro Galileo, que tamén era un nome moi coñecido e recoñecido, pasouse a chamar Teatro Quique San Francisco, por exemplo. Ou sexa, non hai que temerlle aos cambios de nomes. Tamén hai certos aeroportos que cambiaron de nome ou se lles apuntaron nomes a maiores, e tampouco eu creo que haxa que ter ningún medo a estes cambios, sempre que ademais se fagan a favor.

Colón non era un home do teatro, María Casares si, unha muller do teatro a nivel internacional, e nós cremos que si merece que este teatro fundamental da cidade da Coruña leve ese nome.

Nada máis.

Sr. Lage Tuñas

Grazas, señor presidente.

Sr. Lema, non sei se se trabuca de corporación ou de debate, creo que tensión non hai ningunha, o que hai son argumentos, e o que hai é moito infantilismo político cando se abordan debates. O problema é que non se lles chama ás cousas polo nome, e o problema é que cando a un lle din as cousas e non lle soan ben intenta retorcelo para dicir que se lle chamaron... Non lle chamaron nada, as entidades, mellor ou peor, cada unha ten o seu criterio e expresouno, e lóxicamente respectámolo, como non imos respectar que as entidades, ás que vostede aludiu, unhas máis coñecidas e outras menos coñecidas, pero todas respectables, poidan propoñer, claro que poden propoñer, pero o grupo propoñente o que trae aquí unha proposta, supoño que poderá defender e pódese defender a proposta de moitas maneiras. E eu o único que fago, Sr. Lema, é poñerlle no espello aquilo que están facendo, que non lle gusta que llo digan, que é revisionismo, claro que si, como que non? O problema é que estamos xa nos debates políticos nos que non se lle pode chamar a nada polo nome, porque entón non se sabe que é o politicamente correcto. Que é o politicamente correcto, Sr. Lema? Eu podía vir aquí e meterlle o dedo no ollo, mira é que o propuxo a concelleira de Podemos... A min dáme igual quen o propoña. Vostede di aquí que se inicie un trámite para cambiarlle o nome ao Teatro Colón; cales son as razóns de fondo? Vostede non entende que lle diga que coincidimos na posta en valor da figura de María Casares? Supoño que iso si o entende, supoño que entende que hai espazos na cidade, e ademais díxenlle que se abordarán, e que seguramente se lle dará unha resposta relativamente rápida. Que se intenta ademais con este tipo de cuestións facelas sen que sexan cuestións de parte. Ao mellor é que somos un pouco *viejunos*, Sr. Lema, e temos unha visión un pouco anticuada; é que ao mellor non se trata de andar cambiándolle os nomes. É dicir, o Teatro Colón non ten un nome, non ten unha singularidade?

Eu podíalle poñer exemplos a vostede, a quen falou con anterioridade e podíamos cambiar, non hai ningún problema. Depende sempre dos nomes que cambiemos, porque se onde pon Che Guevara, por dicirlles un nome, poñemos... cal quere que lle diga?, Pablo Iglesias Pose, que lle parece? Ou se falamos de Konrad Adenauer, un demócrata conservador, que lle parecería?

Entón, pódese ter unha visión sectaria, si, sectaria, pero por que o vive como algo malo? Vostede fai unha proposta, que non é unha proposta inocua, non é unha proposta neutra, claro que non o é, como que o é, o problema é que non se pode ter, xa non hai debates, o que hai é infantilismo político cando se di "é que lle chamaron sectario ou revisionista", é que o é. É que se vostede quixera poñer o nome de María Casares, coñece 25 edificios onde se pode facer. Respectable que poidan querer cambiar o nome? Si, tan respectable como que eu diga que o que están é facendo revisionismo, porque se en vez de chamarse Teatro Colón se chamara o teatro doutra maneira, se quere póñolle algún exemplo máis, non creo que vostede estivese de acordo. O problema é que nunca se poden ter estes debates cun mínimo de profundidade, sempre quedamos en meter o dedo no ollo. Eu creo que hai dúas actitudes diante disto, que é intentar facer revisionismo, ou intentar ver se hai un mínimo acordo para buscar un espazo singular na cidade que leve o nome de María Casares.

Non coñezo, Sr. Seoane, ningún suburbio na cidade da Coruña, tampouco en Oleiros, paréceme que por sorte ese tipo de denominacións están bastante superadas. Haberá moito que mellorar en todos os sitios, e en calquera caso, pola preocupación que manifesta, aclárolle que o Goberno municipal da Coruña intentará dar coa maior prestancia un espazo que sexa recoñecido por todos. Os que se citaron aquí sono, poden ser eses ou poden ser outros. En calquera caso creo que puxo un bo exemplo do que é non facer revisionismo, e creo que está ben non facelo.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

A verdade é que, como era previsible, lonxe de corrixir, avanzamos un pouquiño máis nun camiño errado. Non houbo nada na miña exposición de motivos que fose un cuestionamento do valor histórico, da súa significación, do que supuxo Cristobal Colón, non o discuto a verdade, non era a miña intención caer nunha valoración ou xuízo sobre a súa relevancia histórica ou os seus efectos; a verdade é que non me interesaba, nin é motivo desta moción, nin sequera creo que sexa o motivo desas persoas, desa ducia de entidades que vostede cualifica como revisionistas e sectarias, e agora ademais infantís; *bueno, bueno!*

Para non enzoufarnos moito con esta cuestión, eu creo que ás veces é unha mera cuestión de estilo ou de retórica, de respecto ao que outra persoa representa. Eu non vou dicir que o Partido Socialista fai demagogia ou hipocrísia porque entre o que predica e o que finalmente fai hai unha enorme distancia. Eu teño un enorme respecto polos votantes do Partido Socialista, porque coñezo moitísimos, como todos vostedes, e tamén un enorme respecto polos votantes do Partido Popular; de maneira que non vou cualificar os seus representantes con cualificativos que, basicamente, penso que non son acaídos. Non son acaídos os cualificativos desde logo nin de sectario, nin de infantil, nin de revisionista para as persoas que propoñen nesta iniciativa, que o fan creo que desde unha vontade lexítima de que na Coruña teña o merecido recoñecemento unha figura desta entidade nun lugar como hai poucos, como é o Teatro Colón. E, desde logo, ninguén cualificou o Teatro Colón, o nome do Teatro Colón entra dentro da categoría dos supostos que recolle a Lei de memoria histórica, por iso non se leva por ese canle, lévase por outro, e por iso estamos falando deste Pleno que é o que ten a capacidade para mudar o nome se se dispuxese.

Entón, por favor, por favor, non faga vostede a trampa de dicir que o que eu expoño, as miñas palabras, queren dicir algo que a vostede lle gustaría que dixese pero que non dixeran. É que ese é o problema, Sr. Lage, vostede está escoitando algo que lle gustaría que eu dixera, que eu fose aquí alguén que tira con estatuas de Colón ou que apoia non sei que, pero o malo é que iso non sucedeu. Entón, por respecto a quen defende esta moción e por respecto tamén a quen as cualifica, creo que non é unha boa praxe que vostede os cualifique nin como sectarios, nin como infantís, nin como revisionistas, porque se trae aquí desde a boa vontade. Eu respecto a figura de Colón, que talvez sexa pontevedrés, pero isto non é Pontevedra, isto é A Coruña, e por iso propoño o nome de María Casares no centenario do seu nacemento.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. García Seoane

Ben, non é raro escoitar na voz do Sr. Lage o que aquí se dixo. É unha persoa que igual traballa para un grupo que traballa para outro, igual está nas filas do PSOE, que despois vai asesorar o PP, e volve ao PSOE, etcétera, etcétera. Por tanto non é raro nunha persoa que pega uns cambios tan grandes oír estas palabras que escoitamos aquí neste... E logo dicir Che Guevara, unha persoa que presume de andar de esquerdas e Che Guevara. Non hai ningunha praza que se chame Che Guevara, non hai ningunha rúa... Hai unha rúa que se chama Che Guevara, e hai un monumento ao que se refire vostede que foi doado pola Escola de Arte de Cuba ao Concello de Oleiros e que representa unha das persoas máis emblemáticas do século pasado no mundo, unha persoa emblemática, defensor dos pobres, loitador e libertador, porque se fala de Colón, pero canta xente libertou o Che Guevara en Latinoamérica, en África, etcétera, etcétera? Canta xente, cantos países lle deben a liberdade que teñen hoxe, todos estes países destas latitudes. Por tanto, é alarmante oír estas cousas.

E logo dicir que suburbios na Coruña, lamentablemente na Coruña hai suburbios, e hai suburbios porque os gobernos da Coruña non souberon tomar medidas con esas localidades, con esas zonas do municipio e que están esquecidas desde o inicio da democracia, como é Eirís, unha parte de Eirís, o Eirís vello; como é a parte antiga das Xubias; como é a zona miserenta da Ponte Pasaxe; iso non é un suburbio, iso é unha miseria, iso é unha tristeza. Por tanto, aplíquense nos seus labores e fagan o que teñen que facer e déixense de enganar a cidadanía.

Por tanto, non confunda vostede o tema e teña argumentos tan mediocres e tan baixos, porque non me estraña porque, xa digo, unha persoa que igual asesora a un de extrema dereita ou de dereita e a outro do PSOE, pois non me estraña nada.

Sr. Lage Tuñas

Sinto que non estean acostumados a que lles contesten, sinto que estean acostumados a poder dicir auténticas barbaridades e que ninguén lles diga que son barbaridades. E sinto que estean acostumados a que os debates se resolvan por *bravuconería* ou poñendo a pistola sobre a mesa, pero a min non me van intimidar.

Sr. García Seoane, vostede en Oleiros faga o que considere conveniente, que creo que é respectado como tal. E, cando vostede fai alusións á cidade da Coruña, ten que entender que lle expliquen, que lle corrixa se é o caso e que, ademais, lle contesten. Que vostede intente facer unha descualificación do tipo que fixo, ben, eu creo que se cualifica vostede por si mesmo. A min, como pode comprender, se o fai para provocarme, xa lle digo que non vai atopar contestación; primeiro, porque é falso o que dixo, e, segundo, porque creo que o nivel político se demostra, non con *bravuconería*, senón con argumentos.

Que hai do eu que dixer na miña intervención que sexa incorrecto? Puxen un exemplo, un exemplo referido ao que dicía a Sr. Lema: se onde pon Colón se puxese Che Guevara, cal sería o problema? É que vostede ten o patrimonio da figura do Che Guevara? Non creo, vostede nomee o que considere conveniente, alguén llo cuestionou? Ninguén llo cuestionou. Revise o que eu lle dixer. Eu díxenlle nalgún momento que me parecera ben ou mal? Simplemente digo que se intenta facer

revisiónismo e non gusta. O Sr. Lema di “non, é que a vostede gustaríalle...”, a min non me gustaría nada, vostede veu aquí a propoñer un cambio dun nome que non é neutro, que non é neutro, e cando un propón o cambio dese nome ten que asumir que lle poidan contestar.

Eu púxenlle o mesmo exemplo. Se en vez de ser Teatro Colón fose teatro Che Guevara, que non sei por que lles molesta poñer o exemplo, dirían o mesmo? Pois eu creo que non, eu creo que non. O problema é cando os poñen diante do espello, e, como habitualmente non o fan, pois ao mellor teñen este problema. A min non me van intimidar con este tipo de actitudes. Se vostede considera que na Coruña ten algo que facer, xa sabe o que ten que facer, que é presentarse ás eleccións, xa se presentou a súa formación política e xa os coruñeses lle dixeron o que lles parecía. Co cal, mire, pois siga facendo propostas se considera que en Eirís hai que facer algo ou nas Xubias e tal. Evidentemente, claro que sempre hai moito por facer e, por certo, a maior parte das persoas que se dedican ao servizo público consideran que se poden equivocar, salvo algúns que son iluminados, que consideran que teñen sempre a verdade e non se equivocan nunca. Eu atópome no terreo dos que nos equivocamos; non sei no terreo no que se atopa vostede. Desde logo, no diálogo, todo, no entendemento, todo, na discusión, todo, nas actitudes de intimidación xa lle digo que estarei sempre en fronte, porque o debate pode ser duro, o debate pode ser duro, pero que eu saiba o que estaban defendendo aquí é cambiar o nome do Teatro Colón, e o que se está facendo é defender que non se cambie. Cal é o problema diso?, ou é que hai máis razón en defender o cambio e non hai a mesma razón á hora de argumentar a non defensa? Hai algunha primacía ideolóxica, cultural sobre aqueles que non o vemos igual? Un pouco de respecto, un pouco de respecto. Hai persoas e grupos políticos que consideramos que María Casares nesta cidade vai ter espazo e, ademais, tócanos gobernar a cidade e decidiremos onde se lle dá ese nome, nada máis. E consideramos que o Teatro Colón forma parte xa do ADN desta cidade. Os coruñeses e as coruñesas, ao noso entender, non entenderían, por moitas entidades que o pidan, e que somos súper respectuosos con esas entidades, pero entendemos que a maioría non considera que se lle deba cambiar o nome ao Teatro Colón.

Por certo, o Teatro Colón e todas as actuacións que fixo a Deputación Provincial, a maior parte das veces baixo presidencia socialista, por certo, e a recuperación de espazos ou edificios nesta cidade baixo o mandato socialista, con Francisco Vázquez e con Javier Losada, e agora con Inés Rey, aínda que lles doía, aínda que lles doía! Vostedes poden facer mocións, o que fixo o Partido Socialista foi equipamentos culturais e centros cívicos. Vostedes poden pedir que lle poñamos nome, poden pedilo, pero de momento nesta cidade quen cambiou esta cidade e quen revolucionou esta cidade foi o Partido Socialista, e a algúns non lles gusta que se diga, da man de Francisco Vázquez, de Javier Losada e de Inés de Rey. E o que lles queda de momento é presentarse ás eleccións e a ver se os votan. Esa é a realidade.

Nada máis.

Sr. García Seoane

Feitos recentes, fálase de bravuconería, bravuconería, di que son un bravucón. Eu creo que un bravuconcito, un bravuconcito é a persoa que acaba de dicir iso, porque eu lle vin aquí nesta sala uns feitos desprezables de bravuconería cara persoas que tiña que respectar, e vinllo aquí nesta sala. Pero ademais,

recentemente, os acontecementos na Coruña, tamén houbo bravuconería contra os mesmos compañeiros de Partido. Por tanto, si hai un bravucón, é vostede, é o único que hai. E un iluminado, vostede ten un afán de poder tremendo que dubido que vaia chegar onde queira, dubido que chegue a esa meta que se propón. Pero, ben, alá vostede e os que o avalan.

E dicirlle que eu represento a máis de 3.000 cidadáns na cidade da Coruña que me votaron a Alternativa dos Veciños, ou vostede non o sabe? E voume volver presentar para acadar presenza dentro do Concello porque, se non, non podo falar, como vostede di; claro, eu desde fóra non podo falar. Represento 3.000 cidadáns pero non son ninguén, represento 3.000 votantes, que son 5.000 persoas polo menos se contamos a familia que teñen na casa. Por tanto, ese son eu, Ángel García Seoane, e teño dereito a falar da Coruña todo o que me apeteza, representando estas persoas. Por tanto, aínda que non estea no Parlamento alí, teño outros parlamentos e teño a rúa, e teño as radios e teño os periódicos para dicir o que penso sobre cousas que se fan na Coruña ben ou mal. E bravucón vostede.

Nada máis.

Sr. Couto Rodríguez

Si, moi brevemente e por reconducir un pouco o tema, porque estabamos falando de María Casares e dos seus méritos. Eu simplemente lembrar que todos e todas nós podemos ver un programa que está á carta na páxina de RTVE que se chama *A Fondo*, que é un monográfico e unha entrevista con María Casares, e aí veremos todos os seus méritos, todo o seu valor e todo o recoñecemento que tiña sobre esta terra e, en concreto, esta cidade e a súa comarca.

Nada máis. Unha recomendación só.

Sr. Presidente

Grazas. Imos votar.

Si, breve, por favor, Sra. Gallego.

Sra. Gallego Neira

Simplemente, me gustaría que esta piel tan fina que tiene el señor Lage la tenga también, ya que se puso a hablar de A Coruña, en el Pleno municipal. Y solamente una cosa: estábamos hablando de María Casares, es una pena que se haya derivado este debate en bravuconerías y otras historias, y que el Gobierno municipal coruñés, aprovecho para pedirlo aquí, tenga en cuenta a la oposición, a toda, a la hora de ponerle nombre a algún recinto, o lo que sea de María Casares.

Gracias.

VOTACIÓN

Votan a favor: 5 deputados/as (3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 24 deputados/as (13 do PP e 11 do PSOE)
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Dacae a moción.

Sr. Presidente

Seguinte moción, presentada polo Grupo Popular sobre a mellora do ferrocarril Ferrol-A Coruña.

3.Moción do Grupo Provincial Popular de A Coruña, para solicitar a mellora do ferrocarril Ferrol-A Coruña

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 21 de decembro Galicia celebrou como o gran acontecemento a chegada do AVE á cidade de Ourense, tras máis de dúas décadas de obras e un longo camiño de reivindicación política e social desta infraestrutura.

Sen deixar de celebrar esta gran nova, os veciños das comarcas de Ferrol, Eume e Betanzos non poden evitar chamar a atención sobre o contraste entre esa modernización do ferrocarril da meseta e o estado de abandono da liña de tren que presta ao noso territorio un servizo máis propio do século XIX que da actualidade.

Mentres o tempo de viaxe para percorrer os 500 km entre Ourense e Madrid se reduce a 2 horas e 15 minutos, seguen a ser necesarias 1 hora e 20 minutos para salvar os 60 km que separan Ferrol da Coruña, aproximadamente o dobre do que leva facer ese percorrido en vehículo particular e moito máis que a viaxe en autobús, tres veces mais de tempo que desprazarse entre Coruña e Santiago.

Desde hai moitos anos, tanto o tecido social como o empresarial, vén reclamando a mellora das comunicacións ferroviarias das comarcas de Ferrol, Eume e Betanzos, xa que do contrario non completaríamos nin o Eixo Atlántico de Alta Velocidade nin o Corredor Atlántico de Mercadorías.

A pesar de ser o ferrocarril unha competencia da Administración Xeral do Estado, a Xunta elaborou en 2018 un estudo sobre as necesidades de actuación para a modernización e mellora da liña entre Ferrol e A Coruña. Plantexaba o Goberno do Estado un investimento inicial de 150 millóns de euros co obxectivo de reducir o tempo de desprazamento a 50 minutos. O daquela Senador Ángel Mato preguntaba oficialmente ao Goberno do Estado o informe, tempos, prazos e orzamentos, se ben retiraba a pregunta co cambio de goberno en Madrid en xuño de 2018.

Igual que sucedeu coa autoestrada, que chegou con 20 anos de retraso, a conexión ferroviaria supón un lastre para o noso desenvolvemento económico, de emprego e social, nun momento no que temos a taxa de paro e pobreza mais altas de Galicia.

Nos últimos 3 anos o Goberno central non realizou ningunha inversión encamiñada a modernizar a conexión ferroviaria entre Ferrol e A Coruña. De feito, nos Orzamentos Xerais do Estado para este ano 2022 unicamente contempla 17.000 euros para avanzar no estudo do baipás de Betanzos-Infesta, a todas luces insuficiente para

lograr mellora algunha.

A lamentable situación da infraestrutura ferroviaria entre Ferrol e A Coruña viuse agravada co deterioro continuo da oferta de servizos por parte de Renfe, amparada pola pandemia, sen que se recuperasen aínda a día de hoxe os servizos suspendidos.

As manifestacións do secretario xeral do PSdeG, Valentín González Formoso, tamén presidente da Deputación provincial da Coruña e alcalde das Pontes, apostando por "concienciar" ao Estado sobre a necesidade de mellorar o tren Ferrol-A Coruña, en lugar de esixir unha planificación concreta de obras, son unha mostra da escasa importancia que o partido socialista concede a esta necesidade.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón neste pleno que se adopte os seguintes:

ACORDOS:

1. Demandar ao Goberno do Estado unha xuntanza antes do 30 de xuño de este ano para a presentación dunha planificación concreta e completa a curto e a longo prazo para a modernización da liña ferroviaria entre Ferrol e A Coruña para ofrecer un tempo de viaxe competitivo que complete o Eixo Atlántico de Alta Velocidade e o Corredor de Mercadorías.
2. Demandar ao Goberno de España a incorporación aos orzamentos do 2023 do proxecto de modernización do ferrocarril Ferrol-Coruña e do importe necesario para a licitación das obras do baipás Betanzos-Infesta como primeira actuación para a mellora das comunicacións ferroviarias nestas comarcas.
3. Instar ao alcalde de Ferrol e á Presidenta de ADIF á sinatura coa Xunta de Galicia do convenio para a construción da estación intermodal de Ferrol, a única non iniciada das 7 cidades de Galicia pese ao anteprojecto e a reserva orzamentaria da Xunta de Galicia, que permita tamén contar coa praia de vías necesaria para o Corredor de Mercadorías.
4. Demandar a Renfe a restitución completa da oferta de servizos ferroviarios suprimidos por mor da pandemia e completar un conxunto de frecuencias suficiente para atender as necesidades e mobilidade dos veciños destas comarcas.

Sr. Galego Feal

Bos días. Dende o Grupo Provincial do Partido Popular tráese a este Pleno esta moción e non sen antes ler un breve apuntamento dunha noticia que aparecía alá polo 24 de marzo do ano 2013: "El Ramalillo cumple 100 años". El Ramalillo evidentemente é a derivación da vía do tren da Coruña a Madrid, e os reis Alfonso XIII e Vitoria Eugenia estrearon a liña con motivo de que había unha botadura dun acoirazado en Ferrol, pero fixeron falta manifestacións dos ferroláns e de toda a comarca, unha campaña de prensa que finalmente estaba para que o Estado inaugurarse un ano despois, o 5 de maio de 1913, esta liña que xa estaba terminada e que no gremio denominaron durante moitos anos El Ramalillo, por ser o ramal de ferrocarril A Coruña-Ferrol.

Mostra de abandono, inxuria, postergación, desinterese, xa que entón era

proverbial o tratamento do Estado a Galicia: “30 anos para unha liña de 42 km”, sinala o enxeñeiro de Obras Públicas Xosé Carlos Fernández no seu libro *O ferrocarril a Galicia*. A de Ferrol foi a primeira liña construída polo propio Estado e tivo unha gran demora por subastas de obras desertas, expropiacións de moitos anos e escasos presupostos.

O Ramalillo discorre por unha zona de concellos porque pasa 4 rías, espectaculares paisaxes: Betanzos, Betanzos-Infesta, Paderne, Miño, Perbes, Pontedeume, Cabanas, Franza, Mugardos, Barallobre, Perlío, Neda e Ferrol. Curiosamente, como se pode apreciar, non está Narón, porque daquela Narón, e precisamente cando se celebrou o centenario foise parando en todas esas estacións, pois Narón naquel momento non existía como tal. Co cal tamén creo que nesta moción haberá que ter en conta que no seu momento, se efectivamente, dunha vez por todas se acometen as obras de remodelación e de modernización do tren a Ferrol, desde Betanzos-Infesta a Ferrol, se teña en conta tamén aquí a Narón.

Pero a preparación desa conmemoración realizouna Renfe e por varios concellos, por todos os concellos practicamente, e daquela xa nesta noticia do ano 2013 dicían: “Na actualidade a liña Betanzos-Ferrol apenas ten movemento, as súas estacións están todas cerradas e os apeadeiros sen persoal”. Esta situación contrasta coa dos anos trinta do século pasado, onde só en Betanzos había un cadro de traballadores tan grande que incluso publicaban un boletín interno quincenal, que era *El Luchador Ferroviario*.

Recentemente tivemos a boa nova de que efectivamente o AVE chegou a Galicia, chegou á provincia de Ourense o 21 de decembro e que, desde logo, tras máis de dúas décadas de obras e un longo camiño de reivindicación, pois por fin chegou esa infraestrutura. E sen deixar de celebralo, é tan grande esta nova, pero os veciños das comarcas de Ferrol-Eume e Betanzos, que aquí están moi ben representados, non poden evitar chamar a atención sobre o contraste entre esta modernización do ferrocarril á meseta e o estado de abandono da liña do tren que presta ao noso territorio un servizo máis propio do século XIX que da actualidade. De feito, efectivamente eu estaba de alcalde o 13 de maio do ano 2013, celebrouse ese centenario, pasaron xa 9 anos e ao contrario, nada se fixo, máis ben suprimir liñas, xa antes da pandemia e agora coa pandemia moito máis.

Por tanto, desde hai moitos anos, tanto o tecido social como empresarial vén reclamando unha mellora das comunicacións ferroviarias das comarcas de Ferrol, Eume e Betanzos, xa que, do contrario, non contemplaríamos nin o Eixo Atlántico da Alta Velocidade, nin o Corredor Atlántico de Mercadorías. E, a pesar de ser o ferrocarril unha competencia da Administración Xeral do Estado, a Xunta elaborou en 2018 un estudo sobre as necesidades de actuación para a modernización e mellora da liña Ferrol-A Coruña, e presentaba ao Goberno do Estado un investimento de 150 millóns de euros co obxectivo de reducir o tempo e o desprazamento a 50 minutos. Daquela o senador, o señor Mato, preguntaba oficialmente ao Goberno do Estado informes, tempos, prazos, pero despois, claro, coa chegada do Partido Socialista ao Goberno central retirou a súa pregunta. Igual sucedeu coa autoestrada, que tamén nos chegou tarde, mal e a rastro e, afortunadamente, digo afortunadamente porque non houbo desgraza persoal ningunha, grazas a unha plataforma que estaba en Astano e que se foi contra a ponte.

Nos últimos tres anos o único que temos do Goberno central son agora 17.000 euros para o bypass Betanzos-Infesta; iso non vai solucionar absolutamente nada. E por parte, neste caso do secretario xeral do PSdG, o señor Valentín, que preside esta Deputación, aposta por concienciar ao Estado sobre as necesidades de mellorar o tren a Ferrol, pero concienciar non vale de nada, aquí hai que poñer feitos e situacións, e cartos sobre a mesa. Por iso traemos esta moción, que se vai incorporar, non sei se Bernardo vai ler a emenda. Entón quizais vou ler a moción tal e como está e despois incorporamos a emenda que se vai aceptar. Ou en todo caso eu podo lela xa, como vexas.

Sr. Fernández Piñeiro

Si, dou lectura xa da emenda, se vos parece, pactada co grupo propoñente da moción; e, señora secretaria, hai unha pequena modificación da emenda presentada. O punto 1, quedaría, propón substituír o texto do apartado 1 da proposta de acordo polo seguinte: “Demandar ao Goberno do Estado a presentación este ano dunha planificación concreta e completa a curto e longo prazo para a modernización da liña ferroviaria entre Ferrol e A Coruña para ofrecer un tempo de viaxe competitivo que complete o Eixo Atlántico de Alta Velocidade e o Corredor de Mercadorías”. O seguinte propón substituír o texto do apartado 3 da proposta de acordo polo seguinte: “Instar o Concello de Ferrol, ADIF e a Xunta de Galicia a consensuar a construción da estación intermodal de Ferrol coa praia de vías necesaria para o Corredor de Mercadorías”. E a terceira emenda que presentamos, retirámola; polo tanto, quedarían estas dúas nada máis.

Despois farei a miña intervención ao respecto da moción.

Sr. Galego Feal

Acéptase. Polo tanto, os acordos quedarían así:

1. Demandar ao Goberno do Estado a presentación dentro deste ano dunha planificación concreta completa a curto e longo prazo para a modernización da liña ferroviaria Ferrol-A Coruña para ofrecer un tempo de viaxe competitivo que complete o Eixo Atlántico da Alta Velocidade e o Corredor de Mercadorías.

2. Demandar ao Goberno de España a incorporación aos orzamentos de 2023 do proxecto de modernización do ferrocarril Ferrol-A Coruña e do importe necesario para a licitación das obras do *bypass* Betanzos-Infesta como primeira actuación para a mellora das comunicacións ferroviarias nestas comarcas.

3. Instar o Concello de Ferrol, ADIF e a Xunta de Galicia a consensuar a construción da estación intermodal de Ferrol coa praia de vías necesaria e o corredor de mercadorías.

4. Demandar a Renfe a restitución completa da oferta de servizos ferroviarios suprimidos por mor da pandemia e completar un conxunto de frecuencias suficientes para atender as necesidades de mobilidade dos veciños destas comarcas.

Finalmente, incorpórase esta emenda; había outra emenda presentada por escrito. Nosoutros aí matizabamos un pouco, porque no punto primeiro da moción

nosa falábase do 30 de xuño; evidentemente, se o que estamos pedindo é que se incorpore o ano que vén unha cantidade aos presupostos xerais do Estado, non pode darse un prazo *sine die* para que o Goberno central actúe e poña os correspondentes informes sobre a mesa.

E, por outra banda, suprímese o de axilizar o convenio para a construción da estación intermodal de Ferrol, a única non iniciada das sete cidades de Galicia, pese a que a Xunta ten o anteproxecto e a reserva orzamentaria. E por tanto parece que non é lóxico que todas as cidades, as grandes cidades teñan esa estación intermodal e Ferrol aínda non chegara a un acordo para conveniar coa Xunta de Galicia a súa construción.

Moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Celebramos que haxa acordo nesta moción. Púñase en dúbida no debate da Comisión se Ferrol precisaba ou non a estación intermodal pola proximidade entre as dúas, descoñézo, en todo caso celebro que haxa acordo. Somos un país que non ten nin un quilómetro sequera de ferrocarril de proximidade, de proximidade, e desde logo a falta de conexión, dunha conexión entre Ferrol e A Coruña é clamorosa. Creo que son importantísimos os vínculos económicos diarios, familiares, que existen entre as dúas cidades e agora mesmo temos unha conexión ferroviaria que non é digna, ía dicir, de tal nome. Evidentemente hai unha conexión ferroviaria, pero, desde logo, o que non presta son os servizos axeitados. Estamos falando dunha hora para percorrer esa separación entre dúas cidades tan achegadas.

Agora mesmo que temos tamén constantemente neste Pleno debate sobre cuestións relacionadas co prezo do combustible, da enerxía e demais, hai que dicir que o transporte ferroviario é dos máis sostibles, sobre todo cando se tende á electrificación da rede e por tanto de abaratar o seu custo en combustibles fósiles, e que, polo tanto, para unha axeitada transición ecolóxica si que habería que tentar potenciar por todos os medios o uso deste medio de transporte. Entón, celebramos que exista este acordo entre o Partido Popular e o PSOE, e agardamos que non sexan unha vez máis, simplemente, unicamente a título declarativo e que cando despois nos achegamos aos ministerios que teñen capacidade de orzamento para executar esta obra pois tenden a esquecerse unha e outra vez as promesas que se fan aquí en Galicia.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Regueira Varela

Moi bo día de novo. Xa adianto que imos votar a favor, imos votar a favor por acción; por omisión teríamos que votar en contra. Eu escoitei moi atentamente a intervención do voceiro do Partido Popular neste punto e dáme a sensación de que entre Alfonso XIII e o 2018 non sabemos o que pasou, iso é o curioso de todo isto. Aprobouse un Plan ferroviario estatal por parte dun Goberno do Partido Popular no ano 2000, que un conselleiro do Partido Popular en Galicia, por certo tristemente desaparecido, don Xosé Cuíña, tivo que emendar a plana varias veces porque esa liña nese plan estatal do Partido Popular nin sequera se mencionaba, tivo que se

introducir posteriormente. E eu tamén dalgunha maneira aplaudo que se sume o Partido Popular ao que dicía o BNG no ano 2000, porque no ano 2003, e aí están os diarios de sesións do Parlamento de Galiza e do Congreso dos Deputados, onde o BNG criticaba que o que se ía facer na liña A Coruña-Ferrol era un ferrocarril totalmente obsoleto. Á altura do 2000, 2001, 2002, 2003, obsoleto nesa altura, e agora resulta que nos damos conta no ano 2022. Ben, é curioso.

En todo caso, eu creo que todo o que di o Partido Popular na moción é certo, é certo, hai responsabilidades ao respecto, porque, xa digo, entre Alfonso XIII e o día de hoxe mira que non houbo cousas e decisións que se tiñan que tomar. Mentres que no Plan ferroviario a liña A Coruña-Vigo, se non recordo mal, era unha vía única apta para mercadorías e viaxeiros, na da Coruña-Ferrol optouse por unha vía dupla, por unha parte viaxeiros, por outra mercadorías, que non chegaba á media europea dun transporte minimamente moderno a aquela altura, que era o que se estaba metendo no Estado español, se non recordo mal era unha media de 145 km por hora e aí non o alcanzaba en ningún tempo, de ningunha maneira. E o que está claro é que a petición é plausible e nós ímola apoiar porque calquera que se suba a ese tren ve que é caro, que é lento e que é necesario facer investimentos; pero era necesario en 2000 e é necesario agora.

E tamén nos resulta curioso que estamos no mes de marzo do ano 2022, cúmprense 10 anos xustos, 10 anos xustos do primeiro debate sobre política xeral de autonomía do presidente Feijóo, e tamén se pode ir ao *Diario de Sesións do Parlamento de Galiza*, onde o presidente, aínda hoxe, do Goberno galego asumía unha proposta propia de estudar un ente ferroviario galego e tamén o mandato parlamentar de exixir as competencias en materia ferroviaria interna para a Comunidade Autónoma de Galiza. A día de hoxe, 10 anos despois, nin ente ferroviario galego, é máis, quedou no caixón do esquecemento absoluto por parte do Goberno da Xunta, nin planificación en absoluto dun sistema ferroviario interno do noso país, nin, que eu recorde, ningunha intervención do presidente da Xunta de Galiza reclamando que se cumpra esa petición de competencias en materia ferroviaria e o orzamento axeitado para acometela por parte do Goberno do Estado na transferencia.

Polo tanto, hai moitos deberes que non veñen aí explicitados que hai que facer. Pero estamos de acordo coa moción.

E tamén nos resulta curioso que diante da chegada máis cuantiosa de fondos europeos ao Estado español, e sendo estes fondos un dos eixes estratéxicos para mellorar a mobilidade e a sustentabilidade, en cuestión de mobilidade do Estado, é curioso que a Comunidade Autónoma de Galiza non teña presentado ningún proxecto ferroviario, nin de electrificación, nin de mellora da mobilidade interna de Galiza, relacionado co ferrocarril.

Porque a min gustaríame facer, e xa para rematar, unha reflexión anterior á pandemia. Xusto antes de que chegara desgraciadamente a pandemia global, o gran debate estaba nunha transición a unha mobilidade sostible onde o ferrocarril era o medio de transporte que facía máis competitivos os estados e os territorios. Evidentemente, é curioso que países que teñen moi boa dotación de vía férrea e de ferrocarril estean vendo as necesidades de incluso mellorar e ser máis competitivos nesa materia; e un país como o noso, que diseña grandes infraestruturas loxísticas, que neste territorio está aí o señor Calvelo, dende A Coruña á Costa da Morte, por

poñer un exemplo, temos un solo industrial moi competitivo, cun porto exterior etcétera, etcétera, non teñamos nin un centímetro de vía férrea, nin un centímetro de vía férrea, nin estea planificado un centímetro de vía férrea. E tamén vemos como cando toca gravemente a crise industrial a un territorio como o de Ferrolterra, estar mal planificados a nivel de infraestrutura loxística por vía férrea fainos incluso moito menos competitivos.

Polo tanto, evidentemente é unha urxencia, é unha urxencia a vía A Coruña a Ferrol, é unha urxencia mellorar esa mobilidade por ferrocarril, pero tamén hai outras urxencias que a min me gustaría que o Partido Popular, mentres que teña a responsabilidade de gobernar na Xunta, tamén as puxera na axenda diaria do Goberno galego. Demandar do Estado toda a implicación necesaria para solucionar os problemas que temos a día de hoxe, evidentemente, e sempre imos ser aliados nesa petición, pero tamén dalgunha maneira reclamar que aquí debatamos e nos poñamos os deberes, e poñamos unha axenda concreta para solucionar os problemas, porque non se trata de que sexamos nós e non outros. Quero recordar que a día de hoxe, se non recordo mal, e posiblemente ao mellor se me queda alguén polo camiño, as competencias ferroviarias internas Euskadi tenas, Cataluña tenas, pero Valencia tamén as ten e Andalucía tamén as ten. E o meu Grupo considera que nós somos unha nacionalidade histórica de primeira orde e de primeiro nivel, e témolas que reclamar con contundencia, e o orzamento necesario para que esas transferencias solucionen os problemas de Galiza.

Polo tanto –insisto–, o noso apoio á moción, todo o noso apoio, pero tamén, e eu non son de traer aquí mocións que se teñen que debater no Parlamento de Galiza, porque creo que onde se teñen que debater é onde se teñen que debater, e ademais están aprobadas polo Parlamento de Galiza. Poñámonos os deberes, poñámonos as pilas, 10 anos despois dese debate sobre a situación xeral da autonomía do presidente Feijóo, eu creo que é un bo momento para retomar os compromisos e intentar executalos, ao mellor antes de afrontar retos máis importantes para el. Eu sinceramente creo que entre Alfonso XIII e o Goberno socialista do señor Sánchez hai un período longuísimo e todos temos que tamén facer, dalgunha maneira reflexionar sobre el e intentar solucionar cousas que non demos solucionado.

Sr. García Seoane

Rápido, para dicir que eu me vou abster neste tema, e por que? Porque o falar non ten cancelas. E dicía o compañeiro Regueira que desde Alfonso XIII ata hoxe. Eu non vou tan lonxe, pero desde que hai democracia en España eu levo oíndo deste tema desde que empecei en política, desde neno, e desde que estou nas institucións lévoos oíndo cada vez que hai eleccións case todos os partidos tocan o tema, case todos. Os que xa sodes da zona sabedes que tipo de liña tedes de ferrocarril, que quedou totalmente obsoleta, que non é dicir ampliámola, non é o tema ese, porque por onde pasa xa non hai poboación, a poboación foise a outros lugares, hai medios de comunicación a montón. Hoxe poñerse en Ferrol leva un cuarto de hora-20 minutos desde aquí desde A Coruña. Por tanto estamos falando dun tren que tarda unha hora e pico en chegar a un punto calquera de destino desde Ferrol á Coruña. Paréceme que non ten moito xeito, o que pasa é que pode quedar ben á hora de falar electoralmente, pero eu creo que hai que deixarse de, non enganar no sentido maligno, pero hai que deixarse de enganar a poboación con propostas que non van a ningún lado, porque hai moito ferrocarril que solucionar aquí en Galicia de

necesidades reais, antes de abordar unha obra como esta, e digo esta porque esta non vai solucionar nada, ninguén vai montar nun ferrocarril por moi rápido que se fose, aínda que fose un ferrocarril que tardase un cuarto de hora en chegar á Coruña, pero a poboación está alonxada diso; e hoxe todo o mundo usa o coche, o monopatín, a bicicleta, a moto

Por tanto, eu creo que é perder tempo falando destas cousas que non van a ningún lado. O meu vai ser abstención.

(Abandona o salón a Sra. Castro Sánchez)

Sr. Fernández Piñeiro

Moi brevemente, agradecendo que por parte do grupo propoñente se aceptase a nosa emenda e si que é verdade que ben, eu que ademais son desa bisbarra, é unha demanda histórica de todos os veciños e veciñas da bisbarra de Ferrolterra. Sobre todo a nivel de infraestruturas hai un déficit importante e o ferroviario quizais sexa o máis importante de todos eles.

É verdade, e como ben dicía o voceiro do Bloque Nacionalista Galego e o vicepresidente desta administración, que é unha materia pendente de todos os gobernos, non só dun goberno. É dicir, non podemos facer tampouco unha valoración dos feitos tendo en conta só un espazo de tempo dos últimos tres anos, porque a situación dende logo desa vía férrea é a mesma dende a súa inauguración, con todos os gobernos que houbo ao longo de todos eses máis de 100 anos de historia que ten.

É verdade que en 2013, iso hai que recordalo, de cando era a data desa noticia, gobernaba Mariano Rajoy o Goberno do Estado e houbo unha supresión importante de liñas, suprimíronse algunhas e no caso doutras paradas mantivéronse só cunha viaxe diaria; nalgunhas delas houbo unha redución dun 84% de pasaxeiros dende esa redución de liñas. Estamos a falar de que entre o ano 2006 e o ano 2013 aproximadamente había 93.000-94.000 viaxeiros, e entre o ano 13 e o ano 18 baixamos a 53.000. E loxicamente había un goberno nese caso do Partido Popular. Quere dicir que o Partido Popular é o único responsable da situación? Non. Temos que recoñecer que os gobernos socialistas que houbo tampouco abordaron esta problemática. Polo tanto, eu penso que sería importante, para darlle credibilidade á petición que hoxe imos aprobar, que non caíamos no “y tú más” ou eu fixen moito, outro fixo pouco, porque a verdade e a realidade é que esa liña férrea está como está, e é responsabilidade de todos e todas. Polo tanto, é importante, e iso quero salientar, que coincidamos na necesidade todos os grupos desta Corporación de facer esta reclamación ao Goberno do Estado, que, se ben algúns xa vimos facendo, xa non dende agora senón incluso con gobernos anteriores do noso propio partido, pois benvidos todos os demais a esta petición, que, independentemente de quen governe en Madrid, se non se cumpre, espero que siga contando co apoio de todos os grupos.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Galego Feal

Un minuto simplemente. A ver, aquí non estamos falando da planificación ferroviaria de toda Galicia ou da planificación ferroviaria de toda España. Aquí o que

estamos vendo é a solución puntual a un problema que existe desde Alfonso XIII. É que é así, non hai máis que facer a viaxe hoxe en día. Por tanto, suprimir, evidentemente, suprimirían servizos de todo tipo e máis agora coa pandemia moitos máis, pero non se pode dicir que non se usa porque todo o mundo vai tal, non. Se non hai servizos, evidentemente non se usan, pero quero recordar que esa liña de tren sae de Ferrol, pasa por Fene, pasa por Narón, que son poboacións moi importantes. Que pasa? Que somos conscientes de que desde que hai que ir a Betanzos-Infesta evidentemente o tema se complica. Iso si é así. Entón reclamamos unha infraestrutura puntual para a solución da comunicación dese problema de Ferrol e comarca, e do Eume coa Coruña, é puntual, moi puntual, e non imos entrar en consideracións dun sistema ferroviario interno e as responsabilidades que poida ter cada un.

Nosoutros simplemente, eu aquí fágome voz nada máis do que piden e solicitan os veciños de Ferrolterra, Eume e Ortegal, porque tamén hai que pensar no FEVE, pero ben, iso agora non toca.

Sr. Presidente

Pois imos votar a moción, simplemente apuntar que esta infraestrutura, efectivamente, si é prioritaria. É prioritaria porque estrutura unha comarca que, como ben dicía o Sr. Lema, adoece de planificación, e dicía Regueira tamén, de planificación de infraestruturas que agora, cando máis as necesitamos, é cando máis se notan esas carencias.

En calquera caso, creo que o resaltaba o Sr. Fernández, é importante que ademais en cada un dos temas que sexan importantes para a provincia se manteña unha coherencia ao longo dos anos, que non poida figurar nas actas ás que facía antes referencia o Sr. García Seoane. Sobre unha infraestrutura que é estratéxica debe dar igual quen governe en Madrid, os teus ou os meus; e, polo tanto, é importante porque, se non, creo que desvirtuamos a política, desmoralizamos os nosos destinatarios, e é importante que agora que gobernan os nosos en Madrid facemos a mesma reclamación que cando governe o PP en Madrid, ou cando gobernaba o PP en Madrid. Polo tanto, é moi importante, e que quede para a historia, quen é quen e como se comporta ante os retos que ten esta provincia cada un dos grupos políticos integrantes desta Corporación.

Dicir que é importante sobre todo, Sr. García Seoane, tamén xa non só para o transporte de persoas, senón que alí o que necesitamos é unha saída de corredor de mercadorías urxente. A infraestrutura da que estamos a falar non son 100 millóns de euros, estamos a falar da orde de 1.000 millóns de euros, onde nós con realismo estamos dispostos a falar nesa planificación non de concienciar, senón de que no próximo orzamento do Estado figure unha partida importante que, como mínimo, arrinque esta infraestrutura e se poida levar a cabo e se cumpra, governe quen governe no Ministerio de Fomento na próxima lexislatura.

Creo que é imprescindible e, polo tanto, o que aquí se diga neste Pleno nese caso tamén terá reflexo e peso nas decisións orzamentarias que tome o Ministerio de Fomento de cara ao 2023.

VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 3 do BNG e 1 de Marea Atlántica))

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 2 deputados/as (1 de Alternativa dos Veciños; e 1 do PSOE en virtude do artigo 74.1 do Regulamento Orgánico).

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Popular de A Coruña, para solicitar a mellora do ferrocarril Ferrol-A Coruña"

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 21 de decembro Galicia celebrou como o gran acontecemento a chegada do AVE á cidade de Ourense, tras máis de dúas décadas de obras e un longo camiño de reivindicación política e social desta infraestrutura.

Sen deixar de celebrar esta gran nova, os veciños das comarcas de Ferrol, Eume e Betanzos non poden evitar chamar a atención sobre o contraste entre esa modernización do ferrocarril da meseta e o estado de abandono da liña de tren que presta ao noso territorio un servizo máis propio do século XIX que da actualidade.

Mentres o tempo de viaxe para percorrer os 500 km entre Ourense e Madrid se reduce a 2 horas e 15 minutos, seguen a ser necesarias 1 hora e 20 minutos para salvar os 60 km que separan Ferrol da Coruña, aproximadamente o dobre do que leva facer ese percorrido en vehículo particular e moito máis que a viaxe en autobús, tres veces mais de tempo que desprazarse entre Coruña e Santiago.

Desde hai moitos anos, tanto o tecido social como o empresarial, vén reclamando a mellora das comunicacións ferroviarias das comarcas de Ferrol, Eume e Betanzos, xa que do contrario non completaríamos nin o Eixo Atlántico de Alta Velocidade nin o Corredor Atlántico de Mercadorías.

A pesar de ser o ferrocarril unha competencia da Administración Xeral do Estado, a Xunta elaborou en 2018 un estudo sobre as necesidades de actuación para a modernización e mellora da liña entre Ferrol e A Coruña. Plantexaba o Goberno do Estado un investimento inicial de 150 millóns de euros co obxectivo de reducir o tempo de desprazamento a 50 minutos. O daquela Senador Ángel Mato preguntaba oficialmente ao Goberno do Estado o informe, tempos, prazos e orzamentos, se ben retiraba a pregunta co cambio de goberno en Madrid en xuño de 2018.

Igual que sucedeu coa autoestrada, que chegou con 20 anos de retraso, a conexión ferroviaria supón un lastre para o noso desenvolvemento económico, de emprego e social, nun momento no que temos a taxa de paro e pobreza mais altas de Galicia.

Nos últimos 3 anos o Goberno central non realizou ningunha inversión encamiñada a modernizar a conexión ferroviaria entre Ferrol e A Coruña. De feito, nos Orzamentos Xerais do Estado para este ano 2022 unicamente contempla 17.000 euros para avanzar no estudo do baipás de Betanzos-Infesta, a todas luces insuficiente para lograr mellora algunha.

A lamentable situación da infraestrutura ferroviaria entre Ferrol e A Coruña viuse

agravada co deterioro continuo da oferta de servizos por parte de Renfe, amparada pola pandemia, sen que se recuperasen aínda a día de hoxe os servizos suspendidos.

As manifestacións do secretario xeral do PSdeG, Valentín González Formoso, tamén presidente da Deputación provincial da Coruña e alcalde das Pontes, apostando por "concienciar" ao Estado sobre a necesidade de mellorar o tren Ferrol-A Coruña, en lugar de esixir unha planificación concreta de obras, son unha mostra da escasa importancia que o partido socialista concede a esta necesidade.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón neste pleno que se adopte os seguintes:

ACORDOS:

1. Demandar ao Goberno do Estado a presentación dentro deste ano dunha planificación concreta e completa a curto e a longo prazo para a modernización da liña ferroviaria entre Ferrol e A Coruña para ofrecer un tempo de viaxe competitivo que complete o Eixo Atlántico de Alta Velocidade e o Corredor de Mercadorías.
2. Demandar ao Goberno de España a incorporación aos orzamentos do 2023 do proxecto de modernización do ferrocarril Ferrol-Coruña e do importe necesario para a licitación das obras do baipás Betanzos-Infesta como primeira actuación para a mellora das comunicacións ferroviarias nestas comarcas.
3. Instar ao concello de Ferrol, a ADIF e á Xunta de Galicia a consensuar a construción da estación intermodal de Ferrol coa praia de vías necesaria para o Corredor de Mercadorías.
4. Demandar a Renfe a restitución completa da oferta de servizos ferroviarios suprimidos por mor da pandemia e completar un conxunto de frecuencias suficiente para atender as necesidades e mobilidade dos veciños destas comarcas."

Sr. Presidente

Seguente moción, presentada polo Grupo Popular, para paliar o impacto económico da invasión de Ucraína.

4.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular de A Coruña, para paliar o impacto económico da invasión de Ucraína

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia está ao carón dos esforzos que está a desenvolver a Unión Europea e os gobernos dos distintos Estados membros, incluído o Goberno de España, reivindicando o restablecemento da legalidade internacional e da paz tras a invasión de Ucraína por parte de Rusia, tendo como guía nesta crise os principios e valores democráticos e a protección dos dereitos fundamentais contemplados no Preámbulo do Tratado de constitución da Alianza do Atlántico Norte e na Constitución Europea.

De feito, desde a Comunidade galega se condena esta agresión inxustificada e se amosa unha total disposición a colaborar nunha resposta humanitaria coordinada co

Goberno central en apoio ao pobo ucráino. Neste sentido, Galicia ten comunicado a disposición de máis de 1.400 prazas de acollida para refuxiados entre as habilitadas pola Xunta, concellos e entidades sociais; ao tempo que ten ofrecido preto de 500 camas nas sete áreas sanitarias con espazo específico para pacientes pediátricos e pacientes con tratamento oncolóxico, e traballar de forma activa na axuda humanitaria.

Pero, as incertezas que se derivan desta situación, unha das máis graves vividas en Europa desde a segunda guerra mundial, están a provocar un excepcional impacto económico no tecido produtivo e nas familias, que están a facer fronte a unha escalada sen precedentes no relativo aos prezos enerxéticos, así como á escaseza dalgunhas materias primas esenciais na cadea agro-mar-industria e outras industrias. Ademais, empresas presentes nestes dous países ou que lles viñan exportando os seus produtos e servizos vense afectados por unha contracción dos seus mercados, ao igual que as localidades turísticas que acollían a súa cidadanía.

Como consecuencia, faise necesario adoptar medidas urxentes para que os sectores como a industria, o agro e o mar poidan continuar coa súa actividade, mantendo o emprego, e para que as familias poidan facer fronte e a súas facturas.

Por todo o anteriormente exposto e facendo un chamamento a todos os representantes públicos de esta Corporación e ao seu sentido do deber e a da responsabilidade, o Grupo Provincial Popular, insta ao Pleno da Deputación de A Coruña a adoptar a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

1. "A Deputación da Coruña, insta ao Goberno de España que faga efectivo o compromiso asumido na declaración pactada na Conferencia de Presidentes celebrada o domingo 13 de marzo de 2022, e poña en marcha as medidas urxentes necesarias para minimizar as consecuencias socioeconómicas nas empresas e nos cidadáns tras a invasión de Ucraína e, entre elas, as seguintes:

- a) Baixada dos impostos que gravan a electricidade, o gas, a gasolina e o gasóleo.
- b) Medidas específicas para os sectores máis afectados: transporte, industrias electrointensivas, pesca, agrogandería e turismo.
- c) Rectificar a política enerxética abrupta que se vén levando a cabo e apostar por unha transición planificada, proporcional e xusta.
- d) Reverter o incremento xeneralizado de impostos, descartando a implantación de peaxes nas autovías que suporían novas cargas para as familias e os sectores produtivos esenciais.

2. Así mesmo, a Deputación Provincial de A Coruña, insta á Xunta de Galicia a analizar, xunto cos sectores máis afectados polas consecuencias da invasión de Ucraína (transporte, industrias electrointensivas, pesca, agrogandería, turismo ...) e, en coordinación coas políticas que ao efecto se impulsen pola Unión Europea e polo Goberno de España, a poñer en marcha aquelas medidas necesarias, no ámbito das súas competencias, coa finalidade de mitigar a situación pola que atravesan os

mencionados sectores".

Sr. Ben Otero

Grazas, presidente. Bos días compañeiras e compañeiros de novo.

A situación que está a vivir o conxunto de España e por tanto Galicia é moi preocupante. Todo o Goberno debería reaccionar de forma áxil cando moitas familias observan angustiadas o seu futuro e a gran maioría dos sectores esenciais da nosa economía sofren tantas dificultades e inxedanzas.

(Regresa ao salón a Sra. Castro Sánchez).

É certo que a invasión de Ucraína está a agravar a situación económica, pero tamén o é que España leva anos sendo vítima dun proceso de encarecemento progresivo da enerxía. Os prezos da electricidade multiplicáronse por 5 dende o 2018: de 57,27 euros MW ata os prezos actuais en torno aos 300 € o MW; de ata multiplicado por dez en determinadas horas do día. Estas subidas están a producir efectos demoledores para as familias, para o sector primario, para a industria, especialmente a electointensiva, e para todo o mundo.

Así mesmo, a inflación non comezou o mes pasado. Ao peche do ano 2021 xa era dun 6,5%, a maior dos últimos 30 anos, cunha tendencia á alza que levaba consolidándose dende o pasado mes de febreiro, que xa pechou no 7,6%.

Tamén dende hai meses algún dos nosos sectores produtivos, como Stellantis e as súas empresas auxiliares, están a padecer os efectos da crise de subministracións ameazando a reactivación da economía.

Ante este panorama, que máis se necesita para que o Goberno central actúe e tome decisións? Cada día que pasa supón un día máis de perda de emprego, de empobrecemento colectivo, de destrución económica e de conflito social.

Tampouco se comprende o enfoque co que se está a abordar esta crise, como se a solución de todos os problemas estivese nas mans da Unión Europea. Só hai que ver as decisións que se adoptaron noutros países europeos no marco das súas competencias.

Francia: desconto de 15 céntimos no litro de carburante que se suma á conxelación das tarifas do gas.

Portugal: aprobado un sistema de reembolso de 10 céntimos por litro de combustible que aumenta no caso dos autobuses e dos taxis; ademais, suspéndese o imposto ao carbono e redúcese o imposto sobre os produtos petrolíferos.

Italia: aprobado un decreto que reduce 25 céntimos por litro os impostos do gasóleo e da gasolina.

Bélxica: baixada do IVE do gas, da electricidade e do combustible, pero tamén tarifas sociais e cheque de 200 € para consumidores con calefaccións de gasóleo.

Polonia: redución do IVE dos combustibles do 23% ao 8% e ampliar estas baixadas a produtos de primeira necesidade, como alimentos, gas ou fertilizantes.

Se todo isto é posible noutros países da Unión Europea, por que non se está a facer en España xa sen esperar ao 29 de marzo?

Pola súa parte, penso que a Xunta de Galicia ten adoptado xa medidas para aliviar as cargas de moitas familias, como son as seguintes:

- No Consello da Xunta do 17 de marzo púxose en marcha un plan de choque autonómico no que se axilizou o lanzamento do bono social térmico, unha medida que chegará a 66.000 fogares vulnerables, con axudas que van desde 128 a 373 € para pagar as facturas de calefacción, auga quente e cociña. Esta axuda complementábase con outra de 100 € a cada familia para contribuír a sufragar os recibos da luz.

- Decidiuse inxectar liquidez ao sector gandeiro pola vía do financiamento circulante e de anticipo de axudas, especialmente os 200 millóns de euros da PAC. Ademais reclamouse que o Banco de España autorice ás entidades financeiras a concesión dunha moratoria dun ano no pago das amortizacións dos préstamos a longo prazo que teñen vivos neste sector.

- Para o sector do mar artellouse unha subvención que sirva para compensar aos profesionais do pago de dous meses de taxas portuarias, susceptible de ampliarse en caso de persistir a situación de escalada de prezos e de bloqueo das lonxas.

- Aprobouse unha inxección extraordinaria para todo o transporte público de viaxeiros por estrada fronte á suba dos carburantes; e estase traballando na fórmula que permita estender este compromiso ao sector do transporte sanitario urxente e non urxente, así como ao sector do transporte sociosanitario e, se é necesario, ao educativo.

Na semana do 21 ao 27 de marzo as novas liñas de actuación da Xunta foron as seguintes:

- Tras o anuncio da Comisión Europea de que España recibirá 64,5 millóns de euros do fondo de crise para apoiar a gandeiros e agricultores, o Goberno central debería comprometerse a achegar outra cantidade similar, asegurando tamén que as comunidades deben facer o propio entre todas. Neste sentido, a Xunta apoiará con fondos propios e na cantidade que corresponda este sector tan importante para Galicia.

- Ampliouse noutros dous millóns de euros o programa Renova Automoción, para cambiar o coche con máis de 10 anos de antigüidade e cunhas axudas a particulares que van desde os 3.000 € ata os 4.000 € segundo o tipo de vehículo.

- Para axudar ás pequenas e medianas empresas, creouse unha nova liña de avais do IGAPE, destinada a cubrir as necesidades de liquidez e a realizar investimentos en elementos produtivos que axuden a facer fronte á actual situación.

- Activouse un programa de préstamos directos para a industria manufacturera que está a sufrir un maior impacto. Ambas as liñas suman 70 millóns de euros, que

suporán unha mobilización de 140 millóns de euros no tecido produtivo galego. Adicionalmente, para as empresas que estean a atravesar dificultades e xa contan con préstamos directos da Xunta ou avais, habilitaranse mecanismos para flexibilizalos.

- No eido enerxético, activouse o bono enerxía peme, dirixido a comercios, hostalaría e pequenas e medianas empresas, para equipamentos que reduzan o consumo enerxético cunha axuda de ata 6.000 € e cunha intensidade por axuda de ata o 80% do investimento.

- No relativo ao turismo, activouse o bono turismo, con efecto dinamizador do consumo interno.

- E para axudar ás familias a facer fronte á factura da luz, a Xunta reforza as medidas que xa tiña activas, máis de 23 millóns de euros, solicitando ao Goberno fondos para duplicar o impulso do autoconsumo eléctrico e as renovables térmicas, calefacción e auga quente.

En definitiva, a Xunta non se inhibe nesta situación, pero é o Goberno central o que ten as competencias para afrontar o conflito do transporte de mercadorías; é do Goberno central de quen depende a política enerxética do noso país que está comprometendo o futuro da maioría; e é do Goberno central a única Administración con capacidade para baixar os impostos que gravan a electricidade e os carburantes.

En definitiva, a nosa economía non pode agardar máis. O Goberno central ten que tomar exemplo das decisións que está tomando a Xunta e por iso o presidente da Xunta, na súa comparecencia parlamentaria deste 22 de marzo propuxo un decálogo de medidas urxentes ao que nós nos adherimos. Este decálogo é o seguinte:

1. Un plan de continxencia. É urxente que o Goberno central aprobe un plan de continxencia para garantir a subministración de produtos básicos á poboación. Débese afrontar a situación con todos os instrumentos ao alcance do Executivo central.

2. Máis diálogo. O Goberno debe sentarse tamén coa plataforma convocante do paro do transporte para intentar achegar posturas e chegar a unha solución.

3. Baixada de impostos.

- Debe apoiarse unha baixada de impostos da enerxía xa. É un compromiso adquirido na Conferencia de Presidentes de Palma polo propio presidente Sánchez cando se consensuou unha declaración, o Goberno central debe estender ata o final de ano as seguintes medidas fiscais xa en vigor, que vencen en xuño, a suspensión de impostos, a xeración do 7% e a redución do imposto especial eléctrico do 5,11% ao mínimo legal do 0,5%.

- Elevar á Unión Europea unha consulta para poder reducir de xeito análogo o IVE aos hidrocarburos para situalo tamén neste exercicio nun tipo reducido ou superreducido, ou ben establecer axudas para o autoconsumo.

- Reducir de forma inmediata o imposto especial aos hidrocarburos aos tipos mínimos establecidos na Directiva Europea de Fiscalidade e que complementariamente se inste á Comisión Europea a que con carácter excepcional e

transitorio acorde a supresión temporal deses tipos mínimos para así poder limitar de xeito significativo o impacto deste imposto no prezo final do gas e dos carburantes.

- Estudar a posibilidade de establecer un mecanismo para dar estabilidade no prezo eléctrico das familias.

4. Exencións á Seguridade Social. O Goberno debe explorar todas as vías á súa disposición para alixeirar a carga que están a padecer os ámbitos especialmente afectados polos prezos; entre elas abordar a exención temporal das cotizacións á Seguridade Social nos casos máis extremos.

5. Un fondo extraordinario para achegar liquidez á crise derivada da pandemia de só a reserva financeira de moitas empresas moi minguadas ou esgotadas. É urxente a posta en marcha dun fondo extraordinario para contrarrestar esta situación, así como a adopción de máis medidas, como solicitar unha moratoria dun ano nos préstamos ICO; medidas de apoio para a ampliación dos ERTE; ou acelerar a tramitación da nova Lei concursal con figuras concursais que favorezan o refinanciamento das empresas en dificultade.

6. Flexibilización dos contratos públicos. Debemos adaptar o marco normativo ao contexto actual; intensificar a flexibilización dos contratos vixentes no que ten que ver coa revisión dos prezos e prazos para axilizar os procesos de contratación das administracións públicas.

7. Axilización da posta á disposición dos fondos europeos. É imperativo que o Goberno axilice os proxectos xa anunciados e que impulse definitivamente, como acaba de facer no caso da automoción, outros PERTE en sectores claves para Galicia, como o agroalimentario, o naval, a medicina personalizada ou a aeronáutica.

8. Programas para cada sector afectado.

- Para o noso agro, bonificacións para o gasóleo ou fertilizantes. Unha redución do IVE ao 4% para compras para os produtores ou a redución dos índices de rendemento neto aplicables no método de estimación obxectiva de IRPF.

- No caso do mar, medidas análogas, a rebaixa dos impostos aos combustibles xerando axudas en base a un marco temporal excepcional no ámbito europeo, alén de atinxir rebaixas noutros elementos dos custos operativos, como as taxas portuarias nas dársenas de interese xeral do Estado.

9. A busca de novos mercados. Unha das principais dificultades que están a vivir algúns dos sectores afectados é a dependencia dos países en conflito para o abastecemento de materias primas. Ademais de facilitar a procura de novos mercados en orixe, débese traballar a medio prazo na identificación e no acceso dos mercados potenciais que resulten adecuados para redirixir a explotación dos produtos que poidan verse afectados polas posibles restricións ao comercio debido ao conflito bélico.

10. Transparencia nas negociacións europeas. Necesitamos que se está a negociar no Goberno de Bruxelas.

Para finalizar, digo evidentemente que a Xunta está a traballar, está a tomar medidas. Aquí antes falaba o Sr. Fernández de que había unha serie de medidas pero non estaban cuantificadas economicamente, trouxen algunhas aquí.

E, respecto ás emendas que presentou Marea Atlántica, non podemos aceptar unha emenda que fale de intervir e regular o prezo da electricidade, o gas e o gasóleo. Se falásemos de regular de forma temporal, por unha situación que fose conxuntural, poderíamos, pero a palabra intervir nós non podemos aceptar esta emenda.

E, respecto á emenda que presenta o Partido Socialista, ben, realmente parte no punto primeiro vén dicir o que di a nosa moción, pero eu non tería problema en aceptala *in voce* se o voceiro do Partido Socialista asumise que o acordado na Conferencia de Presidentes foi a baixada de impostos que gravan a electricidade, o gas, a gasolina e o gasóleo, que se tomaran medidas para os sectores máis afectados (transportes, industrias electrointensivas, pesca, agrogandaría e turismo), e reverter o incremento xeneralizado de impostos descartando a implantación da peaxe das autovías, que suporían novas cargas para as familias e os sectores produtivos esenciais. El comentoume que o tema do comentario sobre a transición, a política enerxética de transición ecolóxica abrupta, que el non o ve; eu, quen ven a inxustiza da transición ecolóxica bruta inxusta son os veciños de Ferrolterra basicamente e outros moitos. Pero ben, en todo caso, a favor do consenso, eu non tería problema en aceptar esta emenda se el publicamente na súa intervención recoñecese que estes tres puntos aos que teño feito mención, foron falados na Conferencia de Presidentes.

Nada máis e grazas.

Sr. Lema Suárez

Tamén é verdade que esperaba que non se aceptase a nosa emenda.

Ben, en realidade a situación que vivimos agora, agudizada pola situación, o impacto que ten a guerra en Ucraína, na suba de materias primas, entre elas o gas, o petróleo e demais, en realidade non é nova, en realidade xa estabamos padecendo esta situación antes da guerra, en realidade xa tiñamos o mercado enerxético disparatado, xa tiñamos un prezo da luz completamente en subidas enormes ao longo deste ano. En realidade xa tiñamos un problema anterior e un problema que amosa que vivimos un período das consecuencias de políticas que se tomaron hai 30 anos de privatización e desregulación do mercado enerxético. Entón, o que amosa o período actual é o seu fracaso, acentuado pola guerra de Ucraína.

É unha ficción en todos os casos a suposición, é unha utopía, digamos, dun equilibrio dun mercado libre onde se equilibran mutuamente a oferta e a demanda. É unha ficción porque está atravesado por lóxicas como a dos monopolios ou a dos oligopolios, como é o caso da enerxía, que perturban completamente este suposto funcionamento equilibrado, utópico –insisto–, da relación entre a oferta e a demanda. Máis aínda cando existe un cálculo do prezo da enerxía completamente, escandalosamente favorecedor dos intereses das enerxéticas, baseado nun dos seus factores, como é o consumo de gas, que é o minoritario na produción total, pero non obstante se utiliza como referencia para calcular o prezo da luz. Ou sexa, estamos polo tanto nun mercado que non é que sexa un mercado libre, é un mercado en realidade feito á medida dos intereses das grandes enerxéticas, e é unha situación que amosa a actual guerra a súa completa inutilidade, e que amosa ademais os efectos perniciosos –insistimos– das políticas desreguladoras e privatizadoras do sector enerxético levadas a cabo polo Goberno do señor Aznar, iniciadas, cando

menos completadas tamén, iniciadas tamén digamos conxuntamente polo Partido Socialista nos 90. Esta é a situación que vivimos agora mesmo guste ou non guste.

Entón, ante esta situación temos dous posibles paradigmas: o que propón o Partido Popular, rebaixa de impostos. Habería que dicir esa baixada de impostos indirectos como se compensaría. Porque a min, se se me di que imos rebaixar impostos indirectos ao consumo pero se compensa con impostos directos ás rendas ou patrimonios, pareceríame ben, pero falta esa parte; polo tanto, nunca acabamos de saber como compensamos o que se perde coa baixada de impostos indirectos. E despois temos o paradigma que é o que se vai usar, o que se está usando, de feito, que imos usar nós tamén, que é a vía da subvención: recadamos estes impostos e devolvémolos á sociedade, a parte dela, pola vía da subvención que vai compensar as perdas que teñen certos sectores, os sectores industriais, os sectores de transporte, pero desde logo non o sector de Juan Pueblo, que ten un coche privado, a ese non lle imos dar nada. Efectivamente, entón imos compensar aqueles que teoricamente, efectivamente teñen unha actividade económica relacionada directamente co combustible, pola vía da subvención; imos compensar e o que lle cobramos ímosllo devolver, e ímosllo devolver a aqueles, aos outros desde logo non. O cal amosa que tamén a vía da subvención, que como non hai outra dispoñible, nós desde logo non temos outro remedio que apoiar, é a que se vai levar a cabo. Pero, desde logo, tampouco resolve o problema, porque existe un problema de fondo que é o derivado da desregulación e da privatización deste sector.

O que se precisa é a intervención estatal, máis aínda en tempos de guerra, no mercado, sobre todo cando estamos falando de produtos de primeira necesidade como son a enerxía e o combustible. E é necesaria, é imprescindible, é imprescindible por tanto regular o mercado, regular ese mercado cando aínda por riba temos unha situación de guerra que o xustifica máis que nunca. Xa era ficticia, xa non existía ese equilibrio, esa virtude, ese mercado virtuoso da oferta e a demanda en tempos de paz, en tempos de guerra xa é completamente esnaquizado.

Temos, por tanto, unha sociedade secuestrada polo seu sector enerxético, á que os seus entes públicos van intervir do seguinte xeito: ben sexa pola vía da rebaixa de impostos indirectos, que non se van compensar en ningún caso, e non o dixo cando menos o voceiro do PP, por unha suba proporcional de impostos directos; ou ímolo compensar pola vía da subvención, que é entregarlle a unha parte da sociedade parte de, digamos, compensala polo impacto desta suba. Ben, evidentemente, aquí quen sae perdendo son as maiorías sociais.

Entón, nós o que pensamos é que o que precisa esta situación é basicamente a regulación e intervención no mercado, e o Estado e a propia Constitución española dispón de ferramentas para iso, que son case sempre esquecidas.

Eu creo que neste Pleno falamos de moitas cousas ás veces banais, pero unha delas é que o Estado renuncia sistematicamente, e existe un consenso enorme entre os dous grandes partidos a facelo, entre outras cousas porque teñen subscrito non facelo nos pactos de Maastricht, renuncian a intervir sobre a economía, e iso está afogando e encorando as pequenas economías domésticas. Polo tanto, pensamos que a única medida realmente efectiva tería que ser esa regulación e intervención do mercado enerxético.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Regueira Varela

Ben, a min gustaríame que tantas veces que falamos da Constitución noutros escenarios, é curioso que o meu grupo ademais é diana de ataques pedíndolle que se declare constitucionalista para sabe Dios cantas cousas ao longo dos últimos anos, e a min o que me gustaría pedirlle ao Partido Popular é que fora xustamente iso, constitucionalista. E o título VII da Constitución española, da Economía e Facenda, se non recordo mal no seu artigo 128.1, di, non sei se literalmente así pero moi parecido ao que vou dicir: que toda a riqueza do Estado, sexa cal sexa a súa forma e a súa titularidade, está supeditada ao interese xeral. Home, pois se nunha situación como a actual o interese xeral non demanda que o Estado interveña na economía facéndose garante do que di a propia Constitución diante de estados semellantes ao actual, pois non sei cando o vai facer. Acaba de citar o Sr. Lema unha situación de guerra. Home, non sei se nós podemos dicir que España está en guerra con alguén, pero si que estamos fornecendo de armamento unha guerra e, polo tanto, estamos nunha situación estraña a nivel mundial.

Polo tanto, o BNG non pode estar de acordo con empobrecer o Estado, pero é que non podemos estar de acordo ningún grupo político que temos agora representación aquí mesmo despois dos debates que acabamos de dar en empobrecer o Estado. Reducir os impostos significa que ao mellor a liña esta da Coruña-Ferrol ten que quedar para máis tarde, que imos seguir dismantelando a Seguridade Social e o sistema de saúde público, que imos recortar en educación, que imos recortar en todo tipo de prestación social... É así, señor Ben, é así; se o Estado recada menos, non pode facer fronte ao gasto social que ten por diante, porque recada menos.

Cal é a outra alternativa? Poñer un límite ao lucro, poñer un límite ao lucro. E as empresas enerxéticas deste país e de combustibles están gañando máis que nunca, están cerrando exercicios económicos históricos. Polo tanto, aquí a cuestión non está en empobrecernos todos, en empobrecer o Estado, senón en poñer un tope ao lucro das empresas, nin máis nin menos. Nós defendemos que hai que poñer ese tope ao lucro das empresas transitoriamente. Ben, poderíamos analizar no futuro se transitoriamente ou máis aló, pero é algo que están debatendo os gobernos europeos, non marxistas-leninistas, os gobernos europeos como Francia, como os países nórdicos, en intervir a economía, intervir aínda que sexa transitoriamente o nivel de lucro das empresas. Porque vostede pode reducir os impostos ás empresas e as empresas poden seguir subindo o prezo dos carburantes e da electricidade, que seguramente é o que pase, seguramente é o que pase. Polo tanto, non é quitarnos diñeiro a nós mesmos e aos cidadáns do Estado español, é poñerlle un tope ao beneficio empresarial das grandes empresas enerxéticas. E creo que iso responde claramente a unha cuestión de interese xeral, onde a sociedade está absolutamente empobrecida porque non pode pagar a enerxía que consome unha familia basicamente e as empresas non lle poden facer fronte ao gasto enerxético.

Non o digo eu, non o di o BNG, dío a Constitución española, que se pode facer. Polo tanto, xa que tantas veces se apela á nosa lealdade co texto constitucional, eu tamén pido ás forzas políticas que teñen realmente capacidade de decisión a nivel de Estado, apelo tamén a que teñan responsabilidade constitucional e

que fagan unha lectura como se merece a cidadanía e a sociedade deste país, porque quitarnos diñeiro a nós mesmos é unha mala solución, é unha mala solución porque non temos fábricas de diñeiro, e vostedes sábeno como o sabemos nós, témolo que recadar. E mal investimento estaremos facendo, mala decisión estaremos facendo se seguimos quitándonos diñeiro ás familias e ás empresas. Haberá que poñer un límite ao lucro das empresas que xestionan a enerxía neste país.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día de novo.

Non sei se o debate é tanto sobre a moción e a exposición de motivos ou sobre a exposición do Sr. Ben, que era moito máis ampla e aguerrida que a propia exposición de motivos, que é moito máis aséptica nesta moción. Pero é de agradecer que no que se vai votar, que realmente é a moción, pois se aplique esa visión un pouco máis aséptica e non a outra tan combativa.

En todo caso é importante tamén –eu lembrábame agora mesmo escoitándoo daquilo que dicía Winston Churchill, de “se escoitas a alguén falar mal de Alemaña é inglés; se escoitas a alguén falar mal de Francia, é alemán; se escoitas a alguén falar mal de Reino Unido, é francés; e se escoitas a alguén falar mal de España, é español”. Dígoo porque se citaba unha serie de medidas que estes días se escoita moito: Outros países europeos que adoptaron medidas... E, claro, a verdade é que todos e todas non temos tempo porque temos moitas ocupacións loxicamente, estamos centrados nos nosos labores, en estudar a fondo esas medidas que se propoñen doutros países e quedamos cun titular, ou moitas veces co que traslada a prensa, que tampouco ten tempo ou, polo menos, se ten tempo, non ten ganas, de pararse a estudar un pouco esas medidas. Isto dígoo porque entre as que se citaban e se poñían en valor era a de Portugal: esta mesma semana falando cun camioneiro portugués o que me dicía era que a medida ao final ao que se reducía era que tiña unha moratoria de 2 anos para facer ese pago; é dicir, agora hai unha redución que van ter que devolver dentro de 2 anos, polo tanto, non é salvarlle a vida, é deixalo vivir 2 anos máis para matalo máis adiante. É un pequeno exemplo que seguramente, se afondamos no resto de medidas que aprobaron outros países europeos, poderíamos atopar tamén contradicións similares. Polo tanto, ás veces é importante cando poñemos ese tipo de exemplos que vaíamos un pouco máis polo miúdo.

En todo caso, volvendo ao tema da moción, máis alá da exposición de motivos ou da distinta exposición de motivos que afonda moito máis alá do que se di tanto na exposición de motivos como nos propios acordos desta moción, temos presentada efectivamente unha emenda, parece ser que hai unha contrapartida que se solicita neste caso polo voceiro do Partido Popular para ser aceptada, que quere que eu asuma *in voce* algunha das cuestións que supostamente é Declaración da Palma. Entón penso que, para unha maior seguridade de todos e todas, vou ler directamente o que di a Declaración da Palma e así efectivamente non haberá ningún tipo de dúbida, porque é o documento que está baixado de Moncloa directamente. Agora, mentres vostedes falaban, tiven tempo de facelo a través de Google.

Declaración de La Palma:

La Conferencia de Presidentes, reunida en la isla de La Palma el 13 de marzo,

con el fin de impulsar la colaboración entre el Gobierno de España y los gobiernos de las comunidades y ciudades autónomas para mitigar los efectos de la guerra desencadenada en Ucrania, ha acordado expresar su condena en los términos más enérgicos a la agresión militar ilegal no provocada e injustificada de la Federación Rusa contra Ucrania, así como la participación de Bielorrusia en esta agresión. Asimismo, manifiesta su respaldo a Ucrania y su admiración por el pueblo ucraniano, que se ha convertido en un referente en la defensa de los valores democráticos.

La Conferencia de Presidentes manifiesta su unidad contra la invasión de Putin, su unidad en apoyo al Gobierno y al pueblo de Ucrania, y su unidad para hacer frente a las consecuencias que la guerra de Ucrania está teniendo en nuestro país. Para poner de manifiesto la unidad de la sociedad española en torno a la necesidad de responder a esta situación y hacer frente a todas sus consecuencias, la Conferencia de Presidentes ha adoptado la Declaración de La Palma, que se desarrolla en torno a estos cuatro ejes principales:

1. Respaldo al Gobierno de España en su posición ante el próximo Consejo Europeo que se adopten medidas para lograr una rebaja de los precios de la energía. Todas las instituciones españolas trabajarán conjuntamente para respaldar esta posición de país que beneficiará a los consumidores y a los sectores más vulnerables ante el impacto de la crisis energética.

2. Impulsar la ejecución de los fondos europeos por parte de todas las administraciones públicas; estos fondos son ahora más importantes si cabe tras el nuevo escenario económico para que España siga creciendo y creando empleo. Es esencial dejar al margen las discrepancias partidistas y aprovechar al máximo la oportunidad para que los fondos lleguen de verdad a todos los rincones de nuestro país.

3. Gestionar de forma coordinada la acogida de refugiados ucranianos que permita canalizar la ola de solidaridad que sienten los españoles hacia los ucranianos que llegan a España huyendo de la guerra. Se habilitarán medios de financiación para hacer frente a los costes que se ocasionen a este respecto.

4. Poner en marcha el Plan Nacional de respuesta a las consecuencias de la guerra en Ucrania en España. Este plan será abierto y dinámico, y será configurado a través del diálogo que el Gobierno desarrollará con las comunidades autónomas, las fuerzas parlamentarias y los agentes sociales, teniendo en cuenta los colectivos más vulnerables. Las medidas que se incorporarán al plan desarrollarán e intensificarán las ya anunciadas hasta ahora, como son las rebajas fiscales para amortiguar el impacto de los precios de la energía en los recibos que pagan familias y empresas, y otras que se puedan plantear. El Gobierno de España y las comunidades autónomas comparten la determinación para proteger a nuestras empresas, a nuestra industria y a nuestra ciudadanía. La Conferencia de Presidentes, como clave de bóveda del Estado autonómico, da así el primer paso para obrar un plan integral de respuesta a la crisis que se irá poniendo en práctica a través de los órganos de cooperación.

(Abandona o salón o Sr. Rodríguez Martínez).

Ben, pois isto é o que di a Declaración da Palma, subscrita por todos os presidentes autonómicos, incluído o presidente da Xunta de Galicia e creo que futuro

presidente do Partido Popular de España. Polo tanto, a ese respecto creo que está cuberta a petición do voceiro do Partido Popular, posto que solicita que *in voce* falar dalgún dos puntos desta declaración e acabo de deles todos eles. Polo tanto, creo que non debe haber ningún tipo de problema para que se acepte a nosa emenda.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Bueno, respecto a lo que ha dicho Regueira y Lema yo, Sr. Regueira, Sr. Lema, hay una cuestión que es importante saber; es decir, el incremento de recaudación, incremento de recaudación, del año 2021 con respecto del año 2020 por la subida del precio de los carburantes es de 1.800 millones de euros. ¿No lo sabían? ya se lo digo yo, para que sepan algo, 1.800 millones de euros de incremento por recaudación de impuestos sobre los hidrocarburos en el año 21 respecto al 20. Imagínense en este año de qué incremento estamos hablando. Yo no estoy hablando de perder recaudación el Estado sobre lo previsto, no, no; estoy hablando de que en este momento, de forma coyuntural y temporal se apliquen unos impuestos distintos y posiblemente para todo el mundo. Evidentemente, para profesionales, por supuesto, pero es que las personas que van a trabajar en su coche y no tienen otro medio de transporte también de alguna manera... Por eso, las líneas de ayudas al final no son lineales, están perjudicando a aquellas personas que tienen que coger su coche para ir a su trabajo; y sin embargo la aplicación o la disminución de los impuestos indirectos son los que más benefician a aquellas personas que tienen menos poder adquisitivo.

Claro, quiero decir, oiga, vamos a ser un poquito con estas cosas. De cada 100 € cuando llenamos un depósito, de cada 100 €, 40 es del coste de la energía, el coste del producto; 43, de los impuestos que se aplican a ese gasoil o gasolina; y un 17% del IVA, esa es la realidad. Evidentemente, regular o pedir o llegar a un acuerdo con las petroleras o con las empresas de distribución, oiga, ¿no nos puede subir este tope? Sí, pero bajemos también otros impuestos. Oiga, de cada 100 € que yo gasto en el depósito de mi coche, 40 es el producto, el resto son impuestos distintos. Claro, esto a la gente le es muy difícil de entender. Porque aquí cuando se hablaba el otro día de ayudas de 3.000 € a un camionero, un camionero con un tráiler, un tráiler, uno solo, un tráiler, al mes, funcionando lo que tiene que funcionar, tiene un incremento de coste de combustible de más de 3.000 €, en un mes, incremento de coste, no coste total, no coste total, incremento de coste.

Entonces, quiero decir, aquí podemos hablar de muchas cosas, pero el señor presidente, que ahora está ahí a sus cosas con el señor interventor, pero seguramente cuando vaya para As Pontes podrá parar en Rego do Pozo y ver la cara de los camioneros que están allí. Yo tengo compañeros que han estado permanentemente con ellos, como los de Narón, me transmiten todos los días sus inquietudes, son gente normal, gente como nosotros que han sido tildados de ultraderechistas, que han sido tildados de revolucionarios, que han sido tildados de muchas cosas. Son gente normal, como nosotros, que tienen un problema, que pierde menos dinero sin trabajar del que perdería trabajando. Y yo lo que pido es que todos tomemos decisiones lo antes posible y antes de final de mes porque, si no, mucha gente no va a llegar a final de mes, es lo único que pedimos, nada más.

¿Intervenir? Rotundamente no. ¿Regular? Habría que ver en qué términos.

Y respecto, yo, Sr. Fernández, sabe que siempre procuro la búsqueda del consenso, aunque a veces me digan que no, y yo voy a aceptar su enmienda porque entiendo que en el fondo todos queremos lo mismo, lo que pasa es que es difícil exigirle a un Gobierno que está a otras cosas, que le cuesta tomar decisiones, que tiene unos socios de gobierno complicados, que no saben a qué responder y parece que todo lo que es bajar impuestos que beneficia directamente a empresas y perjudica a los trabajadores. Eso es un error de concepto gravísimo, por lo menos en el caso este en concreto, el impuesto de los carburantes. Yo, evidentemente, acepto la enmienda.

Nada más, gracias.

Sr. Lema Suárez

Tratando de ser moi breve. A ver, nós por sistema estamos a favor dos impostos directos e en contra dos indirectos, os que gravan o consumo e afectan a todo o mundo por igual con independencia da súa renda. Polo tanto, se vostede di que quere baixar un imposto ao consumo, como é o que grava o combustible, eu celebro que o diga. Entón ten que dicirme vostede cantos tipos, ou sexa, en que medida aumentarán vostedes os impostos á renda ou os impostos ao patrimonio ou, como dicía o compañeiro Regueira antes, que gasto vai recortar vostede, porque o que non hai é maxia nas contas públicas, como nas contas privadas. Basicamente hai uns gastos que se poden subir ou baixar, e dúas fontes de financiamento, tres: impostos directos, impostos indirectos e débeda estatal. Se vostede me di que co mesmo nivel de gastos me propón unha baixada de impostos, vamos a financiarlos mediante débeda, e a débeda vaina pagar todo o mundo por igual. É dicir, eu creo que penso que podemos ter todos máis ou menos présa por saír facendo algo inmediatamente e, efectivamente a vía da subvención é a máis inmediata, non arranza, afecta á capa superior. Dicía vostede 1.800 millóns que vai recadar o Estado máis pola subida do prezo –espere, espere un momento– vai subir 1.800 millóns. Pois polo visto no acordo ao que chegaron van devolverlle 1.850 ás empresas, ao resto nada, ao resto nada. Entón, queremos unha solución? Vaiamos regular o prezo, por que non? Ademais temos unha causa de excepcionalidade, ademais está, mesmo como dicía o compañeiro Regueira, no texto constitucional, regúlese. Se ademais neste país se regulaba, se parece que temos moi pouca memoria. Había certos produtos que estaban regulados e este era un deles, entre outras cousas para asegurarse de que houbese unha homoxeneidade no mercado, que a persoa de Cuspedriños pagase o mesmo polo prezo do gasoil que a de Barcelona, cousa que non pasa e que tamén forma parte das asimetrías do Estado que cumpría reparar facendo outras lecturas.

Pero eu o que digo é que non deamos tantas voltas, home, non vaíamos aquí unicamente imputarlle ás contas públicas o custo da crise e deixar o lucro privado intocable. Fagamos as contas doutro xeito, establezamos prezos máximos, e é unha maneira moi doada de saír. E ademais pódese facer, e eu atrévome a facer unha profecía, diría que se vai acabar facendo se isto segue así, porque a espiral é insoportable, e hoxe estiveron ata agora os transportistas en folga, lexitimamente, creo que foi un erro do Estado, do Goberno, caricaturizalos como de extrema dereita porque era desde logo unha queixa e unha mobilización masiva, pero que mañá van

ser probablemente moitas outras persoas as que se sumen, porque é preciso intervir un ben esencial como este no momento no que ademais, insisto, o mercado está condicionado pola situación de guerra.

Sr. Regueira Varela

Vou citar unha aquí porque estaba lembrándome cando estaba escoitando ao Sr. Ben, estaba lembrándome dunha nova que lin antonte no diario *El País*, non da época de Alfonso XIII, senón de antonte, dunha célula peligrosísima marxista-leninista composta por tres señores: Ignacio Sánchez Galán, que é o presidente de Iberdrola; Jean Bertrán Levy, que é da empresa eléctrica francesa; e Francesco Starace, o presidente de Enel, que curiosamente Enel é o paradigma do mal que se fixo a nivel enerxético no Estado español, cando Enel, que é a máxima accionista de Endesa, é unha empresa pública italiana, e curiosamente a enerxía española depende dunha empresa pública italiana, pero, ben. Dito isto, estes tres señores pedían antonte intervir, con todas as letras, intervir o prezo do gas para poder fixar un tope ao prezo da electricidade. Non o está dicindo só o BNG ou Marea Atlántica. É dicir, o que acaba de dicir o Sr. Lema é un feito que se vai dar a medio prazo se isto –a medio ou a curtísimo prazo– se isto continua así porque non hai outra solución. Non se poden empobrecer os estados, porque empobrecer os estados significa reducir gasto en materias ultrasensibles. E eu, por moito que lles doia ás posicións e ás teses neoliberais, liberais ou o que sexa, ata o propio paradigma do liberalismo está pedindo que os estados interveñan, non queda máis remedio.

Hai un Estado que tamén é o modelo liberal económico e tal, que é Estados Unidos, que cando se enfronta a problemas moito máis pequenos que estes intervén, porque non se pode empobrecer á sociedade, hai que fixar un tope de lucro.

Sr. Ben Otero

Para acabar, es que no tenía pensado intervenir, lo que pasa es que yo soy una persona muy poco didáctica y seguramente me explico muy mal y la gente, gente muy capaz como usted, Sr. Lema, seguramente no me entiende bien porque yo tengo dificultad para expresarme y seguramente lo hago muy mal.

Yo no estoy diciendo que esté previsto que se vayan ingresar 1.800 millones de euros más, estoy diciendo que en el año 2021 se incrementó la recaudación por este concepto en 1.800 millones de euros, son hechos constatados. Y al precio que están este año los carburantes, imagínese usted, extrapole cuánto se va a incrementar.

No estamos pidiendo que el Estado pierda de ingresar, no estamos pidiendo que pierda lo que tenía previsto ingresar, no; estamos pidiendo que ajuste lo que va a ingresar a más. Lo que no puede ser es que estemos haciendo un esfuerzo cuando el año pasado usted gastaba 60 € de combustible al repostar su coche, 30 euros se iban en impuestos; este año no gasta usted 60, gasta 110, con lo cual se van 55 en impuestos, hay un más 25, una cuenta sencillita, que seguramente yo lo veo ahora con mi niño, que está en quinto e igual, me pararé mucho, igual lo entiende.

Oiga, no estoy pidiendo que pierda los 30 € que ya ingresaban, no, no. Estoy pidiendo que esos 25 a mayores de los 30 que ya ingresaba, que no repercutan en los

bolsillos de los ciudadanos, caramba, ¡por Dios! Es que hay que tomar las cosas con sensatez, pero caramba, váyase usted ahí a Sabón a hablar con los transportistas, váyase a Rego do Pozo con el señor Castrillón, que se los presenta, que es gente normalísima, que algunos hasta les habrán votado a ustedes, al señor Formoso, que siempre ha tenido en otros momentos, una relación con los transportistas de aquella zona y han hecho muchos viajes a Santiago reivindicativos, a la Xunta de Galicia. Ahora las cosas son de otra manera. Claro, no, no, no, no.

Entonces, ¿tomar decisiones? Sí. ¿Líneas de ayuda? Sí. Pero al final se están empobreciendo todos los ciudadanos de España en esta situación. Y si hay que topar el precio del combustible, pues que se tope, pero que sea el Estado quien dé el ejemplo bajando ese incremento en la recaudación, caramba, digo yo.

Nada más, gracias.

Sr. Lema Suárez

A ver, entendino perfectamente; explícase vostede moi ben. O certo é que iso xa se fixo co prezo da enerxía e da electricidade. Solicitóuselle ao Estado que rebaixase un 10% o IVE, rebaixou un 10% o IVE, e ao mes seguinte xa superara o limiar da rebaixa. Ou sexa, iso xa se fixo e non dá resultado, é que non dá resultado. Entón, ou vostede regula o mercado ou a rebaixa de impostos o único que aumenta é o lucro privado, pero é que o problema é que xa se acaba de facer e non funciona.

Sr. Fernández Piñeiro

Un pequeno matiz. Non confundamos os desexos coa realidade, Sr. Ben. O señor Formoso xa estivo no polígono do Pozo hai máis dunha semana e seino porque estaba eu con el alí e estivemos cos camioneiros. Polo tanto, segue mantendo a mesma querencia por ese sector e o seu apoio segue sendo o mesmo que era con anterioridade.

Moitas grazas.

Sr. Presidente

Ben, eu ao respecto, en calquera caso, máis alá de visitas aos camioneiros ou non visitas, aquí hai unha realidade. Eu creo que as dúas cousas son perfectamente compatibles. É dicir, o que di o Sr. Lema ten razón, esta semana despachabámonos cunha noticia que pon os pelos de punta, que a maior compañía petrolífera de Arabia Saudí, Aranco, americana e árabe, aumenta os seus beneficios un 124%, anuncia beneficios por 110.000 millóns de dólares, para que poida comprar o seu máximo accionista o París Saint-Germain e lle poida pagar a Messi pois non sei, xa perdín a conta, non sei se 1.000 millóns ou 3.000 ou 5.000, dá igual, á custa deses camioneiros. E, polo tanto, algo haberá que facer na regulación por parte da Unión Europea e pola OCDE e por parte dos países occidentais.

Eu non son intervencionista nato, pero si entendo que en circunstancias normais o Estado ten que ter unha capacidade de titorización, de vixilancia nos sectores estratéxicos e de supervisión, que é indiscutible e que se leva a cabo nos países máis avanzados a nivel europeo. Regueira falaba de DF, o presidente de DF, a

maior compañía eléctrica do mundo, noméao o Presidente da República Francesa, é pública, Enel é pública, RW é pública. Podemos falar de moitas empresas estratéxicas a nivel mundial enerxéticas que son públicas, e, polo tanto, unha presenza pública no sector creo que se mostra cada vez máis estratéxica e máis necesaria. Tamén aquí en Galicia porque, sendo certo o que dis, Sr. Ben, e estando de acordo contigo, eu creo que se está sendo lento na adopción de medidas, se está sendo pouco contundente na adopción de medidas pero, por parte de todo o mundo. Non podemos esquecer que a lei que regula o imposto especial sobre hidrocarburos é do ano 82, unha lei que impón un gravame que xestiona o Estado, pero que cede a recadación, o 58% da recadación, de cada litro e dos impostos que se cobran de cada litro, o 58% vai ás comunidades autónomas. Galicia no ano 2021 recibe 557,22 millóns de euros por ese concepto no ano 2021.

E tamén con esta subida aloucada dos combustibles, evidentemente, tamén se ven beneficiadas as arcas da Xunta de Galicia exactamente igual que o Estado. É unha competencia estatal, sen dúbida; é unha decisión que poden tomar as comunidades autónomas nas conferencias de presidentes, pedirlle ao Estado que recorte na mesma porcentaxe, que me parece unha proposta que eu comparto e que sempre defendo en público e en privado. Que como mínimo, xa por unha cuestión de ética, que esta situación non supoña maior recadación ás arcas públicas. Pero é ben doado, en Galicia nós vimos de propoñer e insistimos en que, mentres o Estado non adopta esa medida, é fácil que a Xunta de Galicia poña en marcha unha convocatoria de axudas, igual que fixemos nós hoxe mesmo por esa porcentaxe. É dicir, ese sobranse a maiores que recada pola subida dos prezos de gasóleo a Xunta de Galicia, que estimamos en 80 millóns de euros, pois que poña en marcha xa esa convocatoria de axudas.

Polo tanto, compartimos esa necesidade, esa visión a nivel estatal, a nivel autonómico e, en calquera caso, creo que os autónomos non arrancan os seus camións, non por defender unha plataforma ou por defender unha representatividade do sector, senón porque simplemente perden cartos cada vez que o arrancan. Se non, estarían arrancados, iso sen dúbida.

Imos votar.

VOTACIÓN

Votan a favor: 23 deputados/as (12 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: 5 deputados/as (3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: 1 deputado (PP en virtude do artigo 74.1 do Regulamento Orgánico).

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

Moción que presenta o Grupo Provincial Popular de A Coruña, para paliar o impacto económico da invasión de Ucraína

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia está ao carón dos esforzos que está a desenvolver a Unión Europea e os

gobiernos dos distintos Estados membros, incluído o Goberno de España, reivindicando o restablecemento da legalidade internacional e da paz tras a invasión de Ucraína por parte de Rusia, tendo como guía nesta crise os principios e valores democráticos e a protección dos dereitos fundamentais contemplados no Preámbulo do Tratado de constitución da Alianza do Atlántico Norte e na Constitución Europea.

De feito, desde a Comunidade galega se condena esta agresión inxustificada e se amosa unha total disposición a colaborar nunha resposta humanitaria coordinada co Goberno central en apoio ao pobo ucráino. Neste sentido, Galicia ten comunicado a disposición de máis de 1.400 prazas de acollida para refuxiados entre as habilitadas pola Xunta, concellos e entidades sociais; ao tempo que ten ofrecido preto de 500 camas nas sete áreas sanitarias con espazo específico para pacientes pediátricos e pacientes con tratamento oncolóxico, e traballar de forma activa na axuda humanitaria.

Pero, as incertezas que se derivan desta situación, unha das máis graves vividas en Europa desde a segunda guerra mundial, están a provocar un excepcional impacto económico no tecido produtivo e nas familias, que están a facer fronte a unha escalada sen precedentes no relativo aos prezos enerxéticos, así como á escaseza dalgunhas materias primas esenciais na cadea agro-mar-industria e outras industrias. Ademais, empresas presentes nestes dous países ou que lles viñan exportando os seus produtos e servizos vense afectados por unha contracción dos seus mercados, ao igual que as localidades turísticas que acollían a súa cidadanía.

Como consecuencia, faise necesario adoptar medidas urxentes para que os sectores como a industria, o agro e o mar poidan continuar coa súa actividade, mantendo o emprego, e para que as familias poidan facer fronte e a súas facturas.

Por todo o anteriormente exposto e facendo un chamamento a todos os representantes públicos de esta Corporación e ao seu sentido do deber e a da responsabilidade, o Grupo Provincial Popular, insta ao Pleno da Deputación de A Coruña a adoptar a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

1. A Deputación da Coruña insta ao goberno de España que faga efectivo o compromiso asumido na declaración pactada na Conferencia de Presidentes celebrada o domingo 13 de marzo de 2022, e poña en marcha as medidas urxentes necesarias para minimizar as consecuencias socio-económicas sobre as empresas e os cidadáns tras a invasión de Ucraína.

2. Así mesmo, a Deputación Provincial de A Coruña, insta á Xunta de Galicia a analizar, xunto cos sectores máis afectados polas consecuencias da invasión de Ucraína (transporte, industrias electointensivas, pesca, agrogandería, turismo ...) e, en coordinación coas políticas que ao efecto se impulsen pola Unión Europea e polo Goberno de España, a poñer en marcha aquelas medidas necesarias, no ámbito das súas competencias, coa finalidade de mitigar a situación pola que atravesan os mencionados sectores".

Sr. Presidente

Hai unha moción presentada polo Grupo Alternativa dos Veciños, respecto a unha solicitude de subvención nominativa para o Concello de Carral.

5.Moción do Grupo Alternativa dos Veciños de solicitude de subvención nominativa para o Concello de Carral

ANTECEDENTES

O Concello de Carral ten un grave problema de contaminación no río Brexa, afluente do río Mero e que á súa vez desemboca na Ría da Pasaxe. A causa deste grave problema medioambiental e de saúde pública débese ao non funcionamento da depuradora EDAR O QUENLLO, que recolle as augas residuais de todo o centro urbano de Carral.

A depuradora leva máis de 11 anos totalmente obsoleta debido a que os anteriores responsables do Goberno municipal abandonaron por completo a instalación e o seu mantemento. Dáse a circunstancia de que Augas de Galicia está a sancionar ao Concello por vertidos contaminantes sen que este organismo autonómico, responsable da colaboración cos concellos para a dotación de depuradoras, realizase ningunha acción ao longo de todo este tempo para arranxar a depuradora.

A nova depuradora, imprescindible para acabar coa actual contaminación que afecta ao río Brexa, ao río Mero e a Ría da Pasaxe, acada un importe de 4 millóns de euros. Un concello como Carral, cun importante débeda económica herdada de anteriores Gobernos municipais e cun orzamento para o ano 2021 de 5,8 millóns, non ten capacidade de asumir este gasto.

Ante a posibilidade de optar a fondos europeos Next Generation para financiar esta obra, o Goberno municipal de Carral dirixiuse a responsables do Ministerio de Transición Ecolóxica que comunicaron a posibilidade de conquistar os cartos necesarios sempre e cando sexa presentada unha solicitude en prazo inmediato, xustificando a necesidade da depuradora e incluíndo o correspondente proxecto construtivo. Os fondos procederán das Axudas para a Transición Xusta, que está previsto que se convoquen no mes de maio, tendo 2 meses para presentar os proxectos.

Dada a situación económica do Concello de Carral, engadido a que os orzamentos municipais do 2022 non están aínda aprobados.

Polo exposto o grupo provincial de Alternativa dos Veciños solicita ao Pleno da Deputación Provincial da Coruña os seguintes acordos:

Que a Deputación da Coruña conceda unha subvención nominativa de 120.000 euros ao Concello de Carral para poder contratar de inmediato o proxecto de obra da nova depuradora EDAR DO QUENLLO, para poder cumprir cos prazos establecidos polo Ministerio de Transición Ecolóxica para acceder aos fondos europeos Next Generation do programa de Axudas para a Transición Xusta e acadar os 4 millóns de euros necesarios que permitirían acabar co grave problema de contaminación existente en Carral, e que afecta a toda a comarca da Coruña.

Sr. García Seoane

Esta moción que presenteí vén dada por unha situación que existe no Concello de Carral, que ten a opción de ter unha subvención ao 100% do Estado para unha planta depuradora de fecais, valorada en catro millóns e pico de euros, e como exixencia púñanlle que ten que ter un proxecto presentado, o proxecto teno que realizar o Concello, presentado nun prazo determinado para poder optar a eses catro millóns e pico de euros.

No seu momento cónstame que desde o Concello de Carral se fixo algunha xestión para ver que posibilidade había de buscar un diñeiro para ese proxecto, dado que o Concello de Carral ten un orzamento de cinco millóns de euros, pero ten sen aprobar o orzamento deste ano, por razóns que non vou explicar aquí agora e que as saben algúns políticos que están aquí, e que non ten posibilidade neste momento de coller e dicir 120.000 euros, que é o que custa o proxecto para iso.

Entón, tiñan a idea de que na Deputación se podía facer isto, eu tamén a tiña. E na reunión do outro día dos portavoces díseme que sería bo buscar outra solución e non abrir unha porta a todos os que estamos aquí, a todos os membros da Corporación para presentar nominativas. É legal, é legal facelo, pero estimando o que se falou nesa comisión, vou retirar a moción e o que pido é que o que falamos na Comisión se cumpra para favorecer dalgún modo ao Concello de Carral. A solución que se pretendía era cambiar unha nominativa que ten agora, non é posible porque chegaría tarde igual, teno que volver acordar o Pleno, ben, hai unha serie de cousas, de circunstancias que levarían a un atraso. Están mirando de ver unha solución, esquivando cinco por aquí cinco por alí do orzamento que teñen neste momento. E o que me diría é que se cumpra o pactado e retírase, por tanto, ou proponse ao Pleno retirar esta moción.

Creo que hai que votala, non sei.

Sr. Presidente

Moi ben. Grazas, Sr. García Seoane.

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Presidente

Hai un rogo presentado por Marea Atlántica. Non, vale. Pois non sei se hai algún rogo ou pregunta máis. Si, Sr. Ben.

Sr. Ben Otero

Tengo un ruego y una pregunta. El ruego es relativo al Proyecto Hombre; el Proyecto Hombre, como todos creo que estaremos de acuerdo, hace una labor impagable en el ámbito de las adicciones, tiene un centro importante en Santiago y tienen la intención de construir un nuevo centro en A Coruña.

Esto el proyecto que lo sustenta digamos que tiene cuatro patas: una que es con el Ayuntamiento de A Coruña, el señor Lage de hecho ha tenido la firma con ellos y ha cedido los terrenos al Proyecto Hombre para una cesión de 75 años para que puedan construir allí el nuevo centro. Tiene una segunda pata, que es la de la Xunta de Galicia, que la Xunta de Galicia tendrá que poner el 50% de la cantidad total de la obra, que asciende a 6 millones de euros; ese compromiso ya lo tiene asumido la Xunta y está dispuesta a poner los tres millones de manera inmediata. Tiene una tercera pata, que es el propio Proyecto Hombre, que con sus propios medios, recursos y, digamos, llamando a todas las puertas posibles tiene la obligación o la responsabilidad de conseguir un millón y medio de euros, que la verdad que es un reto importante que se han adoptado. Y le falta la cuarta pata, que es esta Diputación.

Entonces yo, y que se me entienda perfectamente bien, no es un ruego que haga el PP, yo lo hago incluso y lo hago extensivo a todos aquellos que se quieran sumar, que yo creo que como Diputación, como institución, tenemos que estar a la altura de una organización que viene prestando un servicio que les ha salvado literalmente la vida a muchas personas. Es una institución a la que cualquier persona, independientemente de su condición económica, social, procedencia, etcétera, puede tocar y la van a atender. Creo que todos estamos obligados con muchas de estas instituciones y con esta en concreto porque por desgracia el problema de las adicciones no se ha acabado, no está bajando, sino todo lo contrario. Y yo te ruego, presidente, creo que nos debemos sumar todos, a que no le podemos dar la espalda al Proyecto Hombre y que esta institución, el siguiente MC que tenga debería aportar esa reserva de un millón y medio de euros porque se lo merecen y esperemos que nunca la tengamos que necesitar, pero si algún día nosotros o nuestros hijos o nietos lo necesitaran, ellos estarían siempre ahí. Nada más.

Y luego tengo una pregunta que es respecto al tema del PEL. Hay varios ayuntamientos que han hecho preguntas, porque el Ayuntamiento de Ordes, estos ayuntamientos tienen alguna duda respecto a la cuestión de la contratación con el tema del PEL en lo referente al Real decreto de reforma laboral aprobada en diciembre. Entonces, las preguntas básicamente que nos plantean son las siguientes. Voy a dar lectura a la pregunta tal cual porque es basada un poco en la problemática que tiene en el Ayuntamiento de Ordes y en algún otro que se ha referido a nosotros y así prefiero no desvirtuar la pregunta.

“O 15 de marzo de 2022, o alcalde de Ordes dirixe unha consulta en relación ao PEL 22 onde formulaba dúbidas contractuais para os empregados públicos ao abeiro da concesión da subvención do programa PEL Concellos 2022. O 27 de xaneiro de 2022 publicáronse no BOP as bases reguladoras do programa PEL Concellos 2022 de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia incluídos na liña 1.1 do Plan de emprego local, PEL, cunha contía total de 3.606.000 €.

A base 4.3 dentro dos requisitos de contratación dispón que as contratacións realizadas ao abeiro deste programa se regularán polo Real decreto lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía e a estabilidade do emprego e a transformación do mercado de traballo polo que se

modifican as modalidades contractuais, ademais da normativa especificada na base 1, réxime xurídico xeral das bases xerais dirixidas a concellos e outras entidades locais da provincia. Atendendo ao regulado na disposición transitoria cuarta do mencionado real decreto lei, os contratos para obras e servizos determinados e os contratos eventuais por circunstancias do mercado, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos celebrados desde o 31 de decembro de 2021 ata o 30 de marzo do 2022 rexeranse pola normativa legal ou convencional vixente na data en que se concertaron, e a súa duración non poderá ser superior a seis meses.

Durante o prazo de solicitude remitíronse varias consultas telefónicas e unha consulta por correo electrónico formulando a problemática da reforma laboral no senso de como se deberían formular os contratos suxeitos a esta subvención á vista do Real decreto lei 32/2021, do 28 de decembro. A día de hoxe non hai resposta ás dúbidas de contratación de persoal formuladas ante unha situación creada pola Deputación Provincial e que era de sobra coñecida por ela antes da citada resolución de concesión de axudas. Ademais, é legalmente imposible cumprir os prazos de contratación de empregados públicos e facer un procedemento de selección de persoal antes do 30 de marzo e poder acollerse á normativa anterior á reforma laboral.

Entón, as preguntas que facemos son tres en concreto, pero todas relacionadas con este tema, son as seguintes:

1. Tendo en conta as datas nas que estamos, teñen pensado dar resposta á situación formulada e cando?
2. Tendo en conta que moitos concellos están sen contratar o persoal, vaise ampliar o prazo da subvención máis alá do 31 de decembro de 2022? Todo isto para compensar o tempo perdido debido á problemática que se está formulando a esta Deputación.
3. Para aqueles concellos que contrataron por obra ou servizo por un prazo de seis meses segundo o disposto no citado real decreto-lei, van convocar outra liña de subvencións do citado PEL para que poidan contratar persoal por outros 6 meses?

Realmente isto trátase de dicir que temos 3.606.000 euros á disposición dos concellos para contratar xente que está no paro, o importante é isto, que hai estes cartos, e o importante é que estes cartos poidan chegar á xente que está en cuestión de desemprego. Se finalmente facemos este plan e finalmente non se pode executar e os cartos volven para a casa, ninguén gaña nada e todos perdemos todo. E, tendo en conta a situación económica que hai e de emprego laboral neste momento, penso que temos que entre todos traballar nunha solución para estes concellos todos e que a xente poida acceder a estas axudas para o emprego.

Grazas.

Sr. Rioboo Castro

Si, boa tarde.

Eu creo que coa resposta que lle vou dar imaxino que contestarei as tres preguntas. É certo que este real decreto veu causar un trastorno importante para a

contratación do PEL Concellos e que si non deixa de ser menos certo que os concellos que conseguiron antes de finalizar o mes de marzo conformar esas contratacións van ter moito máis sinxelo que aqueles concellos que non conseguiron conformar nos seus concellos un sistema óptimo de contratación.

Nós dende a Deputación provincial emitimos un comunicado a todos os concellos, estamos aínda esperando a resposta de moitos deles, para coñecer realmente cal era a casuística de cada un deles, ben aqueles que contrataran antes do mes de marzo e aqueles que puideran contratar *a posteriori*, e o certo é que, ben, dende a Deputación provincial estamos agardando aínda conformar toda esa información dende o departamento que leva o PEL Concellos.

E nese sentido tamén queremos significar que por parte dos traballadores e traballadoras do PEL se está tratando de buscar solucións neste sentido, no sentido de que tampouco podemos alterar o que é a autonomía dos propios concellos porque a interpretación que poidan facer os propios habilitados nacionais dos concellos ou o propio persoal que ten que facer as propostas de resolución para esas contratacións teñen a súa autonomía e dende o ente provincial tampouco queremos alterar esa autonomía.

Non obstante, o último que imos facer é unha consulta á Xunta de Galicia para ver se se nos permite tamén a Deputación coparticipar, porque se está interpretando aínda moito esta lei, e se podemos participar no que son os programas de promoción de emprego que ten a Xunta e que ten o Estado e que nos permitirían dalgún xeito poder contratar con todas as garantías xurídicas e dunha forma equitativa a todos os concellos sen que haxa diferenzas. Entón, estamos agardando a resposta por parte da Administración autonómica e do propio Goberno central para saber nesa resposta a esta consulta que podemos transmitir aos concellos, que non é o de Ordes, senón que son moitos os concellos que están nesta situación.

Non sei se ten algunha pregunta máis ao respecto?

Sr. Presidente

Moitas grazas a todos e todas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 15:01 horas.